



PARLAMENTO
DE GALICIA




DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

XI lexislatura
Serie Pleno
Número 71

Sesión plenaria
23 de febreiro de 2022

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



CSV: BOPGDSPG-JIYlp5zVD-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



ORDE DO DÍA (Continuación)

Punto 4. Interpelacións

4.1 25300 (11/INT-001325)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ortega Otero, Marina e Torrado Quintela, Julio

Sobre a política da Xunta de Galicia respecto do uso problemático da internet e das redes sociais por menores e adolescentes

Publicación da iniciativa, BOPG nº 236, do 01.12.2021

4.2 28312 (11/INT-001428)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, Xosé Luís e tres deputados/as máis

Sobre a política ambiental do Goberno galego

Publicación da iniciativa, BOPG nº 265, do 27.01.2022

4.3 28965 (11/INT-001445)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e dous deputados/as máis

Sobre a política do Goberno galego respecto da atención presencial na banca

Publicación da iniciativa, BOPG nº 270, do 03.02.2022

Punto 5. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta de Galicia

5.1 30529 (11/POPX-000057)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel

Sobre as liñas estratéxicas do Goberno para o desenvolvemento da enerxía eólica en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 277, do 16.02.2022

5.2 30531 (11/POPX-000058)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana

Sobre as previsións do Goberno respecto da continuación co actual modelo privatizado de residencias para persoas maiores

Publicación da iniciativa, BOPG nº 277, do 16.02.2022

Punto 6. Preguntas ao Goberno

6.1 28975 (11/POP-004287)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Suárez Sarmiento, María Elena e sete deputados/as máis

Sobre o proxecto que ten previsto acometer o Goberno galego en Vilagarcía de Arousa para mellorar o saneamento

Publicación da iniciativa, BOPG nº 270, do 03.02.2022



6.2 29952 (11/POP-004479)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pontón Mondelo, Ana e dezoito deputados/as máis**

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto do futuro da concesión da central hidroe-
léctrica Ponte do Inferno, no río Verdugo

Publicación da iniciativa polo procedemento de urxencia, BOPG nº 275, do 10.02.2022

6.3 30501 (11/PUP-000234)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Pardo López, Adrián e sete deputados/as máis**

Sobre a valoración da Xunta de Galicia do Bono Alugueiro Mozo aprobado polo Real decreto
42/2022

Publicación da iniciativa, BOPG nº 277, do 16.02.2022

6.4 30522 (11/PUP-000235)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Castro Rey, Paloma e Arangüena Fernández, Pablo**

Sobre a solicitude á valedora do pobo dun informe respecto de posibles casos de abusos a
menores por parte de persoas vinculadas a centros educativos da Igrexa Católica

Publicación da iniciativa, BOPG nº 277, do 16.02.2022

6.5 29390 (11/POP-004411)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Rodríguez Dacosta, María del Carmen e tres deputados/as máis**

Sobre a valoración do Goberno galego respecto da creación de emprego

Publicación da iniciativa, BOPG nº 275, do 10.02.2022

6.6 26559 (11/POP-003724)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Amigo Díaz, María Encarnación e seis deputados/as máis**

Sobre os novos programas que puxo en marcha a Xunta de Galicia en 2021 en desenvolve-
mento do Plan de saúde mental de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 255, do 12.01.2022

6.7 29130 (11/POP-004323)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Gallego Sanromán, María Leticia e dous deputados/as máis**

Sobre a opinión do Goberno galego respecto das medidas necesarias para mellorar a capa-
cidade asistencial do centro de saúde e do PAC do concello da Guarda

Publicación da iniciativa, BOPG nº 270, do 03.02.2022

6.8 29801 (11/POP-004464)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Prado Cores, María Montserrat e dous deputados/as máis**

Sobre as denuncias presentadas por varias mulleres por abuso sexual por parte dun médico
cando acudiron á súa consulta

Publicación da iniciativa, BOPG nº 275, do 10.02.2022



6.9 30538 (11/PUP-000237)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para evitar a saturación das urxencias hospitalarias de Ourense

Publicación da iniciativa, BOPG nº 277, do 16.02.2022



SUMARIO

Retómase a sesión ás dez da mañá.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Luis Manuel Álvarez Martínez, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as liñas estratéxicas do Goberno para o desenvolvemento da enerxía eólica en Galicia. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Álvarez Martínez (S).* (Páx. 9.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo.* (Páx. 10.)

Réplica do autor: *Sr. Álvarez Martínez (S).* (Páx. 12.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo.* (Páx. 13.)

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D^a Ana Pontón Mondelo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as previsións do Goberno respecto da continuación co actual modelo privatizado de residencias para persoas maiores. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Pontón Mondelo (BNG).* (Páx. 15.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo.* (Páx. 16.)

Réplica da autora: *Sra. Pontón Mondelo (BNG).* (Páx. 17.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo.* (Páx. 18.)

Declaración institucional

O señor presidente le unha declaración institucional, por proposta dos grupos parlamentarios, sobre o Día Mundial das Enfermidades Raras, 2022, que é aprobada por asentimento. (Páx. 20.)

Interpelación de D^a Marina Ortega Otero e D. Julio Torrado Quintela, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a política da Xunta de Galicia respecto do uso problemático da internet e das redes sociais por menores e adolescentes. (Punto cuarto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Ortega Otero (S).* (Páx. 22.)

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Universidade (Rodríguez González).* (Páx. 26.)

Réplica da autora: *Sra. Ortega Otero (S).* (Páx. 29.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Universidade (Rodríguez González).* (Páx. 32.)



Interpelación de D. Xosé Luís Rivas Cruz e tres deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a política ambiental do Goberno galego. (Punto cuarto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Rivas Cruz (BNG)*. (Páx. 34.)

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro do Medio Rural (González Vázquez)*. (Páx. 38.)

Réplica do autor: *Sr. Rivas Cruz (BNG)*. (Páx. 41.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro do Medio Rural (González Vázquez)*. (Páx. 43.)

Interpelación de D^a Noa Presas Bergantiños e dous deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a política do Goberno galego respecto da atención presencial na banca. (Punto cuarto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Presas Bergantiños (BNG)*. (Páx. 45.)

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Facenda e Administración Pública (Corgos López-Prado)*. (Páx. 49.)

Réplica da autora: *Sra. Presas Bergantiños (BNG)*. (Páx. 52.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Facenda e Administración Pública (Corgos López-Prado)*. (Páx. 54.)

Pregunta de D^a María Elena Suárez Sarmiento e sete deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre o proxecto que ten previsto acometer o Goberno galego en Vilagarcía de Arousa para mellorar o saneamento. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Suárez Sarmiento (P)*. (Páx. 56.)

Resposta da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Mobilidade (Vázquez Mourelle)*. (Páx. 57.)

Réplica da autora: *Sra. Suárez Sarmiento (P)*. (Páx. 58.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Mobilidade (Vázquez Mourelle)*. (Páx. 59.)

Pregunta de D^a Ana Pontón Mondelo e dezoito deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto do futuro da concesión da central hidroeléctrica Ponte do Inferno, no río Verdugo. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Lourenzo Sobral (BNG)*. (Páx. 60.)

Resposta da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Mobilidade (Vázquez Mourelle)*. (Páx. 61.)

Réplica do autor: *Sr. Lourenzo Sobral (BNG)*. (Páx. 62.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Mobilidade (Vázquez Mourelle)*. (Páx. 63.)

Pregunta de D. Adrián Pardo López e sete deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a valoración da Xunta de Galicia do Bono Alugueiro Mozo aprobado polo Real decreto 42/2022. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Freire Vázquez (P)*. (Páx. 64.)

Resposta da Xunta: *Sra. conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (Vázquez Mejuto)*. (Páx. 65.)

Réplica da autora: *Sra. Freire Vázquez (P)*. (Páx. 66.)



Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (Vázquez Mejuto)*. (Páx. 67.)

Pregunta de D^a Paloma Castro Rey e D. Pablo Arangüena Fernández, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a solicitude á valedora do pobo dun informe respecto de posibles casos de abusos a menores por parte de persoas vinculadas a centros educativos da Igrexa católica. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Castro Rey (S)*. (Páx. 68.)

Resposta da Xunta: *Sra. conselleira de Política Social (García Martínez)*. (Páx. 69.)

Réplica da autora: *Sra. Castro Rey (S)*. (Páx. 70.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Política Social (García Martínez)*. (Páx. 71.)

Pregunta de D^a María del Carmen Rodríguez Dacosta e tres deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a valoración do Goberno galego respecto da creación de emprego. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Rodríguez Dacosta (S)*. (Páx. 72.)

Resposta da Xunta: *Sra. conselleira de Emprego e Igualdade (Lorenzana Somoza)*. (Páx. 73.)

Réplica da autora: *Sra. Rodríguez Dacosta (S)*. (Páx. 74.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Emprego e Igualdade (Lorenzana Somoza)*. (Páx. 75.)

Pregunta de D^a María Encarnación Amigo Díaz e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre os novos programas que puxo en marcha a Xunta de Galicia en 2021 en desenvolvemento do Plan de saúde mental de Galicia. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Amigo Díaz (P)*. (Páx. 76.)

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (García Comesaña)*. (Páx. 77.)

Réplica da autora: *Sra. Amigo Díaz (P)*. (Páx. 78.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (García Comesaña)*. (Páx. 79.)

Pregunta de D^a María Leticia Gallego Sanromán e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a opinión do Goberno galego respecto das medidas necesarias para mellorar a capacidade asistencial do Centro de Saúde e do PAC do concello da Guarda. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Gallego Sanromán (S)*. (Páx. 80.)

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (García Comesaña)*. (Páx. 81.)

Réplica da autora: *Sra. Gallego Sanromán (S)*. (Páx. 83.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (García Comesaña)*. (Páx. 84.)

Pregunta de D^a María Monserrat Prado Cores e dous deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as denuncias presentadas por varias mulleres por abuso sexual por parte dun médico cando acudiron á súa consulta. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Prado Cores (BNG)*. (Páx. 85.)



Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (García Comesaña)*. (Páx. 86.)

Réplica da autora: *Sra. Prado Cores (BNG)*. (Páx. 87.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (García Comesaña)*. (Páx. 88)

Pregunta de D^a Noa Presas Bergantiños, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para evitar a saturación das urxencias hospitalarias de Ourense. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Presas Bergantiños. (BNG)*. (Páx. 89.)

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (García Comesaña)*. (Páx. 91.)

Réplica da autora: *Sra. Presas Bergantiños. (BNG)*. (Páx. 93.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (García Comesaña)*. (Páx. 94.)

Remata a sesión ás sete e vinte minutos do serán.



Retómase a sesión ás dez da mañá.

O señor PRESIDENTE: Bos días.

Imos reanudar a sesión.

Antes de dar comezo ao punto quinto da orde día, quixera saudar os alumnos de 1º e 2º de bacharelato do IES Puga Ramón, da Coruña. Benvidos ao Parlamento por estar hoxe con nós, e tamén a todos os invitados que están na tribuna.

E, sen máis, comezamos xa co punto quinto da orde do día, que son as preguntas para resposta oral do presidente da Xunta.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Luis Manuel Álvarez Martínez, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as liñas estratéxicas do Goberno para o desenvolvemento da enerxía eólica en Galicia

O señor PRESIDENTE: Cando queira, señor Álvarez.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Grazas, señor presidente.

Saúdo tamén os alumnos dese instituto da Coruña e o seu profesorado.

Señor presidente da Xunta de Galicia, señor Núñez Feijóo, hoxe non traio gráficos, porque, para gráfica, a situación do seu partido.

Traemos a este Parlamento a política eólica da Xunta de Galicia para poñer sobre a mesa a falla de planificación, a falla de eficacia e a falta de transparencia do modelo eólico do Partido Popular.

Isto está a provocar inseguridade xurídica para todos os axentes implicados, que nos revela que o seu modelo non é nin garantista, nin coñecido, nin tampouco planificado. Existe inseguridade xurídica por parte dos promotores dos parques eólicos, existe inseguridade xurídica por parte dos propietarios dos terreos, temos unha normativa obsoleta, o que provoca que esteamos infrutilizando os nosos recursos e, en definitiva, o caótico marco normativo actual foi sucesivamente parcheado de forma continua, o que confirma o fracaso do seu modelo, que se basea en bandazos e improvisacións. Porque a Xunta non está a traballar nun marco normativo que elimine todas esas irregularidades, e o máis importante, porque a Xunta de Galicia ten decenas e decenas de parques eólicos pendentes de autorización, segundo datos do Observatorio Eólico de Galicia.

A Xunta, señor Núñez Feijóo, non está cumprindo coas súas competencias á hora de facilitar o desenvolvemento eólico. Nin son eficaces, nin son transparentes, nin son garantistas. Iso si, autoindultáronse 18 meses, dándose unha moratoria a si mesmos; un ano e medio no que non admiten a trámite ningunha solicitude nova.



É increíble, señor Núñez Feijóo, que despois de toda esta desidia durante anos e anos, aínda se permitan introducir por lei a prohibición de que se presenten proxectos durante ano e medio.

E pídlle, con todo corazón, que non vaia á escusa clásica de que a nefasta xestión eólica é culpa do Goberno do Bipartito. Despois de trece anos á fronte da Xunta de Galicia, non culpe da súa ineficiente xestión en política eólica unha formación política que gobernou seis anos fronte a trinta e catro que leva o Partido Popular á fronte da Xunta de Galicia. Non se lle pode botar a culpa a esta formación do cento por cento dos problemas ocorridos en Galicia nos últimos corenta anos, porque, entón, a pregunta é: ¿que fixeron vostedes durante eses trinta e catro anos?

Señor presidente, sente a falar vostede cos axentes implicados, estableza un modelo claro en Galicia. Se vostede quere a nosa colaboración para traballar nun modelo eólico que xere un menor impacto ambiental, ecolóxico e social, busquemos un acordo. Se vostede quere que se protexa o medio rural e as persoas que habitan alí e a súa actividade económica, busquemos un acordo. Se vostede quere un modelo eólico que teña maiores beneficios para as comunidades, busquemos un acordo. Se vostede quere, en definitiva, mellorar as condicións de vida e de traballo das persoas máis vulnerables que habitan nesas contornas, busquemos un acordo.

Eu, señor Núñez Feijóo, reitérolle a nosa disposición a colaborar neses acordos, porque son acordos de país, pero o que me preocupa é se vostede está nestes momentos para iso ou non está. Quero saber se neste momento teño diante o presidente da Xunta de Galicia ou o posible novo voceiro do Partido Popular, que está pensando máis en solucionar problemas internos do seu partido que os problemas reais da cidadanía galega.

Nada máis e moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Álvarez Martínez.

Resposta do presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA (Núñez Feijóo): Moitas grazas, señor presidente.

Alégrome moito de que poida vir á Cámara a sociedade civil galega, neste caso o futuro de Galicia, os rapaces e as rapazas do Instituto Puga Ramón, da cidade da Coruña. Saúdoos.

Señor Álvarez, imos facer e seguimos facendo o que intentamos facer a maioría dos gobernos responsables que tivo Galicia: poñer en valor un dos sectores claves da enerxía da comunidade autónoma. De acordo coa Asociación Eólica Galega —que vostede cita—, este sector aportou 7.000 empregos no ano 2020. Facturamos máis de 580 millóns de euros, e recadamos máis de 130 millóns de euros anuais. Por certo, señoría, destes 130 millóns de euros anuais, máis de 23 millóns son como consecuencia do canon eólico; canon eólico concretado por este grupo parlamentario dende hai máis de dez anos, o que supuxo para as arcas municipais galegas máis de 230 millóns de euros de ingresos.



Aspiramos a que estas cifras sigan sendo mellores no futuro, e por iso plantexamos, en primeiro lugar, unha planificación ordenada. Planificar é ter un modelo; non planificar é unha ausencia de modelo. Planificar supón seguridade xurídica; é dicir onde se poden concretar os parques, onde se poden instalar os parques, que condicións teñen que cumprir e, por suposto, a prioridade da compatibilidade da enerxía eólica co resto de usos agrarios e forestais de Galicia.

O que me sorprende é que me pregunte vostede polo noso modelo. Acredita o seu partido que non ten modelo. E non ten modelo, señoría, porque a situación da enerxía, o prezo da enerxía, o prezo do gas está implantándolles e explotando a competitividade da economía española, e dunha forma máis implícita e máis intensa incluso a economía dos fogares. Polo tanto, que vostede me plantexe aquí un modelo ante a acreditación evidente de que estamos nunha crise enerxética sen precedentes en España non deixa de ser unha pregunta retórica.

Pero prosigo, señoría. Acabo de intuír que vostedes abandonan o modelo do stop aos eólicos dos seus socios nacionalistas. Vostede vén aquí dicirme que necesitamos máis enerxía eólica, que necesitamos tramitar de forma urxente os parques eólicos e que queren olvidarse das propostas nacionalistas, cando vostedes as apoian en varios concellos de Galicia, e persisten. Bueno, esa é unha proposta. Pídlle a partir de agora, señoría, que os alcaldes socialistas deixen de incentivar as plataformas en contra dos parques eólicos nos seus municipios. Pídllo formalmente.

Señoría, temos un modelo, evidentemente. Di vostede que fixemos unha moratoria. ¿Como non imos facer unha moratoria, señoría, se tiñamos 11.000 megavatios eólicos solicitados cando en Galicia só hai 3.000 instalados? Hai que preservar o medio ambiente da comunidade autónoma. Polo tanto, si á moratoria durante un ano e medio.

Fixemos unha nova limitación dos aeroxeradores: máis distanciados dos núcleos de poboación naqueles trámites que se inicien a partir da entrada en vigor da lei. ¿Sabe unha cousa, señoría? O 77,5 % do territorio galego está protexido, e aí non se poden instalar parques eólicos. ¿E sabe outra cousa? Tivemos que parar 4.000 megavatios, que o Goberno de España de forma absolutamente frívola estaba tramitando na comunidade autónoma en contra dos plans eólicos aprobados polo Goberno de Galicia.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA (Núñez Feijóo): Señoría, alégrome moitísimo de escoitar a súa proposta. Se queren vostedes un pacto para o aproveitamento dos recursos naturais da comunidade autónoma, ten a man tendida deste goberno. Se realmente queren falar en serio da tramitación coherente, da tramitación respectuosa, da tramitación cumprindo a lei, da tramitación dos lugares onde se poden instalar parques eólicos, se realmente queren facer unha política que busque autonomía enerxética de Galicia, o equilibrio climático da comunidade autónoma, ten a man tendida do Goberno. Propuxémolo dende hai varios meses, e sempre votaron que non a todo...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.



O señor PRESIDENTE DA XUNTA (Núñez Feijóo): Se agora empezan a votar que si ao sentido común, aos intereses de Galicia e á racionalidade do sistema enerxético galego, benvido, señoría, a un posible acordo, e espero que acordo de consenso por unha política enerxética na comunidade autónoma.

Moitas grazas, señorías. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor presidente.

Temos un problema aquí co reloxo. O señor vicepresidente vai encargarse. O problema é ver como poden saber vostedes o tempo. Confíen en nós. Non hai outra maneira. *(Murmurios.)*

Réplica do portavoz do Grupo Parlamentario Socialista, señor Álvarez. Correspóndenlle 2 minutos.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Grazas de novo, señor presidente

Señor presidente do Parlamento, eu confío en vostede na mesma medida en que vostede confía en min. Non temos absolutamente ningún problema.

Señor Núñez Feijóo, ¿cal é o modelo eólico do Partido Popular? Porque vostede me pregunta polo modelo eólico do Partido Socialista de Galicia, pero resulta que quen goberna, quen ten a capacidade de tomar as decisións, é vostede; é vostede desde hai trece anos, e a realidade é a que é. Este grupo parlamentario non vén trasladar ningunha realidade distinta da que existe: as queixas dos promotores, as queixas dos propietarios; as queixas, en definitiva, de todos os sectores concernidos polo desenvolvemento eólico desta comunidade autónoma.

Imos tarde, señor presidente, e vostede sábeo. Teríamos que ter pasada xa a fase de planificación e deberíamos estar hoxe xa no tempo da execución. Repítollo, senten vostedes a falar cos sectores implicados. Acordemos un novo modelo eólico para Galicia que desenvolva un plan de crecemento ordenado, respectuoso e socialmente xusto co sector eólico; un plan, en definitiva, que nos sitúe á vangarda na utilización das enerxías renovables, un plan que posibilite que nos coloquemos tamén na vangarda na posibilidade de implementar outros aproveitamentos enerxéticos de futuro, colocando a nosa comunidade autónoma dentro dos obxectivos dos proxectos estratéxicos para a recuperación e a transformación económica, como é a folla de ruta do hidróxeno renovable.

Hai poucos días, dentro desa crise na que vostedes andan inmersos, un expresidente do Goberno de Estado falaba de Ucraína. Eu non vou falar de Ucraína para facer humor negro, porque bastante dramática é a situación internacional, pero, evidentemente, esa situación internacional ten repercusións no prezo da enerxía. E vostede —e toda Europa—, entendo que como presidente dun goberno autonómico, está implicado en reducir a dependencia enerxética do noso país de fontes externas.

Señor Feijóo, preocúpame se vostede quere traballar por Galicia. Preocúpame que vostede teña empregado ás veces o Consello da Xunta de Galicia para falar dos problemas do Partido



Popular, que teña empregado un acto de Medio Rural que xa estaba convocado para falar dos problemas do Partido Popular. Preocúpame que estea máis pendente dos problemas do seu partido que dos problemas de Galicia neste momento, e este é un dos máis graves. Parece —e non teño nada que dicir— que vostede se está postulando como portavoz do Partido Popular, porque parece que pasou daquel «Galicia, Galicia, Galicia» e, por cuarta vez, Galicia, señor Balseiro, a «Madrid, Madrid, Madrid».

Señor Núñez Feijóo, preocúpame que vostede, en definitiva, teña neste momento abandonado o carballo de Conxo por un Madroño.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Álvarez.

Para o peche da pregunta, o señor presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Moitas grazas, señor presidente.

Señor Álvarez, hai que recoñecerlle que vostede fala moito máis de Madrid ca min. (*Aplausos.*) En todo caso, parece que lle interesa ese asunto.

Eu estou aquí, señoría. Comprenderá que, despois de dezaseis anos continuados falando vosdes de Madrid, esteamos un pouco aburridos sobre ese asunto. Por certo, os que sentaban aí ao lado de vostede son os que están en Madrid agora.

Señorías, ¿cal é o noso modelo eólico? Previsible, legalidade, ingresos na comunidade autónoma, impostos na comunidade autónoma, moratoria durante un ano e medio para non seguir enchendo de incongruencias e tensións o territorio de Galicia e parar o disparate da tramitación dos parques eólicos sen control do Ministerio de Medio Ambiente.

O primeiro que hai que facer é non demonizar este sector. ¿Queremos enerxía 100 % renovable? A nosa proposta é que si. ¿Queremos autonomía enerxética en Galicia? A nosa proposta é que si. Cada xigavatio/hora de enerxía eólica evita a emisión de 310 toneladas de CO₂. Polo tanto, señoría, ese é o noso modelo. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

O señor PRESIDENTE: Silencio.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ¿Cal é o modelo do Partido Socialista?, ¿o peche das cubas de Alcoa?, ¿botar a Ence da ría?, ¿o peche da central de ciclo combinado nas Pontes?, ¿o peche da central de ciclo combinado de Meirama?, ¿o peche de Alu Ibérica? ¿Esa era a proposta enerxética do Partido Socialista? ¿Dezaseis mil postos de traballo á rúa? ¿Este é o seu modelo? Non, señoría, este non pode ser o seu modelo. Pero é o que ten. ¿Cal é a nosa proposta? Señoría, ¿deixar a Ence no ámbito da zona portuaria de Marín? ¿Está de acordo con ese modelo? (*Un señor deputado:* Non.) ¿Por que pechamos a central térmica máis grande de España cando estaba cumprindo as emisións de CO₂? ¿Por que?



Señoría, é un disparate pechar unha central e volver abrila ao cabo dun mes, ¡un disparate absoluto! (*Aplausos.*) Pero non importa, señoría, o noso modelo é tramitar con seguridade xurídica e con respecto os intereses xerais de Galicia. Estamos tramitando neste momento 84 proxectos con 2.328 megavatios, que están cumprindo os trámites de información pública e os trámites de cumprimento do Plan eólico galego, a Rede de información provincial de proxectos eólicos. Reunímonos con máis de cen concellos para explicarlles a un por un o proxecto eólico, temos unha guía de tramitación dos proxectos eólicos na web, con transparencia, e temos unha oficina de información aos propietarios dos terreos, cousa que ningún goberno en España ten.

¿Cal é o seu proxecto, señor Álvarez? Vostedes están nas plataformas cos nacionalistas en contra dos parques eólicos. Cando se reúnen coa industria, todos son facilidades, e cando saímos á rúa en cada plataforma dun concello está un alcalde ou un xefe e portavoz do Partido Socialista, pero non só nos concellos onde se están poñendo os parques, senón nos concellos por onde teñen que pasar as liñas de evacuación do parque. Pontecaldelas é un bo exemplo.

Polo tanto, cando me vén pedir un pacto, e eu ofrezco ese mesmo pacto, pactemos de verdade, non fagamos demagogia, señoría. ¿Vostede está en contra da moratoria? ¿Cre que debemos seguir tramitando parques eólicos a esgalla? Temos 11.000 solicitudes de megavatios eólicos novos. ¿Pensa que debemos seguir ou que realmente debemos de parar e ver exactamente onde se poden poñer, con que seguridade xurídica...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...e con que planificación eólica temos que contar?

Señoría, escoito o seu secretario xeral dicir: «*Grupos madrileños que cotizan en Madrid quieren invertir en Galicia*». Pero, señoría, se o seu secretario xeral non é que queira que invistan en Galicia os grupos madrileños, non, o que está é a favor de que as multinacionais italianas invistan nas Pontes. (*Murmurios.*) (*Risos.*) E nós non temos nada contra iso, pero o que non podemos é aceptar a incoherencia do Partido Socialista, que me cambia de opinión cada mes. Agora ben, voume quedar coa última opinión: fagamos un pacto pola enerxía eólica planificada con respecto medioambiental en Galicia, fagámolo, señor Álvarez...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Espero que a maioría do Partido Socialista polo menos lle faga caso ao seu secretario xeral, que, de momento, parece ser que cambia a política eólica e rompe o pacto de «stop aos eólicos» cos nacionalistas.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)



O señor PRESIDENTE: Grazas, presidente.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D^a Ana Pontón Mondelo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as previsións do Goberno respecto da continuación co actual modelo privatizado de residencias para persoas maiores

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra a señora Pontón Mondelo.

A señora PONTÓN MODELO: Moitas grazas.

Moi bo día.

Quero tamén saudar os mozos e mozas que hoxe nos seguen desde esta tribuna. Eles, desde logo, son un motivo para que resignifiquemos a política co que importa, que é poñer no centro as necesidades das persoas e, desde logo, Galiza. E eu, señor Feijóo, a verdade, diríalle que, se falamos de slogans, dáme a impresión de que neste momento o que mellor lle vai xa é «Génova, Génova, Génova». (*Aplausos.*) E dígolle isto porque leva moitas horas nos últimos días dedicadas a intentar tapar a corrupción do Partido Popular, a tapar a guerra interna do Partido Popular, moitas horas centrado no Partido Popular e sen atender os problemas dos galegos e das galegas, que son moitos, entre eles, os das persoas maiores. (*Aplausos.*)

E un deses problemas é o seu modelo de residencias privatizado, que converte a vellez nun negocio. Si, e isto ten consecuencias. En Galiza temos o 85 % das prazas de residencias privatizadas, temos o menor número de prazas públicas de todo o Estado e teñen que agardar até dous anos para poder acceder a unha residencia. Esa é a situación na que viven as persoas maiores.

Desde o BNG cremos que temos a obriga ética e moral de tomar nota do que pasou durante os peores meses desta pandemia, onde un colectivo de 22.000 persoas chegou a rexistrar o 45 % dos falecementos. Por iso dicimos que hai que poñer en marcha un novo modelo de residencias onde a vellez non sexa un negocio para as empresas amigas do Partido Popular, como DomusVi. (*Aplausos.*)

E con esa responsabilidade, rexistramos nesta Cámara unha proposición de lei que quere impulsar ese novo modelo centrado no público, en que fagamos unha atención humanizada con centros pequenos onde se incrementen o persoal en todas as categorías, onde haxa un servizo de inspección que inspeccione e onde exista transparencia, que calquera cidadán deste país saiba que pasa en calquera residencia de Galiza.

E agardo, señor Feijóo, que vostede vote a favor desa proposición de lei cando se debata neste Parlamento. Bueno, temos unha incógnita, (*Risos.*) porque non sabemos se estará vostede daquela como presidente. En todo caso, o tempo o dirá, e dáme tamén que a señora Ayuso.

De todas formas, señor Feijóo, hoxe o que lle quero preguntar é se vostede tomou nota, se vai deixar atrás ese modelo de residencias privatizado que fai negocio coa vellez, que fai negocio coas familias e tamén cos galegos e coas galegas. Agardo a súa resposta e, sobre todo, agárdana as persoas maiores deste país.



Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

Resposta do presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Señor presidente.

Lamento que vostede teña esa opinión das 20.000 persoas que traballan no sector dos maiores en Galicia. Lamento que os veña calumniar unha vez máis, (*Murmurios.*) e lamento que veña desconsideralos, cando resulta que as persoas que están traballando cos maiores, tanto nas residencias como no ámbito da discapacidade, acreditaron que son uns excelentes profesionais no maior test de estrés pasado polas sociedades occidentais, que foi a pandemia.

Somos a comunidade autónoma, e estes profesionais do sector dos maiores, que mellor resistiu o virus, e por iso somos a comunidade autónoma con menor número de falecementos, en función do número de residentes de España. Vir aquí outra vez a enganar, diante, ademais, de rapaces e rapazas que están escoitando o que están dicindo, ten o obxectivo simplemente de que se vaian deste Parlamento sen saber quen di a verdade.

Mire, señoría, o número máis baixo de falecementos con respecto ao total de prazas de España teno Galicia, o 4,5 % dos usuarios; a media de España é do 10,3 %. Por tanto, retire o que dixó se quere realmente falar de protocolos serios de residencias integradas e de tempo récord de vacinación aos maiores, que foi o que fixemos en Galicia durante a pandemia.

Señoría, o noso modelo é un modelo moi claro: duplicar o número de prazas financiadas con fondos públicos. Cando chegamos, había 5.500; hoxe 13.000. Ese é o modelo: duplicar o número de prazas de maiores con fondos públicos. Pero foi o que fixemos nos centros de día, que non os duplicamos, multiplicámoslos por catro. E duplicamos os centros de Alzheimer e o número de vivendas comunitaria, e incrementamos un 44 % as prazas de residencias e un 28 % as prazas de discapacidade. En total, en Galicia había 12.000 prazas neste sector e agora hai 25.000. (*Aplausos.*)

Señoría, cando vostede me plantexa que vote a favor dunha proposición do BNG, vostede sabe perfectamente que presentamos na Cámara, coa comparecencia da conselleira e eu mesmo, o novo modelo de residencias, despois da aprendizaxe da pandemia, con maior humanización, maior información, maior uso de tecnoloxías, maior coordinación sanitaria e reformas estruturais. Se a vostede lle gusta o modelo, estamos a favor.

Mellor humanización, é dicir, favorecer a saída coas familias e as visitas das familias aos maiores; un consello asesor en cada residencia, onde haxa familiares e residentes con máis de cen prazas; un consello asesor para falar de cada unha das residencias; unha oficina autonómica de atención aos residentes e familiares; habitacións con sensores en todas as residencias; ferramentas de seguimento, de deterioración cognitiva, ferramentas de comunicación cos familiares todos os días; dixitalización dos coidados; unha historia clínica por cada usuario dunha residencia; teleasistencia; un médico de atención primaria directa-



mente comprometido con esa residencia; máis persoal sanitario nas residencias de terceira idade en función do número de usuarios; e unidades de convivencia de 25 persoas. Hai que intentar que unha residencia sexa o fogar onde viven os maiores...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...e que sexan residencias de como máximo 6 unidades de convivencia.

Señoría, este é o modelo, pero non o modelo que vostedes traen nesa proposición. Por certo, felicito parte da proposición, porque é unha copia do modelo do Partido Popular e do Goberno que presentamos no Parlamento. *(Aplausos.)* Por iso, felicíto.

Pero, por favor, señoría, non sigan vostedes coa teima da privatización. Leva vostede aquí no Parlamento non sei canto tempo e é a palabra que máis utiliza, a que máis utiliza para sanidade e a que máis utiliza para as políticas...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor, presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...sociais. É a palabra máis inútil coa que o BNG persiste e insiste. Pero a vostede non lle importa, ¿verdade? A vostedes o que lles importa é a súa ideoloxía.

Máis nada e moitas grazas, señorías. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, presidente.

Réplica, señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: Señor Feijóo, ¿sabe o que é lamentable? Que vostede veña aquí, nin escoite a miña intervención, e se dedique, como sempre, a crear unha realidade paralela e a intentar poñer na miña boca cousas que eu non dixen. As súas difamacións, señor Feijóo, son, desde logo, inaceptables, ¡inaceptables! *(Aplausos.)*

Pero tamén é inaceptable, señor Feijóo, que vostede veña aquí intentar esconderse detrás das traballadoras das residencias, que están sufrindo unha precariedade á que vostede non atende. *(Aplausos.)* Desde logo, isto non é respectar as traballadoras das residencias. *(Aplausos.)* Eu reuníme con elas, señor Feijóo, non sei se vostede tamén deu ese paso.

E, desde logo, é triste e volve fallarnos vostede vindo aquí presumir de datos de falecementos dunha pandemia. Señor Feijóo, as persoas maiores e, desde logo, os mozos e mozas que están aquí hoxe escoitándonos e que tamén teñen avós non merecen esas declaracións do presidente da Xunta, *(Aplausos.)* porque lle vou recordar un dato que é un dato relevante, señor Feijóo: doce anos de presidente, e cero residencias públicas neste país. *(Aplausos.)* Ese é o seu compromiso. *(Aplausos.)*



E teño que dicirlle que é desolador que, despois de todo o que pasou na pandemia, vostede veña aquí dicir que non vai cambiar absolutamente nada relevante e que veña aquí defender ese modelo privatizador das residencias e defender os intereses económicos de empresas amigas do Partido Popular, como é DomusVi, señor Feijóo. *(Aplausos.)* ¿Sabe que queda claro? Que para o Partido Popular a política non é servizo público, é servirse do público. *(Aplausos.)* Iso é o que está quedando claro, señor Feijóo. *(Aplausos.)*

E a cuestión é que vostede nos ten que aclarar que opina, por exemplo, de declaracións como esta: ¿é entendible que o 1 de abril de 2020, cando morrían en España 700 persoas, poida contactar coa súa irmá a señora Ayuso e recibir 283.000 euros de beneficios por vender máscaras? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Ten que aclararnos isto, e se vostede cre que isto é aceptable ou se cre que é un novo caso de corrupción do Partido Popular que hai que meter debaixo da alfombra. *(Aplausos.)*

E, mire, por honestidade política, señor Feijóo, vostede ten que aclararlles aos galegos e ás galegas se a partir de agora a súa ocupación é Galiza ou é ocuparse de tapar a corrupción do Partido Popular e de dirixir o Partido Popular. *(Aplausos.)* E, mire, eu dígolle que é lexítimo que vostede teña as aspiracións que considere, sobre todo, ademais, agora que parece que a señora Ayuso xa lle deu a súa bendición, pero é que ten que escoller: ou Galiza ou o Partido Popular, porque Galiza non é a sala de espera das súas ambicións persoais. *(Protestas.)*

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PONTÓN MONDELO: E por honestidade política...

O señor PRESIDENTE: Silencio. *(Murmurios.)*

A señora PONTÓN MONDELO: ...por honestidade de cara aos galegos e ás galegas..., *(Aplausos.)* ten que dicirlles qué escolle: ou Galiza ou o Partido Popular. *(Murmurios.)*

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

Para o peche da pregunta, o señor presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Bueno, señora Pontón, parece que quere substituír vostede o señor Néstor Rego. *(Murmurios.)* Teña vostede moito coidado, que o señor Néstor Rego é o que segue mandando. *(Aplausos.)*

Señora Pontón, di vostede que hai que elixir entre Galicia e o Partido Popular. Non, señoría, Galicia sempre elixiu o Partido Popular; *(Aplausos.)* e, en consecuencia, sempre dixo que non aos nacionalistas galegos. *(Murmurios.)* Galicia é unha terra intelixente, moderada, sensata; Galicia é unha terra que decide democraticamente o Goberno que quere. Galicia, señoría, é moito máis que unha ideoloxía pechada. Galicia é unha democracia constitucional. *(Aplausos.)*



Señoría, di vostede que non facemos residencias, que non xestionamos nada, e resulta que temos o dobre de prazas que cando chegamos ao Goberno. Resulta que neste momento tan só en proxectos públicos se están tramitando 1.000 novas prazas de residencias públicas; iso si, co voto en contra do BNG en Ourense: non á residencia pública de Ourense polo BNG. Sempre, sempre, sempre en contra; sempre, sempre, sempre, non. E por iso os galegos lles din non. ¿Por que, señoría? Porque os galegos son moito máis listos ca vostede e ca min. Míranos, obsérvannos, escóitannos e deciden. *(Aplausos.)*

Pero, con todo o respecto, sobre o afán —do que vostede fala— privatizador, dígolle, señoría, que cando gobernaban vostedes —e só estiveron catro anos— asinaron cinco contratos para a externalización das residencias da terceira idade. Voulle dar os datos: Residencia de Laraxe (Cabanas), 172 prazas, *(Murmurios.)* DomusVi, *(Murmurios.)* asinado o 1 de setembro do ano 2005; Residencia de Quiroga, 88 prazas, Fundación Valdegodos, 1 de setembro do ano 2005 *(Murmurios.)*; Residencia Viana do Bolo, Fundación Valdegodos, 125 prazas; Residencia Castro de Ribeiras do Lea, 172 prazas, DomusVi; *(Murmurios.)* *(Uns señores deputados: ¡Ala!)* Residencia de Bande, 50 prazas, DomusVi. *(Uns señores deputados: ¡Ala!)* *(Murmurios.)* Señoría, pero ¿realmente vostede vén aquí falar de externalización, de privatización cando vostedes, cando chegaron ao Goberno, o primeiro que fixeron foi externalizar as residencias? *(Aplausos.)* ¡Realmente, señoría, é unha cousa sorprendente! *(Aplausos.)*

Pero sigamos, señoría. Sigamos. Non estou falando de cando chegaron ao Goberno senón de cando gobernan. Deputación de Lugo, *(Murmurios.)* todas as residencias construídas pola Deputación de Lugo, xestionadas polo PSOE e o BNG, externalizadas. ¡Todas, actualmente! ¡Todas! *(Un señor deputado: ¡Caramba!)*

Pero sigamos falando do que fan vostedes agora, non cando estaban no Bipartito. Servizo de axuda ao fogar. *(Murmurios.)* Concellos do BNG que externalizan o servizo de axuda ao fogar, o 46,6 %; concellos do PSOE, o 45,5; concellos do PP, o 29 %. *(Murmurios.)* *(Uns señores deputados e unhas señoras deputadas: ¡Ahhh! ¡Anda!)* Pero ¿realmente quere vostede enganar a alguén?

Mire, os rapaces do instituto entenden perfectamente o que estamos dicindo, que vostede imputa a este goberno a non actualización e construción de prazas, cando é o Goberno que máis fixo; e imputa a externalización de prazas, cando vostedes son uns mestres de dicir unha cousa no Parlamento...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...e de dicir outra cousa fóra. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Agora falan de empresas. ¿DomusVi non é unha empresa coa que vostedes externalizaban as residencias? ¿Si? As residencias de Lugo son un escándalo máximo, señoría. Seleccionan o persoal e obrigan as empresas a contratar ese persoal. *(Murmurios.)* ¡Iso é lamentable! Fixeron unha oposición antes das eleccións municipais e despois deixaron os opositores fóra das residencias porque non as fixeron públicas, *(Murmurios.)* senón concertadas. *(Aplausos.)*



(Murmurios.) ¡É un escándalo sorprendente, señoría! (Aplausos.) Pero non importa, señoría.
(Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Remate.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Mire, o noso balance é coñecido...:

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...duplicamos as prazas financiadas con fondos públicos, multiplicamos por catro as axudas á dependencia e pasamos de 12.000 a 25.000 persoas atendidas nos seus fogares. ¿Queren vostedes meter a todos os maiores en residencias? Os maiores terán que elixir se queren quedar no seu fogar, con axuda; se queren quedar no seu fogar con axuda de xantar na casa; se queren ir a unha casa dos maiores nas pequenas aldeas...;

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor, presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...se queren, en definitiva, ir a esta residencia, a outra residencia ou á de aló. Pero non, señoría, hai que ir á residencia que diga o BNG...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ... xestionada como diga o BNG.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Como diga, si, pero como o fai, non.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Mire, señoría, grazas a Deus que aínda temos sentido común.

Máis nada e moitas grazas. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, presidente.

(Prolongados aplausos.)

Declaración institucional

O señor PRESIDENTE: Voulles ler agora unha declaración institucional da Federación Española e da Federación Galega de Enfermidades Raras polo *Día Mundial das Enfermidades Raras*,



2022; un acordo ao que chegaron os grupos que teñen representación nesta Cámara e que di:

«Na Unión Europea as enfermidades raras son aquelas cunha prevalencia de menos de 5 persoas por cada 10.000 habitantes. A metade das familias esperan máis de catro anos para lograren un diagnóstico, e un 20 % máis dunha década. Ademais, só un 5 % das máis de seis mil enfermidades raras teñen tratamento. Máis de trescentos millóns de persoas no mundo —3 millóns en España e 200.000 en Galicia— conviven con estas enfermidades.

O 28 de febreiro celébrase o Día Mundial das Enfermidades raras. A Federación Española e a Federación Galega de Enfermidades raras alían os seus desafíos coa alianza europea, iberoamericana e internacional. Este ano o lema da Federación Española «¿Cómo te ves en el 2030?» busca reflexionar para afrontar os seguintes retos, poñendo de relevo a importancia da equidade:

1. Actualizar a Estratexia das enfermidades raras do Sistema Nacional de Saúde. Nesta liña, Fegerec reconece o paso que supón a posta en marcha da Estratexia galega de enfermidades raras.
2. Favorecer a investigación e a súa sustentabilidade, aumentando os recursos para a investigación relacionada coas enfermidades raras no Sistema público de saúde de Galicia.
3. Garantir o acceso a probas xenéticas e técnicas de cribado neonatal en todo o territorio, este último dende o mínimo que establece o Ministerio de 10 enfermidades ata 40 nalgunha comunidade, aspirando a que Galicia se sitúe no marco superior das comunidades autónomas de España.
4. Dar continuidade ao Regulamento europeo que dende o 2011 impulsa o recoñecemento da especialidade de Xenética Clínica en España e que aínda non foi realizado.
5. Favorecer a coordinación entre os centros de referencia e outros centros sanitarios para reducir o desprazamento das familias onde se concentre a experiencia.
6. Garantir a equidade no acceso aos servizos asistenciais recollidos na carteira de servizos do Sistema nacional de saúde e nas diferentes carteiras autonómicas.
7. Fortalecemento dos servizos sociais de Galicia e construír o ansiado espazo sociosanitario.
8. Equidade na inclusión social segundo as necesidades específicas, tanto no ámbito educativo como no laboral, favorecendo a conciliación laboral e familiar do noso colectivo.

O número de pacientes con enfermidades raras en cada territorio non favorece un coñecemento suficiente para o entendemento e a abordaxe destas enfermidades. Polo que en 2021 a Resolución da ONU sobre enfermidades raras alude á importancia fundamental da equidade.



A acción de cada territorio é fundamental para lograr estes retos específicos e os obxectivos globais.

Fegerec e Feder instan as institucións competentes galegas e estatais a desenvolveren accións estratéxicas que garantan o acceso en equidade ao diagnóstico, tratamento e atención sociosanitaria, favorecendo que España asegure que as medidas da resolución da ONU se eleven á Asemblea da Organización Mundial da Saúde e que a Presidencia de España no Consello da Unión Europea se comprometa a impulsar un plan de acción europeo durante a súa presidencia no 2023.» (Apróbase por asentimento.)

Esta é a declaración.

Moitas grazas. (Aplausos.)

E agora continuamos coa orde do día, co punto 4, interpelacións.

Interpelación de D^a Marina Ortega Otero e D. Julio Torrado Quintela, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a política da Xunta de Galicia respecto do uso problemático da internet e das redes sociais por menores e adolescentes

O señor PRESIDENTE: Para formular a interpelación ten a palabra a señora Ortega.

A señora ORTEGA OTERO: Grazas, presidente.

Primeiro, quero saudar a xente nova que temos e, tendo en conta o que imos falar, intéresame moito que nos estean observando mozos e mozas, porque imos falar de redes sociais, imos falar da tecnoloxía e, por suposto, da cara boa da moeda, pero tamén da cara mala, na que seguramente se sintan identificados e identificadas con moitas das cuestións das que imos falar hoxe aquí.

Facemos esta interpelación porque consideramos que é un tema que se fala pouco no Parlamento, pero si que é verdade que temos que metelo xa na axenda política. E vou mostrar unhas declaracións da xefa da Unidade de Adicción da Universidade de Stanford, Anna Lembke. (A señora Ortega Otero mostra un documento.) «Estamos rodeados de placer. Nuestro cerebro reacciona con adicciones, depresión y ansiedad». Esta es la parte mala de la cara de la moneda, de la que también queremos hablar.

Ano 2011, a Valedoría do Pobo presentou un informe sobre adolescentes e a internet en Galicia. Ano 2019, a Facultade de Psicoloxía da Universidade de Santiago de Compostela lidera un estudo, sen precedentes no país, sobre o impacto do xogo nos menores galegos, financiado polo Plan nacional sobre drogas do Ministerio de Sanidade; ambos, liderados polo equipo do profesor Antonio Rial, pertencente á USC, a universidade galega da que tanto orgullo temos.

Marzo de 2020, inicio da pandemia. Dende Unicef España emerxe unha preocupación sobre o impacto da tecnoloxía nos menores e confía un dos seus estudos máis importantes nesta



materia sobre o mesmo equipo, un equipo galego da universidade galega que nos fai sentir orgullosos, abandeirando a nivel nacional, unha vez máis, o talento que temos nas universidades galegas, e máis nesta cuestión.

Meses máis tarde a Universidade de Cantabria leva a cabo un estudo sobre o impacto das tecnoloxías na primeira infancia e dentro do cal se menciona o concepto «nenos Amazon», aludindo á xeración de menores familiarizados coa inmediatez de resposta ás súas necesidades, desaparecendo con iso o valor da espera, arrebatando a posibilidade de motivarse por si mesmos, criados nun mundo no que predomina a fugacidade e a inminencia.

Na actualidade neuropediatras como, por exemplo, os do Hospital Sant Joan de Déu, en Barcelona, xa están informando dos chamados tiktok tics que imitan aos propios do síndrome Tourette, que causa unha deterioración funcional moi importante nos menores e amosan similitudes fenomenolóxicas con contidos dos populares vídeos de TikTok.

Outra cuestión da que se está a falar é dismorfia del *selfie*, cando as persoas afectadas se identifican máis coa imaxe dos *selfies* que coa súa propia aparencia real, debido aos filtros que, como saben, aplican algunhas redes sociais para todos coñecidas.

Temos que falar do impacto da tecnoloxía dende a infancia, e para isto quero que viaxemos no tempo para lembrarnos de cando nós eramos mozos-mozas, nenos-nenas, e podemos poñer no lugar para practicar a empatía, para poder ter a máxima dilixencia dende a empatía. ¿Como asimilariamos ese impacto tecnolóxico tan abrupto, como asimilariamos as propias restricións derivadas da pandemia dende as nosas mentes adolescentes, a privación da relación cos nosos iguais, coas amizades, de liberdade? A esas idades é tremendo asumir todas esas cuestións. E con iso o impacto tecnolóxico multiplicouse exponencialmente e agora estamos a ver moitos deses efectos. Evidentemente, como antes dicía ao principio, a cara boa da moeda, pero tamén a cara mala.

Os propios adultos somos conscientes do poder adictivo. ¿Canto tempo podemos pasar sen revisar o móbil? ¿Canto tempo podemos pasar sen ver as notificacións, sen entrar nas redes sociais, os propios adultos? Pero é que os adultos partimos de que xa temos formada a nosa personalidade, o cerebro a nivel anatómico, pero tamén a nivel mental. ¿Pero que pasa cando a xeración de nativos en redes, esa xeración que creceu co propio impacto tecnolóxico dentro do mesmo, coas capacidades cognitivas, co córtex prefrontal do cerebro, coa personalidade, co control emocional, todo iso en proceso de formación? ¿Como é o impacto neste caso? É no que temos que afondar.

Dende Galicia temos moito que facer para limitar en gran medida o uso problemático tecnolóxico sobre os menores. E grande exemplo, como dicía, é o talento que temos nas universidades galegas. Por iso temos que coller o guante e apostar por tomar como referencia estes grandes expertos para acertar no camiño da boa dilixencia que temos que ter neste caso dende Galicia para poder protexer os menores das consecuencias negativas das novas tecnoloxías e redes sociais.

Se buscan o *top ten* dos vídeos con máis visualizacións no buscador máis coñecido —que non vou citar, pero todos sabemos cal é—, o certo é que nese *top ten* os vídeos con máis visuali-



zacións corresponden a contidos dirixidos á primeira infancia. Isto dá conta do nivel do consumo que dende a propia primeira infancia, porque temos que falar dende a primeira infancia, se está a ver.

E moita xente pensará: ¿cal é o problema? Pois ben, evidentemente, partimos de que falamos da cara boa tamén, de que as tecnoloxías reportan moitos beneficios a todos os niveis, pero tamén temos que falar da outra parte.

E a evidencia estanos a advertir de que existe esoutra cara da moeda que son as consecuencias negativas do uso problemático da tecnoloxía: sedentarismo, adicción, cambios conductuais, impacto no estado de ánimo ou nas enfermidades mentais, ideación suicida. O maior perigo é normalizar todo isto e non actuar a tempo.

E preguntémonos por que dende a primeira infancia poñemos pantallas, pois loxicamente ningún pai ou nai quere facer dano ao seu fillo —iso é evidente—. Pero a propia sociedade está inmersa na corresponsabilidade coa que temos que blindar os nosos menores. Porque é certo que ás veces os pais e nais poden sentirse incómodos por exemplo cando están nun restaurante, nunha cafetería. Hai establecementos dentro da hostalería, hoteis, que incluso chegaron a prohibir o acceso a menores; é totalmente intolerable que pase isto. E, polo tanto, ás veces chégase a esa situación e normalízase de xeito preocupante.

Pero, como representantes da cidadanía, temos que ter o deber de advertir sobre as evidencias, e algunhas das conclusións destes estudos son preocupantes, porque hai riscos como o *sexting*, o *grooming*. Existe unha supervisión parental realmente baixa. Ademais, os menores teñen varios perfís dentro dunha mesma rede que sorteian ese control parental. Un 22,6 % de familias teñen discusións na casa polo uso da tecnoloxía polo menos unha vez á semana. É totalmente preocupante e temos que afondar no asunto. Estímase que dous de cada dez adolescentes poderían estar a ser vítimas de ciberacoso, un de cada catro podería ter xa un uso problemático da internet. Estamos a falar dunha cuestión totalmente preocupante e que seguramente os que nos estean escoitando —xa sexan menores, pais, nais, mestres, ámbito da saúde mental, profesionais da saúde, incluso forzas e corpos de seguridade— estanse a sentir identificados co que estamos a falar.

Antes dicíase que os nenos nacían cun pan baixo o brazo e agora pois parece que nacen cunha pantalla. Non se trata de culpabilizarnos, por suposto, porque as tecnoloxías reportan beneficios, pero temos que apostar pola didáctica que inste a dotar de ferramentas os proxenitores dentro do ámbito tamén educativo, controlar e minimizar ao máximo os riscos. É evidente que ningún pai ou nai quere danar os seus fillos.

Polo tanto, é fundamental que dende a propia Xunta de Galicia, en colaboración por suposto coas universidades, cos axentes sociais implicados, coas persoas expertas na materia, cos colexios profesionais do ámbito, exista un plan potente, con recursos, preventivo, transversal e dotado de recursos para poder executalo.

Porque recursos hai, e o certo é que realmente a Xunta de Galicia si que inviste en recursos nesta materia, e gustaríanos que fose equitativo. Porque a Xunta anuncia un investimento



de cerca dun millón de euros para impulsar a industria dos videoxogos en Galicia, (*A señora Ortega Otero mostra un documento.*) e, por suposto, estamos de acordo, porque somos punteiros nesta industria. ¿Pero para cando a prevención? Ten que ser equitativo. Á vez que estamos apostando pola industria, temos que apostar pola prevención, por ser xustos e equitativos coa cara da moeda, coa cara boa e tamén coa cara negativa, e coas consecuencias negativas que estamos a ver.

Porque algo está pasando cunha parte da poboación moza. Cada día existen máis noticias que alertan de que algo non vai ben, incluso noticias graves como a da pasada semana en Elx, que, evidentemente, é multicausal e non corresponde só a isto, pero que si abriu un debate sobre esta cuestión por parte dos expertos.

Está claro que non todos os males veñen da pandemia, si agudizou algúns, un deles moi preocupante, o tema da saúde mental da poboación infantoxuvenil. E cando falamos da saúde mental da chamada xeración Alfa, a 100 % dixital, inevitablemente temos que falar das TIC, das tecnoloxías, das novas tecnoloxías.

Onte houbo un debate nesta cámara sobre saúde mental e é desolador ver como o Partido Popular non entra en razón, como non son conscientes de que son inasumible as listas de agarda e espazos entre sesións. E, como profesionais da psicoloxía e a psiquiatría, entre os cales me atopo, queremos advertir da falta de efectividade nos tratamentos cando as listas de agarda se eternizan e os espazos entre sesións son longos, porque evidentemente pérdese a efectividade do tratamento. Invistan xa en serio en saúde mental e blinden os menores.

Galicia é a primeira comunidade autónoma en consumo de ansiolíticos, a segunda despois de Asturias en consumo de antidepresivos. Galicia e Asturias sofren tamén o maior número de suicidios. E non o digo eu, dío o Movemento Galego pola Saúde Mental en Galicia. E todos estes datos non son alleos á nosa infancia e mocidade. Por iso temos que telos presentes e, sobre todo, actuar coordinados, por suposto.

Solicitamos un plan preventivo potente e transversal, coordinado entre varias áreas...,

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora ORTEGA OTERO: ...—non pode ser que recaia só nunha área— en coordinación cunha sanidade pública que blinde e fortaleza a saúde mental infantoxuvenil. E que o número de *links* e o número de seguidores nunca condicione a autoestima dos nosos menores.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Ortega.

(*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

Resposta do conselleiro de Cultura, Educación e Universidade, don Román Rodríguez González.



O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE (Rodríguez González):
Moi bos días, señor presidente, señores deputados, señora Ortega.

A verdade é que eu non acabo de entender —sinceramente llo digo— a intencionalidade política desta interpelación. Normalmente, cando se fai unha interpelación, faise para cuestionar unha acción concreta do Goberno, faise tamén para responsabilizar o Goberno dun problema concreto.

Dígollo porque certamente neste asunto eu vexo que temos un diagnóstico tremendamente común, tremendamente compartido. Somos conscientes todos de que a tecnoloxía ten dúas caras obviamente, como case todo na vida: unha boa e unha mala. Unha cousa é o uso das tecnoloxías, outra cousa é o abuso das tecnoloxías.

E aquí saúdo os mozos e mozas que nos están vendo e que saben seguramente do que falo. Eu tamén teño uns fillos adolescentes, como pai tamén o sei, e tamén sabemos que este non é un problema exclusivo das administracións, é un problema absolutamente social, onde as familias teñen unha cota de responsabilidade tamén moi importante.

Obviamente vostede plantexou aquí como se a Xunta no ámbito das súas responsabilidades non actuase ou non tivese accións para xestionar este ámbito. Direinas a continuación. Nós traballamos dende o ámbito educativo, igual que outras consellerías e outros departamentos dende os seus ámbitos concretos, ben sexa desde a perspectiva social, ben sexa desde a perspectiva sanitaria, en prever e informar os xoves dos perigos innatos que ten un mal uso, un abuso das tecnoloxías. E certamente tamén compartimos que estamos ante un problema certamente complexo, que necesita unha visión integral e que ten unha base social altísima.

Vostede citou aquí no ámbito da súa interpelación un estudo dun compañeiro de universidade, do profesor Rial, que se presentou hai moi pouco, que puxo encima da mesa uns datos significativos. É un estudo de ámbito xeral a nivel de España e que en Galicia se centra en 19 centros educativos, con aproximadamente 3.150 enquisas.

Tamén é certo —e vostede sábeo perfectamente— que este é un tema xa debatido. Debateuse na Comisión 5ª desde unha perspectiva do ámbito social e tamén na Comisión 4ª cunha perspectiva máis educativa. En ambas as comisións púxose encima da mesa a visión ou o plantexamento que ten a Xunta de Galicia e a valoración que fai a Xunta de Galicia respecto desta problemática. Eu vouno repetir aquí: estamos e necesitamos un enfoque transversal, cunha implicación global de todos; tamén o di o propio informe do profesor Rial; debemos involucrar as familias, os propios adolescentes, os centros educativos, as industrias tecnolóxicas. É un problema global, absolutamente global.

Tamén o propio profesor nos di unha frase que creo que compartimos: que o impacto das novas tecnoloxías nos adolescentes —e insisto: aquí hai adolescentes— non é unha responsabilidade exclusiva nin dos pais nin dos centros, nin das consellerías ou departamentos competentes, senón que se trata dun problema social, no que todos debemos aportar e todos debemos ser conscientes da situación.



Como dicía, unha cuestión é o uso e outra cuestión é o abuso das novas tecnoloxías. Nós, por suposto, entendemos que o uso das tecnoloxías, as destrezas tecnolóxicas que estes mozos e mozas están adquirindo no sistema educativo, é tremendamente positivo. Positivo porque lles dá oportunidades *ad futurum* e porque —queirámolo ou non— estamos nunha sociedade tremendamente tecnolóxica onde o uso das destrezas é fundamental, xa non só no presente, senón tamén no futuro, para todos eles.

Outra cuestión é que se lle adique un excesivo tempo ou que se deixen de lado outras cuestións básicas e fundamentais para o desenvolvemento físico, emocional e mesmo mental da poboación infantil e da poboación adolescente, que se reduza o sono por culpa das novas tecnoloxías, que se faga menos deporte por culpa das tecnoloxías, que haxa menos interaccións humanas por culpa dun uso abusivo das tecnoloxías, ou se entre —xa sería o máis grave— nunha conducta de risco, nunha conduta de adicción. E por iso é clave, é fundamental a involucración das familias. E tamén falo como pai con fillos adolescentes.

Creo que aí o papel da familia na educación dos seus fillos é clave para xestionar esta cuestión. Volvo citar o profesor Rial, que di literalmente: «*Se está delegando en ocasiones en el colegio —la cita está en castelán— una educación que debería ser doméstica respecto al mal uso en gran parte de las tecnologías*».

Sobre esta cuestión, sobre este escenario, nós entendemos que a Administración non pode ser un mero observador, senón que ten que ter accións preventivas transversais nestes ámbitos (ámbito social, sanitario, educativo), e, sobre todo, como xa dixen, actuar dun modo preventivo cando se identifica algunha problemática neste ámbito.

Nós, obviamente, estámolo facendo, dende a perspectiva educativa, igual que outras consellerías dende a súa propia perspectiva. Permítanme, obviamente, que me centre no ámbito educativo, para dicir que temos iniciativas que están orientadas a reducir, a informar e a trasladar aos adolescentes que usen con sentidiño —nunca mellor dito— as novas tecnoloxías, que é necesario, sen dúbida.

Temos accións en colaboración, por exemplo o programa Navega con rumbo, co Colexio de Enxeñeiros. Temos o Plan Proxecta, onde hai diferentes accións, por exemplo Quérote+, Rapazas emprendedoras nas TIC. Todo isto vai orientado a dicir: mozos, mozas, usade as tecnoloxías, usádeas con cabeza, usádeas con sentidiño, navegade na rede obviamente, pero facédeo dun xeito seguro...

O señor PRESIDENTE: Por favor.

Perdoe un momento, conselleiro.

Deixe que remate este debate e que os mozos e mozas poidan seguir este debate, que seguro que lles interesa. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Non, non, perdón. Están no debate. Eu creo que é un tema que lles pode interesar. Entón, atrasamos un pouco, se é necesario, a outra visita, pero imos deixar que asistan a este debate.



O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE (Rodríguez González):
Moitas grazas, señor presidente.

Hai tamén outros programas, por exemplo coa propia Delegación do Goberno e a alta Inspección, o Plan director de convivencia e mellora de seguridade dos centros educativos, onde hai charlas sobre novas tecnoloxía, ciberseguridade e acoso. Hai información, hai formación, hai preocupación.

E no ámbito puramente educativo ¿que estamos facendo? Por unha parte, entendemos que estes mozos, estas mozas teñen que formarse no uso e nas destrezas e nas capacidades do mundo tecnolóxico. Este goberno lévao facendo dende o ano 2010: programa Abalar, libro dixital, E-dixgal, Eurodixital... Pero tamén temos que traballar en que haxa un bo clima de convivencia nos centros educativos, e creo que tamén temos estratexias postas en marcha neste ámbito.

No tocante ao desenvolvemento das competencias dixitais, moitos destes mozos pois usan libros dixitais, moitos están en Abalar, moitos están traballando con proxectos vencellados ao mundo dixital nos seus centros educativos. E acabamos tamén de aprobar recentemente nunha nova Estratexia de educación dixital para o ano 2030, con accións para os pais, con accións para os docentes, con accións tamén por suposto para os alumnos.

Queremos que todos sexan conscientes, que todos sexamos conscientes de que debe haber un uso con sentidiño das novas tecnoloxías e unha alfabetización tamén neste ámbito, en moitos casos para as propias familias, e intentar informar para combater a desinformación.

Nos propios centros educativos, e vencellados a esta Estratexia de educación dixital, estamos implementando un plan dixital de centros, e temos unha rede de educación dixital onde practicamente oitenta profesionais están redactando e elaborando os plans dixitais de centros para que haxa un uso das novas tecnoloxías no proceso de aprendizaxe e evitar mediante a información un abuso das mesmas.

No ámbito da convivencia, temos tamén un marco lexislativo, tanto dende a perspectiva social como dende a perspectiva educativa: a Lei de convivencia e participación da comunidade educativa e a Lei de apoio á familia e convivencia en Galicia.

Hai no ámbito de planificación a Estratexia galega de convivencia escolar, e hai accións concretas. Temos un protocolo educativo para a prevención, detección e tratamento do acoso escolar e do ciberacoso, pioneiro en España, temas que en gran parte vostede citou.

Temos unha guía de identidade dixital para formar tamén profesores, familias e alumnos.

Temos un protocolo de protección de datos, é dicir, guías para informar.

Temos tamén un panorama da situación de convivencia, a través das macroenquisas —xa levamos tres—, que constantemente facemos nos centros educativos para ter unha diagnose das situacións de convivencia. Temos datos, sabemos o que está pasando neste ámbito. E



normalmente todos os datos —tamén é certo, e creo que é un bo sinal—, todas as estatísticas nos din que os datos en España son superiores aos datos de Galicia, é dicir, temos unha mellor situación comparativa.

Temos tamén e estamos a traballar nunha nova Estratexia galega de convivencia escolar, que recolle neste ámbito unha liña específica que vai orientada ao acoso e ao ciberacoso dentro dun plan de loita contra o acoso escolar. E, por suposto, tamén anuncio que estamos traballando na revisión e na actualización do protocolo de acoso escolar e ciberacoso que citei antes.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE (Rodríguez González): Temos tamén un plan de benestar emocional, que puxemos en marcha de xeito pioneiro tras a propia pandemia.

En definitiva, señorías, señora Ortega, creo que temos un diagnóstico moi común, temos accións no ámbito educativo, igual que outras consellerías nos seus ámbitos, que están orientadas, fundamentalmente, á prevención, detección e información ao conxunto da sociedade. E temos tamén unha coincidencia en que estamos ante unha problemática de índole absolutamente social que temos que abordar cunha perspectiva integral, onde centros educativos...,

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE (Rodríguez González): ...familias e todo o conxunto da sociedade se preocupen desta situación, porque obviamente non podemos pechar os ollos ante unha realidade, pero certamente tamén a Xunta de Galicia está actuando nas súas responsabilidades para intentar xestionar esta situación do mellor xeito posible.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

(*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

Réplica, señora Ortega.

A señora ORTEGA OTERO: Grazas, presidente.

Señor conselleiro, a verdade é que me alegra moito saber que está de acordo coa nosa proposta. Esperemos que unha vez que substancie esta proposta para o próximo pleno en canto a unha moción pois que voten a favor.

Eu entendo que partimos de que todos os grupos representados nesta cámara pois estamos a favor dunha cuestión que é fundamental para blindar a saúde dos nosos menores e, por su-



posto, para traballar na prevención, porque traballar na prevención sempre supón un aforro de recursos futuros e sobre todo de xustiza, porque sabemos que os menores son o primeiro.

O que si que me sorprende é que di que non entende o sentido da interpelación, porque isto trátase de criticar algo que non vai ben do Goberno. Eu discrepo. Olvídase de que é máis importante tamén a parte propositiva que podemos facer como oposición, neste caso para propoñer e fomentar tamén un debate coa representatividade que vostede ostenta como conselleiro de Educación dentro de Galicia, que por suposto merece, para poder compartir un problema que está sobre a mesa e que os propios expertos están a dilucidar. Temos que coller ese guante para poder debater sobre a cuestión e propoñer solucións, que é o que estamos facendo. Na oposición eu como representante da cidadanía galega non só estou para criticar senón tamén para propoñer.

É verdade que xa levamos a comisión o ano pasado, á Comisión 5ª, de Sanidade, tamén á Comisión de Educación, esta proposta, e a verdade é que tivemos unha resposta, unha reciprocidade positiva tamén por parte do director xeral de Familia, que nos comentou que estaba a facer este tipo de programas, que vostede tamén nomeaba agora, pero estaremos de acordo en que non son suficientes.

O problema é non enfocalos de xeito coordinado entre consellerías, porque si que estamos percibindo que non existe unha coordinación plena entre consellerías.

Nomeaba tamén o profesor —que foi o meu profesor, por certo— Antonio Rial, o estudo tan importante que é este, (*A señora Ortega Otero mostra un documento.*) que fomentou Unicef España, e fixouse no talento que temos na universidade galega en relación con estas cuestións, co impacto da tecnoloxía na adolescencia, nas relacións riscos e oportunidades. Eu quedo coa palabra «oportunidades», porque si que é verdade que temos unha oportunidade de traballar coordinados e todos de acordo para poder levar ese plan con recursos, porque ao final sen recursos e coordinación non se sustenta nin se pode executar.

Pero repito: coordinación entre consellerías, porque a verdade é que ás veces non se vislumbra e neste caso penso que deberíamos de coordinarnos mellor.

Os nenos, como dicía antes, por natureza, xogan, son inquietos, rin, choran, non podemos cambiar a súa esencia, e así nos gustan. As pantallas poden axudar nesa forma de ser, pero a custa dun alto prezo. O sedentarismo, a adicción ás pantallas, son algunhas das consecuencias negativas para a saúde dos menores.

E —repito— tamén existen as consecuencias positivas, por suposto; partimos desa premisa. As redes sociais, a internet, as novas tecnoloxías, teñen un cauce positivo moi importante, en moitos ámbitos, e na pandemia vimos que podemos interactuar coas persoas maiores, para que non tiveran ese plus de soidade que ofreceu a pandemia. Puidemos falar tamén coa nosa familia, puidemos falar cos nosos amigos, cos nosos veciños, etc., grazas á tecnoloxía.

Claro que ten cousas positivas —faltaría máis—, pero aquí queremos centrarnos en como prever as negativas. E cónstame que dentro do ámbito educativo o profesorado está real-



mente preocupado pola cuestión, están traballando formándose tamén para poder previr isto. E, por suposto, as familias tamén están preocupadas e os que somos pais e nais, evidentemente, estamos preocupados por esta cuestión. Por iso decidimos traer aquí a cuestión.

Tamén se citaba o profesor Antonio Rial, da Universidade de Santiago de Compostela, artífice e líder deste plan, que está a comentarnos que faltan moitísimas cuestións por facer, ten moitísima ideas para levar a cabo este plan.

Tivemos unha reunión por parte de todos os grupos, varias reunións, con Unicef, e o cometido versaba sobre esta cuestión. Entón, si que falta moitísimo por facer, e hai que enfocalo de xeito transversal a todas as áreas e empacar todas esas cuestións que se están a facer de xeito illado nun plan que sexa moitísimo máis efectivo para espremer os recursos neste caso.

E outra cuestión que tamén nos comentan: a folla de ruta que están levando a cabo os técnicos de prevención con este tipo de programas está moi desactualizada, temos que actualizala. E nese tipo de cuestións é onde queremos afondar.

Por iso —repito— non queremos tampouco estigmatizar as redes nin a tecnoloxía, pero si alertar sobre os problemas que están a ofrecer sobre os nosos menores, e queremos blindar os nosos menores, e alí onde teñamos un altavoz, onde poidamos ofrecer e comunicar as nosas propostas, temos que poñer o debate sobre a mesa.

Por todo isto é urxente ese plan preventivo, coordinado, entre universidades, administración, educación, deporte, que son referentes para os nosos nenos e nenas eses deportistas, o mundo do fútbol, que se implique tamén para poder ofrecer...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora ORTEGA OTERO: ...como referentes e como modelos deses nenos e nenas o uso da tecnoloxía responsable e saudable.

Por todo iso, remato como empecei: non queremos que a autoestima ou o autoconceito dos nosos menores se mida no número de *links* ou no número de seguidores. Por iso cremos que as redes sociais son positivas sempre e cando fagamos un uso da prevención e apostemos recursos pola prevención e, por suposto, en coordinación coa saúde mental e co ámbito tamén das políticas sociais...,

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora ORTEGA OTERO: ...que penso que aí estamos a fallar.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Ortega.

Peche desta interpelación, conselleiro de Cultura, Educación e Universidade.



O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE (Rodríguez González):
Moitas grazas, señor presidente.

Señora Ortega, como xa lle dixen, dende o Goberno galego levamos xa tempo traballando nesta materia, neste problema que nos preocupa.

E tamén saúdo os novos alumnos, os novos mozos e mozas, estes un pouquiño máis novos de idade, que acaban de chegar ao hemiciclo.

Levamos tempo traballando, fomos pioneiros en España cando puxemos en marcha o protocolo de acoso e ciberacoso, tamén o fomos cando puxemos o Plan de benestar emocional o ano pasado nos centros educativos.

E creo que compartimos a diagnose do escenario. Obviamente, todos somos conscientes de que o risco cero non existe, que o uso e o abuso son cousas diferentes, que necesitamos un enfoque transversal, un enfoque —digamos— xeral que nos involucre ao conxunto da sociedade, ás familias, cun papel fundamental para as familias.

Temos xa un marco normativo, creo que sólido, tanto a Lei de convivencia e participación no ámbito educativo como tamén a Lei de apoio á familia e convivencia en Galicia.

Debemos traballar en positivo. Isto é unha problemática que transcende o ámbito puramente político-administrativo. Debemos involucrar as familias, os centros, as institucións, todas, as industrias tamén, as propias industrias tecnolóxicas, e, sobre todo, concienciar os mozos e as mozas de hoxe de que é necesario ter destrezas tecnolóxicas, é necesario usar e buscar as oportunidades que dá o mundo tecnolóxico, pero temos que facelo con prudencia, sen caer nas trampas ou nas problemáticas que nos pode xerar o abuso do mundo tecnolóxico.

Temos que usar as redes e as tecnoloxías con responsabilidade. Temos que pór en marcha medidas e accións preventivas. Temos que dotar os xoves de hoxe, que serán os galegos e as galegas de mañá, de competencias dixitais. Estámolo facendo a través da Estratexia educación dixital 2030, que reforza, que é un novo paso, un novo pulo no esforzo que durante moito tempo leva facendo a Xunta de Galicia no ámbito das nosas tecnoloxías, no ámbito do uso das novas tecnoloxías.

Temos que mellorar sempre a convivencia nos centros educativos. Conviven nos centros educativos ao redor de medio millón de persoas, que todos os días entran e saen (pais, profesores, persoal non docente), algúns de moi diferentes idades, e debemos lograr que haxa un bo clima.

Por suposto, hai cousas que sempre se poden mellorar, non o negamos, sempre hai cousas que se poden mellorar. Temos feito moitísimo nos últimos anos, pero sempre hai cousas por facer. En formación do profesorado, en prevención, en detección, sempre hai cousas que mellorar. Pero tamén é certo que se levan feito nos últimos anos moitas cuestións.



Pero todo isto —insisto—, todo o que faga a Administración, a educativa, a de política social, a sanitaria, os concellos, non valerá de nada se non hai unha implicación real e constante das familias, unha conciencia por parte das familias.

Un dato que saíu a raíz deste informe da Unicef é que a media noite unha porcentaxe bastante significativa —non lembro o dato— de nenos e nenas e mozos e mozas estaban na habitación co seu móbil, algúns en páxinas non recomendables, obviamente. Os alumnos, eses mozos, eses adolescentes, saben que non se debe facer iso, pero obviamente na responsabilidade de que estean a altas horas da noite nas súas habitacións mal usando as novas tecnoloxías, en páxinas non recomendables, é lóxico que aí ten que haber unha involucración e unha participación das familias; se non, non se dá feito nada.

De nada vale que nos centros educativos insistamos en medidas de información, de prevención, se despois non somos conscientes de que a familia ten, temos —eu tamén son pai de adolescente— que involucrarnos para que non haxa un mal uso das tecnoloxías que xere problemáticas nos propios mozos.

En todo caso, nisto é necesario constantemente actualizarse. Imos actualizar de novo a estratexia de educación vencellada coa convivencia escolar, e, como xa dixen, imos traballar, estamos xa traballando na revisión e na actualización do protocolo de acoso escolar e ciberacoso este ano. Dende que se puxo en marcha, hai xa dez anos, a hoxe, hai cambios, imos recollelos, imos avalialos, imos ter en conta estes cambios para poder facer un bo traballo, fundamentalmente un bo traballo de prevención e un bo traballo de información e formación.

En definitiva, un problema transversal, un problema preocupante e un problema onde todos temos que traballar para intentar solucionalo. As familias, igual que as administracións, pero sobre todo as familias, os pais e as nais, teñen, temos, unha responsabilidade moi alta para que estes nenos e nenas de hoxe, estes mozos e mozas de hoxe, que mañá serán os galegos que tiren de nós, usen as novas tecnoloxías, aproveiten as novas tecnoloxías na súa vida social, na súa vida laboral, pero que non abusen delas polos prexuízos que pode xerar.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Saudamos tamén os alumnos do Centro Campoamor, de Ordes. Non sei se son os de 5º ou os de 6º. ¿Sodes os de 5º ou os de 6º, ou os dous? ¿Só 5º? E ¿vós? ¿6º ou 5º? Todo 5º. Despois entón virán os de 6º. Porque é que veñen de 5º e 6º. Entón, saudamos os de 5º. Benvidos ao Parlamento.

E agora continuamos con outra interpelación.



Interpelación de D. Xosé Luís Rivas Cruz e tres deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a política ambiental do Goberno galego

O señor PRESIDENTE: Para formular a interpelación ten a palabra o señor Rivas.

O señor RIVAS CRUZ: Moitas grazas, señor presidente.

Un saúdo á xente miúda de Ordes que nos visita.

Señor conselleiro, a aparición dun xeito visible de cianobacterias no encoro das Cunchas, das Conchas, as denuncias ecoloxistas, ambientalistas e de cidadáns en xeral, chegan ao Parlamento en 2017, como ben sabe, en forma de preguntas ao Goberno e PNL.

O malestar social, os enfrontamentos na comarca e a presión política levan a que o PP teña que, forzadamente, reaccionar, porque o problema é de tal magnitude que non se pode continuar a ollar para outro lado. E así, para gañar tempo e xustificar que se está gobernando, crean desde a consellería a chamada Mesa da Limia, formalmente en abril de 2019.

En boca do señor director xeral de Agricultura, Gandaría e Alimentación, en comisión, o 4 de outubro dese ano 2019, forman parte dela todos os colectivos de agricultores, gandeiros e asociacións agrarias; de parte da Xunta, distintos departamentos, diferentes centros de investigación, como órganos cooperativos, todos os concellos da Limia, organizacións ambientalistas, colectivos ecoloxistas, Inorde..., e segue aberta a quen queira formar parte dela —di o señor Balseiros Guinarte case textualmente—.

E continúa dicindo o señor Balseiros que por primeira vez —e subliño isto de por primeira vez— todos se expresan e que resultan ser reunións interesantes e produtivas que permiten facer unha análise e composición de lugar perfecta e propoñer solucións que dean cobertura a esas necesidades que alí se constatan. E así, dános conta o señor Balseiro, con certa euforia de triunfador, da orde do día da reunión celebrada un pouquiño antes, o 20 de setembro dese mesmo ano 2019, que polo seu interese lles vou reproducir:

1. Presentación do Plan estratéxico do sector agrario da Limia, disque consensuado con todos os participantes. Plan estratéxico do sector agrario da Limia, ano 2019.
2. Articulación e coordinación do funcionamento da Mesa da Limia. Normal.
3. Plan de formación para agricultores e gandeiros da Limia.
4. Edición e distribución dun manual de boas prácticas e recomendacións para o sector agrogandeiro da Limia, como remate e consecuencia dese plan de formación, alongado no tempo e con —digamos— charlas presenciais.
5. Descrición dos proxectos piloto da Consellería de Medio Rural para A Limia.
6. Plan de limpeza das canles.



7. Plan de regadío, do que se estaba sen noticias e pendente da promesa de 2015, e así segue.

8. Dar a coñecer o Anteproxecto da lei reguladora do sistema integrado para a xestión das dexeccións gandeiras en Galicia, en exposición pública nese verán de 2019. Desaparecido tamén.

9. Alegacións ao proxecto da orde ministerial pola que se determinan as augas continentais afectadas pola contaminación debido ao aporte de nitratos de orixe agraria.

É dicir, o 20 de setembro de 2019 vostedes, a consellería xa era consciente do problema e xa tiña —en teoría— solucións programadas e estudadas.

Repasemos, señor conselleiro: un plan estratéxico agrario para A Limia, un plan de formación agrogandeiro, un manual de boas prácticas e recomendacións, varios proxectos piloto da Consellería do Medio Rural, un plan de limpeza das canles, un plan de regadío, un anteproxecto de lei de xestión de xurros e estercos, coñecemento da ameaza e de declaración de zonas vulnerables por saturación de nitratos e fosfatos cando menos na Limia.

Pero hai máis: o 10 de febreiro de 2021 publícase o resumo executivo do proceso participativo do sector agrario da Limia. Tres bloques temáticos: produción agrícola, produción gandeira, transformación e comercialización de produtos agrarios. Tres matrices DAFO: debilidades, ameazas, fortalezas e oportunidades.

DAFO 1. Gandaría. Debilidades:

1. Modelo produtivo baseado na gandaría intensiva (porcino e avícola), coa consecuente perda de explotacións de vacún e ovino e caprino en extensivo.

Transcribo literalmente —estou lendo a DAFO, o informe—.

2. Explotacións de dimensións elevadas cunha grande dependencia de recursos externos para a alimentación animal. Eu incluía os insumos; importamos un 85 % dos alimentos que lle damos ao noso gando en intensivo.

3. Contaminación difusa das augas por nitratos e fosfatos.

4. Falta de capacidade de xestión dos subprodutos gandeiros.

Esta é unha análise feita en común por todos os compoñentes da Mesa da Limia.

Ameazas: modelo de explotación vinculado a unha única cooperativa —¿cal será?—, dependente da mesma en todas as fases; dependen da produción, transformación e comercialización; *se lo guisan y se lo comen*.

2. Posible declaración da comarca como zona vulnerable por contaminación do solo e augas por nitratos. Este é o miolo da cuestión, esta á a grande ameaza que pesa nestes momentos,



como unha espada de Damocles, encima dos produtores e produtoras da Limia, desa comarca que todos enxalzamos pero que vostedes non miran por ela.

3. O cambio climático provocará unha redución dos recursos actuais, especialmente na auga. ¡Ollo a isto!

4. Imaxe negativa cara á opinión pública.

DAFO 2. Agricultura. Debilidades:

1. Modelo produtivo baseado na pataca e no cereal, con escasa diversificación de cultivos.

2. Cultivos cun uso excesivo de agroquímicos, que contribúen a diminuír a calidade do produto e a aumentar o impacto ambiental na comarca.

3. Falta de asesoramento aos produtores para a produción, transformación e comercialización dos produtos agrícolas.

4. Cooperación. A cooperación e o asociacionismo entre agricultores da comarca é limitado.

5. O cultivo da pataca é de temporada e con prezos moi volátiles entre campañas.

(*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Espere, desculpe un momento. Por favor.

O señor RIVAS CRUZ: Así é imposible. Eu entendo que non gusta, pero ben, diso a bombardealo...

Ameazas:

1. O recurso. A auga preséntase como unha debilidade actual e moi preocupante no futuro.

2. Posible declaración da comarca.

Poderíalle... Vostede coñece este informe, claro que o coñece, porque foi directamente da Mesa da Limia, por medio de Juana de Vega, á consellería.

Claro, a nosa pregunta —como pode ver, conselleiro— non se trata dunha análise catastrofista urdida polo BNG; son declaracións do seu director xeral e mais do resumo participativo para a elaboración do Plan estratéxico do sector agrario da Limia. A diagnose foi feita. Vostedes foron sabedores en todo momento da situación; mesmo antes desta diagnose feita documento, vostedes eran sabedores do mal que abafaba A Limia, e nada. Procuraron en todo momento botar balóns fóra e deixar correr o tempo.

Vostede sabe que a ameaza de vulnerabilidade é unha certeza, vostede sabe que a declaración de vulnerabilidade vai someter o sector agrario e gandeiro da Limia a un terceiro grao que



non merecen. A contaminación de terras e augas a causa do exceso de xurros e esterco procedentes da gandería intensiva é froito da desidia das políticas do PP, do abandono e do concepto familiar, dese concepto familiar; explica moi ben este pormenor familiar o Informe Juana de Vega cando apunta entre as ameazas aos produtores da Limia o modelo de explotacións vinculado a unha única cooperativa, dependente da mesma en todas as fases —produción, transformación e comercialización—, e todos e todas sabemos a quen se refire.

E, claro, na Limia as alertas saltaron e a xente está á espera sen saber o que lle vén enriba. Pero vostedes non dan sinais de vida, tres anos de meditación e non son quen de facer nada produtivo. Ben puideron neste tempo comezaren a tomar medidas que revertan a situación, que comecen a baixar a intensidade dos xurros e estercos, pero non, non queren, non saben ou non se atreven.

¿Onde está o Plan estratéxico agrario para a Limia, o plan de formación agrogandeiro, o manual de boas prácticas..., todo iso que lles dixen? ¿Sabemos algo de todo iso? Pois é propaganda e vostedes son fume, de verdade; vostedes non son ninguén en política agraria. Este país ten esa gran desgraza, que vén desde tempos atrás, desde moi atrás. Porque vostedes seguiron consentindo que o problema se agravase ao permitiren seguir ampliando estas explotacións intensivas, aplicando a política de «ti vai facendo». E os xurros ían medrando e o esterco ía medrando, e a posibilidade de xestión deses recursos foi minguando. E, mentres, os pataqueiros usando abonos de síntese, químicos. Porque a ninguén da consellería se lle ocorreu habilitar fórmulas de compostaxe que evitasen a lixiviación en zonas inundables e poder así utilizar a galiñaza. Si, claro, prometeron o ouro e o mouro, cos Next Generation van facer catro procesadoras de xurros e estercos emprazadas nas catro zonas máis quentes. E ademais estaba a promesa de rehabilitar a factoría de Sarreaus, e non se ve por ningunha parte. ¡Vaia paradoxo!

Un país coma o noso, con miles de hectáreas con vontade agrogandeira sumidas no abandono, con problemas de lumes persistentes, necesitadas de fertilizantes e á espera de que alguén as traballe, de que alguén con vontade de goberno tome en serio isto da soberanía alimentaria, e vostedes a velas vir, agardando polos Next Generation e a ver se non chegan e poden botarlle a culpa a quen estea no Goberno central que non sexa do PP; ou ao BNG, que seica ten varios ministerios hoxe en Madrid.

En fin, señor conselleiro, vexamos que nos conta como xustificación deste desleixo, a ese desaproveitar tres anos pasados para corrixir erros e poñer en práctica medidas paliativas e regresivas. Ben poderían con elas...,

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor RIVAS CRUZ: ...se fosen sensatos —remato, señor presidente—, dando un toque de atención a Bruxelas pedindo o adiamento da declaración. ¿Sabe o prexuízo, o descrédito que vai causar aos produtos da Limia e, por extensión, aos de toda Galicia a declaración de vulnerabilidade? ¿Merecen isto a comarca da Limia e os seus produtores? Desde o BNG crémoslle que non.

Moitas grazas. (Aplausos.)



O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Rivas.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Ten a palabra o conselleiro do Medio Rural, o señor González Vázquez.

O señor CONSELLEIRO DO MEDIO RURAL (González Vázquez): Señor presidente.

Deputados e deputadas, moi bo día a todos e a todas.

A min gustaríame ao comezo da miña intervención poñer de manifesto a contradición na que acaba de incorrer o señor Rivas, que, dicindo que non facemos nada, adicou a metade do seu tempo a falar de todo o que se fixo a partir da Mesa da Limia, como agora eu lle argumentarei tamén.

E penso que tamén se todos leramos a exposición de motivos desta interpelación —que mete medo— sobre o que está a falar da comarca da Limia, fai falla tamén arroxar un pouquiño de veracidade, que non se atopou nesta casa hoxe aquí, no Parlamento de Galicia.

En primeiro lugar, eu penso que hai que lembrar o procedemento xeral cando se atopa contaminación en augas. Señor Rivas, teña un pouco de prudencia co que fala da contaminación en augas na Limia e noutras zonas de Galicia, porque, segundo parece, os do Bloque ou ben non leron ben a normativa ou quixérona trasladar a medias, ou esqueceulles entre o camiño do asento ao atril. Porque, señorías, medias verdades son mentiras.

Miren, tal como establece a normativa europea —e non o di este conselleiro—, é a Administración estatal a que debe en primeira instancia facer a determinación de augas afectadas nas concas entre comunidades autónomas, por certo, a través das confederacións hidrográficas; é un feito que obviaron comentar. Primeira media verdade, primeira media mentira. Para estes efectos, a determinación sería realizada pola Administración autonómica —Augas de Galicia, señor Rivas— só no caso de concas propias. Pero no caso da Limia a competencia é estatal, Confederación Hidrográfica do Miño-Sil.

Neste contexto, e como conselleiro do Medio Rural, podo e teño a obriga de responder polas competencias que atinxen a esta consellería, que neste caso é a declaración de zona vulnerable. Pero previamente, señor Rivas, ten que haber unha declaración de augas afectadas, que é a base, é previa á declaración de zona vulnerable. E neste caso —como lle digo— a competencia é da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil. Polo tanto, señorías, se Galicia non ten declaración de zonas vulnerables por este tipo de contaminación, é debido a que previamente é necesaria a declaración de masas de augas contaminadas por nitratos. E repito que no caso da Limia a competencia lle corresponde á Confederación Hidrográfica, adscrita ao Ministerio para a Transición Ecolóxica y el Reto Demográfico.

Aínda así, non é que nos trouxesen hoxe a comarca da Limia a este parlamento, señorías do Bloque. Non é que fosen vostedes os primeiros en dar cunha problemática, e non é baixo ningún concepto que este goberno olle para outro lado. Está claro que, mentres o



Bloque continúa cos seus porqués das cousas, a Xunta de Galicia traballa e avanza para poñerlle couto e solución. Aquí ten que quedar claro que nós apostamos pola xestión sustentable da actividade agrogandeira en toda Galicia e, en particular, na comarca da Limia, algo que de novo esqueceron mencionar. Terceira media verdade, terceira gran mentira.

Esta é unha xestión que se demostra na práctica. Eu non son home —sábeo vostede ben, señor Rivas— de volver cara ao pasado, pero é que non me queda máis remedio que facer referencia a esa arcadia feliz que era a Consellería do Medio Rural de Suárez Canal, neses catro anos do Bipartito. ¿Saben cantas granxas se autorizaron na comarca da Limia neses catro anos? Nada máis nin nada menos que 107 granxas na Limia, a razón de 27 por ano. ¿Cantas se autorizaron dende o ano 2010? 15 por ano, a metade. ¿Saben que carga gandeira supuxeron esas 107 granxas na Limia? 8.700 unidades de gando maior. Faga a tradución, señor Rivas.

En definitiva, durante o Bipartito, máis explotacións autorizadas nun menor período de tempo e cunha maior carga gandeira, grazas á consellería do Bipartito. ¡Home!, que os mesmos que fixeron iso agora sexan os que apoiem e pidan a moratoria de explotacións... ¡Home!, sei que lle gusta a retranca, señor Rivas, pero ten pouco que argumentar respecto disto.

Nós ao noso, sen ningunha dúbida, que é traballar pola comarca. E agora si quero poñer de relevo todo o que se fixo, porque, ademais, téñolle que dicir que a preocupación —ademais da Consellería do Medio Rural, non só da de Juana de Vega, porque a Consellería do Medio Rural é quen contratou o Plan estratéxico da Limia— é preocupación de todos os agricultores e gandeiros da comarca. E eu téñolle que dicir que me sinto moi orgulloso da calidade da produción agrogandeira da comarca da Limia e ademais da preocupación que teñen todos os seus agricultores e gandeiros por mellorar a sustentabilidade das súas explotacións. (*Aplausos.*) E, dende logo, imos apoiar ese traballo, señorías, (*Aplausos.*) —é que me sorprende todo isto— facendo o que se ten que facer e que nos din sempre vostedes: contando co sector, que foi o que foi á Mesa da Limia.

Poñer en común a todo o sector. Vostede criticaba que chamáramos a todas as organizacións que tiñan algo que ver coa actividade agrogandeira. O que fixemos foi abrir a Mesa da Limia a todos os axentes públicos e privados da comarca. E impulsamos, si, un Plan estratéxico da Limia, no que se leva traballado moito e que ten o seu afine final, porque ten algunhas cuestións que están pendentes —e agora explicareille—, buscando poñer en valor a produción agropecuaria da comarca baixo un enfoque verdadeiramente sustentable, un mellor e máis efectivo aproveitamento dos recursos, na redución, por suposto, da concentración de nutrientes nas augas, na xeración de emprego e fixación de poboación no rural e combatendo o cambio climático. Señor Rivas, cos doce concellos da comarca, de diferentes partidos políticos; vostede sabe ben quen está naquela comarca.

Pero, ademais, creamos unha comisión interdepartamental —que se lle olvidou trasladala— no mes de xuño do ano pasado, integrada por representantes do Goberno central e da Xunta, para precisamente afrontar o impacto ambiental. Ten que ter en conta que alí está a Confeederación Hidrográfica do Miño-Sil, non só é a Consellería do Medio Rural.



Son moitas as iniciativas para apoiar esa sustentabilidade das nosas explotacións, non só na Limia senón no resto do agro galego.

A min sorpréndeme, señor Rivas, que me fale de base territorial alguén que votou en contra da Lei de recuperación da terra agraria de Galicia, que é precisamente o que pretende dotar de base territorial as nosas explotacións. E xa lles advirto a todos vostedes que verán este ano a posta en marcha de polígonos para dar base territorial aos nosos agricultores e gandeiros. *(Aplausos.)*

Pero tamén avanzamos no Plan de pastos de Galicia; 2.250 hectáreas, señorías, de gandería en extensivo.

Por suposto, o proxecto de lei —ao que vostede aludía— do sistema integrado para a xestión de dexestións gandeiras —que vostede di que é fume—, nós estamos agardando a que o Goberno central dunha vez aprobe o proxecto de decreto de nutrición sostible dos solos que afecta a ese proxecto de lei. Pero si é certo. Mentres tanto, deseñamos un proxecto moi serio para a xestión conxunta dos xurros, señorías, non só da Limia senón da totalidade da gandería galega. E claro que o presentamos aos fondos Next Generation, porque nós, na Xunta de Galicia, pensamos que eses fondos teñen que transformar sectores produtivos, e un dos problemas que temos aquí é precisamente a xestión dos xurros; eu diría que non só en Galicia, senón no conxunto da gandería nacional.

Non temos resposta sobre ese proxecto. Falou del o presidente da Xunta coa ministra de Transición Ecolóxica, e díxolle que era un dos principais proxectos de Galicia para a candidatura dos fondos Next Generation. Eu mesmo no Consello Consultivo da semana pasada trasladéille ao ministro que había dous problemas fundamentais neste momento na agricultura e gandería, sobre todo a gandería galega, que eran facer efectiva a prohibición da venda a perdas e o tratamento dos xurros para poder resolver esta problemática medioambiental.

Señorías, téñolles que dicir que nin as convocatorias de axudas do Goberno central nin tampouco o PERTE agroalimentario resolven esta problemática, que para nós é unha cuestión esencial dentro dos fondos Next Generation. E eu pídoille no seu turno de réplica, señor Rivas, que apoie esta petición do Goberno galego ao Goberno central para que poidamos entrar nos fondos Next Generation cun tratamento dos xurros de todas as explotacións gandeiras de Galicia.

Pero, ademais, señorías, tamén entendemos a importancia que ten a cuestión da auga na Limia. E por iso impulsamos dende aquí, por suposto, co apoio do Goberno central —que tamén traballou con nós—, ese tratamento, esa mellora de toda a infraestrutura das augas da comarca da Limia.

Hai unha serie de compromisos, que eu vou agora desgranar, que espero que sexan cumpridos polo Goberno central. En primeiro lugar, a modernización do regadío, 15,9 millóns de euros. ¿Sabem canto viña nos 600 millóns de euros de mellora de infraestruturas hídricas non só para Galicia senón para o resto da cornixa cantábrica? 0 euros. Tivemos que facer o



esforzo de convencer de que en Galicia, aínda que chove moito, temos que modernizar as nosas infraestruturas hídricas; 15,9 millóns de euros, é certo, comprometidos polo Goberno central; pero hai un compromiso da Xunta de Galicia que está nos orzamentos do ano 2022, que foron eses 4 millóns de euros para facer os pozos que logo se van modernizar con eses 15,9 millóns de euros. E eu téñolle que dicir hoxe aquí, porque o podo dicir, que eses pozos xa teñen todos os permisos da Xunta e nós temos as máquinas quentando motores para empezar as perforacións. O único que nos falta son as concesións da Confederación Hidrográfica Miño-Sil, e pídlles, por favor, que apuren nesas concesións para poder facer o noso investimento.

Tamén aludía vostede —cando falou de que non se cumpría ningún compromiso— á limpeza das canles. É fundamental para garantir a sustentabilidade medioambiental das nosas explotacións da Limia esa limpeza das canles. Acadamos o compromiso —que espero que se cumpra e estaremos vixilantes, e pídlle tamén ao Partido Socialista de Galicia que nos axude a que se cumpra ese compromiso— de 16 millóns de euros para a limpeza das canles e dos camiños paralelos ás mesmas.

Cando o señor Rivas fala de que todo é propaganda e de que non facemos nada, eu quérolle dicir e poñer enriba da mesa 36 millóns de euros para potenciar de forma sustentable o sector agrario da comarca da Limia.

Polo tanto, señoría, eu téñolle que dicir que dende a Consellería do Medio Rural traballamos por cada un destes agricultores e gandeiros que conforman a comarca da Limia e conforman o rural galego, ao tempo que avanzamos nunha mellora exponencial e progresiva do impacto ambiental da súa actividade, preparados para cumprir calquera obriga e requisito de sustentabilidade en canto á xestión das dexeccións gandeiras.

Neste sentido, a vontade da Xunta de Galicia, como saben, é sempre avanzar cara a un rural de futuro, un rural con actividade económica rendible e no cal persista a actual calidade de vida. Porque medio rural e medio ambiente teñen que ir da man e en Galicia irán da man.

Máis nada polo de agora. *(Aplausos.)*

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Réplica, señor Rivas.

O señor RIVAS CRUZ: Moitas grazas, presidente.

Señor conselleiro, con ese vir indo que teñen costume vostedes de facer á calidade dos produtos da Limia, que nós non negamos en ningún momento, vostedes xa cren salvar a responsabilidade que teñen neste desaguisado. E non lle é así, non lle é así.

Mire, unha vez máis, a culpabilidade é do BNG, é culpabilidade do maldito Bipartito. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Si, si, non, si, si, claro, pero a Lei de recuperación da terra agraria é un calco, pretende ser un calco daquela lei. *(Pronúncianse palabras que non se*



perciben.) Claro, pero vostedes bombardeárona e vostedes estiveron doce anos meditando, porque o de vostedes é meditar; vostedes non teñen solución para nada, só meditan, meditan e meditan. (*Aplausos.*)

Mire, o noso apoio aos Next Generation. Nós non apoiamos... (*Murmurios.*) Non. Escóiteme, escóiteme, por favor. Nós non apoiamos eses macroproxectos que van implantar. ¿Quere que lle diga o que nos dixo o señor Balseiros sobre esas catro macroplantas para facer un tratamento dos xurros? Mire vostede, que non o entende. Este país necesita fertilizantes, o que non necesita é impactos medioambientais por concentración de producións que traen insumos de fóra, que traen barcos de terra e barcos de esterco, que non se poden mobilizar e non... (*Murmurios.*) Si, si, si. ¿Cantos millóns de toneladas veñen de insumos de fóra? O 85 % vén de fóra, é foráneo, cando o normal é que a gandería se alimente do que se produce na comarca e na zona. Esa é a gandería extensiva que nós propoñemos e que vostedes din que apoian, pero que non o fan, as pequenas e medianas explotacións. Esa é a nai do año, e iso é o que vostedes nunca din do Bipartito, nunca, nunca.

Mire, as competencias en medio ambiente son nosas, son nosas. E cando vostedes permiten a ampliación de intensivo, vostedes están facilitando que aumente o problema.

Pero é que vostedes conculcan toda a lexislación medioambiental. ¿Quere que lle lea a sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia en canto a unha granxa de Rairiz de Veiga, a un estudo de impacto ambiental que desde logo pode pasar aos anais da historia? ¿Non é responsabilidade do Partido Popular? ¿Ou é que vostedes non están coordinados? ¿Vostedes non están coordinados? (*Aplausos.*)

Mire, limpeza das canles. ¿Cantas limparon? Limpeza de camiños e preparación de camiños, 600.000 euros. ¿Canto fixeron? Non, non, claro, eu doulle datos. De trece concellos só executaron algo en cinco. E hai pendentes rozas do ano 2020.

Claro, é que o Plan estratéxico para A Limia ¿conta xa co beneplácito dos alcaldes ou ten que reunirse con eles antes para que lle dean autorización para poñelo en marcha? Porque é que o gran problema é que vostede ten as mans atadas, vostede ten as mans atadas polo seu propio sistema, polo propio sistema do Partido Popular de implantación no territorio. E entón estamos fastidiados.

¿Quere que lle diga das analíticas realizadas pola Dirección Xeral de Saúde Pública nos anos 2017, 2018 e 2019 nas augas de abastecemento da chaira da Limia? ¿Quere? ¿Un incremento dun 28 % na concentración media de nitratos?

¿Quere que falemos de saúde humana? É que claro, é que o problema é grave, señor conselleiro, e vostedes néganse a recoñecelo. E o problema é tan grave que necesita solucións, e as solucións vostedes non as poñen, porque vostedes miran para outro lado, vostedes sacan plans e plans, e plans e plans, pero non executan nada de ningún deles, nada. ¡Que ben estaban eses 4 millóns do espello do rural metidos na Limia para apoiar a agricultura da Limia, que ben estaban alí! (*Aplausos.*) E non están, porque vostedes de todo canto destinan para iso non se executa case nada, case nada. Vostedes afóganse en si mesmos.



Mire, de verdade eu non sei como dicirlle que os camiños están pendentes e os alcaldes da Limia están a velas vir, porque ese foi un carameliño para contentar as protestas que había. E a ese carameliño non chegaron nin sequera a quitarlle o papel. É que vostedes son así. Vostedes teñen que devolver a esperanza a aquela comarca, vostedes teñen que facer algo, vostedes teñen que dicirlles ao que se están expoñendo. Porque non vale que despois veñan con cartos. ¿Que vai facer? ¿Outra mesma política que a do *Prestige*? Feito o mal, chegan alí con cartos para tapar conciencias. Non, non lle é así. Os produtores da Limia son moi sensatos e os produtores da Limia saben moi ben o que se traen entre mans, tráense o seu porvir. E os produtores da Limia, que traballan e que saben traballar, necesitan solucións, necesitan formación, necesitan plans, necesitan investimentos, necesitan futuro. E vostedes non son futuro para A Limia, (*Aplausos.*) non son futuro ningún.

Señor conselleiro, vostede sabe da miña vehemencia e vostede sabe que o que estou intentando e o que estamos intentando desde o BNG non é tombar o PP; o que estamos intentando é que vostedes anden e que vostedes fagan algo práctico e sensato na comarca da Limia e no resto do país. Porque non é só A Limia quen está ameazada de vulnerabilidade, e vostede e mais eu sabémolo.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Peche da interpelación, conselleiro do Medio Rural.

O señor CONSELLEIRO DO MEDIO RURAL (González Vázquez): Moitas grazas, señor presidente.

Señor Rivas, en primeiro lugar, déixeme que lle diga que non lle convén moito poñerse vehemente, porque, se no primeiro turno foi bastante contido, agora víuselle claramente que era o que estaba dicindo. Porque a min gustaríame, en primeiro lugar, que me explicara cal pensa que é o modelo da gandería de Galicia. Porque lle vou dar datos. En vacún de leite temos 6.400 explotacións, cunha media de 63 vacas en muxidura; e en vacún de carne, señorías, temos 19.500 explotacións, cunha media de 22 becerros. ¿Onde está a gandería en extensivo desa da que vostede está a falar en Galicia? Pero ¿vostede dáse conta...? (*O señor Rivas Cruz pronuncia palabras que non se perciben.*) Si, si, fálolle do que queira, que podemos debater, pero deberíamos ter coidado con como vendemos o produto. E Galicia ten unha gandería fundamentalmente en extensivo no vacún. E, se falamos incluso de cebadeiros, pódolle dicir que, desas 19.537 explotacións, temos catrocentos cebadeiros. Polo tanto, imos falar de suprema galega, imos falar das oito mil explotacións que temos en suprema galega, imos falar de como lles damos base territorial a todas esas explotacións. E imos, na medida do posible, solventar os problemas de sustentabilidade medioambiental da nosa gandería.

Por certo, faloume primeiro de que só nos dedicabamos a facer planificacións e na parte final da súa intervención dixo que os gandeiros da Limia necesitaban plans. Eu é que xa non son capaz de entender como é o posicionamento.



E tamén, mire, na súa primeira quenda descoñeceu, intencionadamente, que a análise DAFO ten debilidades e ten ameazas pero tamén fortalezas e oportunidades. E aí se falou moito e longo de todas as fortalezas e oportunidades que ten, por suposto, A Limia.

Pero eu, se me permiten que volva deixar clara cal é a cuestión, direille, en primeiro lugar, que hai un procedemento legalmente establecido que require, primeiro, da declaración de augas afectadas. Ademais, acábase de aprobar un decreto —igual pola novidade non lle deu tempo a velo, señor Rivas— que establece claramente que é o Ministerio de Transición Ecolóxica quen ten esa competencia. Ten que declarar as augas afectadas e nós temos a competencia na declaración de zona vulnerable. Que, por certo, aproveito para dicilo —e aquí hai algún representante da comarca—, que non é esa apocalipse que está dicindo o señor Rivas, senón que trae consigo unha regulación na cantidade de nitratos que se poden colocar na terra. E estamos todos de acordo, tamén os agricultores e gandeiros da Limia, en que hai que ir a esas boas prácticas. Plan de formación que dicía vostede, que se deu no mesmo ano 2019, pero vostede esqueceu trasladalo. Polo tanto, para que se poida declarar zona vulnerable, requirimos da previa declaración de augas afectadas.

E a min gustaríame tamén poñer en valor, porque parece que aquí nos alegramos desta situación de zonas vulnerables, que Galicia sexa unha das escasas rexións europeas, señorías, con especialización gandeira que non ten declaradas zonas vulnerables por contaminación de nitratos. Se falamos de países como Alemaña ou de Holanda, pois entón si que falaríamos de preocupacións. Algo que debería ser motivo de satisfacción para todos os que temos algún tipo de responsabilidade, pero que sexa para vostede tamén, no sector agrogandeiro galego.

Isto tamén ten os seus porqués, á parte de que a nosa gandería non é tan intensiva como está a dicir o señor Rivas e como se produce noutros países europeos, porque hai unha gran proporción de terras dedicadas a monte e a mestura dos usos do solo, que proporcionan un filtro verde natural bastante eficaz contra a contaminación difusa.

Tamén polo feito dos poucos fertilizantes nitroxenados empregados na superficie agraria útil de Galicia. A capacidade de dilución que temos pola nosa pluviometría, que provoca esa rápida renovación de auga dos nosos pequenos acuíferos, son todos factores que inciden neste ámbito. ¡Home!, ¿sabe quen o di, señor Rivas? Os técnicos de Mabegondo, que non creo que sexan moi sospeitosos de cuestións técnicas, así nolo acreditan.

Eu vou rematando xa, pero quixera pedirilles certo pudor ao falar de determinados temas. Falamos dunha comarca na que moita xente vive da agricultura e gandería e xente que está facendo con nós tamén, porque estamos botando unha man, un esforzo moi grande por adaptarse aos requirimentos medioambientais. E eu repito aquí nesta tribuna —e boto de menos que non o dixera vostede— que eu me sinto moi orgulloso da calidade da produción agrogandeira da Limia, e ademais da vontade que teñen os axentes económicos da Limia de solventar estes requirimentos de sustentabilidade.

Cando falamos do que se ten que facer, tamén me gustaría poñer en valor que ninguén debería poñer en dúbida a consideración de que Galicia é unha comunidade autónoma que ten claramente que apostar pola gandería en extensivo. Hai que dar máis base territorial aos



nosos agricultores e gandeiros, tamén ao de leite. Aínda que estean as vacas nos establos, necesitan esa base territorial para ter os insumos que vostede dicía. Por iso a Xunta de Galicia aprobou unha Lei de recuperación da terra agraria de Galicia, para dotar principalmente de base territorial os nosos agricultores e gandeiros, e por iso non se entende a súa contradición de votala en contra, señor Rivas.

E xa no que se refire á Limia, simplemente poñer de manifesto: Mesa da Limia, participación pública de todos os axentes implicados; Plan estratéxico da Limia, que se está culminando e se presentará proximamente; e, por suposto, eses 36 millóns de euros de investimento fundamentais para as infraestruturas da comarca. Vostede di que só facemos anuncios, pero penso que 36 millóns de euros nunha comarca é algo suficientemente importante para que polo menos o Bloque, se defende Galicia, aprobara e polo menos dixera que foi un bo investimento. Penso que era o mínimo que se lle podía pedir.

Feitos que estendemos a toda a comunidade, señorías, para continuar sendo unha rexión onde a contaminación sexa un problema puntual e focalizado, cun agro sustentable e cun futuro rural onde a calidade de vida sexa un principal reclamo, porque, como en Galicia, é difícil e, como no rural galego, en ningún sitio. Por iso seguiremos facendo Galicia a través do rural, facendo Galicia rural.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

O señor PRESIDENTE: Pasamos á seguinte interpelación.

Interpelación de D^a Noa Presas Bergantiños e dous deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a política do Goberno galego respecto da atención presencial na banca

O señor PRESIDENTE: Para formular a interpelación ten a palabra a señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Grazas, señor presidente.

Bo día, señor Corgos.

Bo día a todas e a todos.

Señor conselleiro, traemos esta interpelación unha vez máis e interpelamos o Goberno galego sobre que está facendo ou deixando de facer respecto da exclusión financeira, porque entendemos que é un problema fundamental para o noso país e porque entendemos sobre todo que o autogoberno é unha ferramenta. Para vostedes, no Partido Popular, xa sabemos que máis que unha ferramenta é un pin que poñer na chaqueta ou, como moito, un elemento co que xogar ao xogo de tronos no que están imbuídos ultimamente. Pero a realidade é que



é unha ferramenta que vostedes poderían empregar para abordar problemas como este do que eu falo, para abordar e resolver problemas que afectan os galegos e galegas.

E hoxe traemos este exemplo dos abusos bancarios e a falta dunha resposta adecuada por parte da Xunta. Porque entendemos que están desatendendo vostedes as súas competencias exclusivas en materia de consumo, están desatendendo as súas competencias en materia de planificación económica, e, por riba —o que é peor—, no lugar de defender os intereses dos galegos e das galegas, as contadas veces que empregan o autogoberno neste ámbito é precisamente para poñerse de lado de entidades amigas do Partido Popular.

Vostedes non estaban contentos con abri-lle as portas neste país a que Abanca teña a primeira universidade privada do noso país, coas consecuencias que iso vai ter. Non estaban contentos tampouco con regalarlles unha participación para un foro de decisión e coñecemento respecto dos fondos europeos, de maneira que Abanca sabe —insisto unha vez máis— máis dos fondos europeos e das aspiracións deste país do que este parlamento e os seus representantes democráticos, que tamén tiveron vostedes esa brillante idea de pagarlle a Abanca para poñer caixeiros onde os pecharon, pese a estar a engrosar os seus copiosos beneficios.

En todo caso, é un exemplo máis de que para defender as galegas e os galegos diante do empeoramento dos servizos bancarios e do abuso e dos calotes para evitar o peche de oficinas e para evitar despedimentos que supoñen unha auténtica reconversión do sector, para todo iso vostedes non están nin se lles espera. E —insisto— a única vez que actuaron pois foi peor o remedio que a enfermidade, e hoxe falaremos tamén diso.

Interpelámolo para que rectifiquen e traballen para que a sociedade galega deixe de estar desamparada fronte á cobiza bancaria, que estamos vendo como se acelera neste contexto de pandemia.

Pero, precisamente, quería insistir tamén, antes de continuar, en que esta avaricia, esta cobiza, esta forma de proceder non nace coa pandemia, senón que obedece a unha folla de ruta calculada e premeditada, que tivo un primeiro gran paso no ano 2008, ao fío desa crise financeira, pero que agora estamos vendo como na pandemia ve unha oportunidade para avanzar en dúas direccións.

A primeira é acelerar eses cambios iniciados no ano 2008, que basicamente conduciron a máis concentración e máis oligopolización bancaria. Isto ten un resultado que se vai vendo co paso dos anos: o poder financeiro está cada vez en menos mans, e acontece no ámbito da banca, como vemos noutros ámbitos da economía e da vida, por exemplo a electricidade.

O feito de que poucas mans acaparen a capacidade de decisión e de regulación do mercado o que fai é que por abaixo haxa menos capacidade de control, menos capacidade de resposta e cada vez máis abusos, que van enriba da xente, e que por riba a xente ten cada vez menos foros ao que acudir pedindo amparo, menos entidades, menos servizos, etc., etc.



E, en segundo lugar, isto tamén é unha oportunidade para que a gran banca siga nesta liña achuchando os recursos públicos ante un rescate bancario que xa é permanente, aínda que non se explicita como no ano 2008.

E isto deriva en que hoxe Galicia pois ten problemas serios e importantes que veñen, por unha banda, porque onte, no 2008, non se tomaron as decisións adecuadas, non se avanzou no control e na tutela pública, e esa chamada reestruturación que pactaron PP e PSOE pois deixou máis concentración, e precisamente Galiza ten uns índices de concentración superiores á media estatal e europea. Vive problemas serios; algún deles é precisamente que todo este proceso tivo un esfarelamento do músculo financeiro do noso país. Vémolo ben nesta crise económica, onde as entidades bancarias teñen menos vínculo co tecido produtivo do país; vimos como se bancarizaban e privatizaban as caixas; vimos como, ademais, o Partido Popular actuaba, lexislatura tras lexislatura, para bloquear esa comisión de investigación do Parlamento galego, á que tiveron que acceder por presión social; vimos nestes anos, estamos vendo unha nova fase acelerada pola pandemia de perda de postos de traballo. Nesta lexislatura xa falamos nesta cámara do ERE de Abanca, do ERE do Santander, do ERE de CaixaBank, do ERE de Bankia; xa falamos noutras ocasións de como este sector ten destruído máis de mil cen postos de traballo.

E vemos tamén nesta nova fase deste amplo proceso de estruturación bancaria como se perden oficinas, primeiro, caixeiros despois, primeiro no rural, despois noutras partes máis poboadas do país, e así pouco a pouco vaise cara a un obxectivo que é a oficina cero e o servizo cero e que todo quede en atención virtual ou telefónica no mellor dos casos.

E o certo é que isto estaba pasando onte e está pasando hoxe. E doulle dous datos. Antes da pandemia, por exemplo, o Informe da economía galega 2019-2020 do Idega é clarificador; di literalmente que o sistema financeiro español intensificou durante 2019 —¡ollo!, antes da pandemia— o ininterrompido axuste de capacidade, cunha redución anual de oficinas de 8,3 % e do 2,8 do número de empregados, mentres que o volume de negocio xestionado crecía un 1,4 %; é dicir, os beneficios aumentan e redúcense os servizos.

Outro que serve para ver qué pasa agora pois son os últimos datos do Banco de España, que, sen dúbida, vostede coñecerá, e que din que Galiza é a terceira comunidade do Estado que máis oficinas destruíu, 189 no último informe. E, mentres, pois a Xunta, *missing*.

Por iso traemos esta interpelación, para que vostedes se posicionen, que digan que valoración fan desta situación e especificamente do éxito que se está vendo do efecto chamada que provocaron vostedes con esa orde dos caixeiros, porque, desde logo, esa brillante idea estase vendo que funciona de marabilla.

E a cuestión de fondo, señor Corgos, é que aquí á banca o que lle importa, como dicía neste último dato que ve, son os seus beneficios, e o problema é que á Xunta non parece importarlle que eses beneficios sexan a custa tamén da calidade dos servizos que se lles presta aos galegos e galegas.

E onte nesta cámara debatíamos sobre esta mesma cuestión, e eu puña un exemplo, o exemplo do panadeiro, que non estamos a falar dun sector como pode ser o pequeno negocio dun pa-



nadeiro que ve que lle sobe o prezo da luz, o prezo da fariña e ten que repercutilo nos consumidores, senón que aquí a banca cada vez acapara máis beneficios. A súa entidade preferida, Abanca, un resultado de máis de 300 millóns de euros de beneficio en 2021, duplicando; BBVA triplicou os seus beneficios; o Santander tivo no 2021 o beneficio máis alto da súa década.

Polo tanto, está claro que isto é a custa da xente e que é a custa das convivencias dos gobernos. Hai unha parte de responsabilidade absolutamente fundamental no Goberno central. Repito: hai unha parte fundamental de responsabilidade no Goberno central, a lexislación estatal. Moitas veces temos traído a esta cámara propostas para que a lei estatal vincule determinados servizos e obrigue as entidades; iso é unha tarefa pendente que sen dúbida hai que acometer. Pero nós pensamos que tamén a Xunta de Galiza ten moito que facer neste ámbito, porque esta cuestión xera moitos problemas e dificultades na vida cotiá da xente.

Ultimamente falase moito, ao fío do eco mediático que tivo o caso do xubilado de Valencia que se dedicou a recoller sinaturas, desa redución do horario de caixas que fixeron as entidades bancarias, unha redución de horario de caixa que eu quero recordar que, aínda que o eco mediático afortunadamente colocase nas últimas semanas e meses isto enriba da palestra pública e haxa certa rectificación, está acontecendo desde que saímos do primeiro confinamento, do confinamento estrito. Á saída do confinamento estrito as entidades bancarias xa fixeron isto, pactaron todas as entidades bancarias que están na patronal AEB e CECA estes horarios de caixa, algo que contravén a lei, que contravén as normas de competencia, e Competencia non actuou; houbo denuncias de asociacións de consumidores, a CIG (a Confederación Intersindical Galega) interpuxo unha denuncia —que foi arquivada—, os gobernos maioritariamente calaron, o Banco de España non está nin se lle espera como regulador, e desde logo é absolutamente sangrante, porque por riba nun contexto sanitario de pandemia, onde o lóxico sería ampliar horarios, ampliar servizos, dar facilidades, fixeron o contrario, única e exclusivamente pola súa cobiza e para ir reducindo servizos.

E, desde logo, se agora hai unha tímida rectificación, unha promesa de rectificación, é única e exclusivamente por unha crise de reputación, por unha crise de que a banca está sendo sinalada por este tipo de cuestións e vese obrigada a actuar dalgunha maneira.

E, desde logo, nós daremos un tempo para ver en que deriva esta cuestión, pero hai precedentes que nos levan a unha desconfianza empírica. O código de boas prácticas bancarias non funciona adecuadamente, a conta de pago básica é incumprida sistematicamente, é obxecto de reclamación tanto ao abeiro do Instituto Galego de Consumo como do propio Banco de España. Estes dous organismos aumentaron —o instituto nun 7 % e o Banco de España nun 45 %— as reclamacións bancarias que recibiron, e isto é evidente que nos sinala que os problemas non remataron. Non remataron respecto dos maiores e non remataron tampouco respecto da exclusión financeira como un problema fundamental de país.

E isto sinálao tamén o último informe da Rede Europea contra a Pobreza, para as persoas máis vulnerables, as que teñen menos rendas, as que teñen exclusión financeira por estaren fóra do mercado regulado de traballo por cuestións de etnia, etc., etc. Aí hai un problema enorme, porque aquí nesta nova fase o que van as entidades é a que sobra todo o mundo que non teña altos salarios e altos patrimonios.



E, polo tanto, entendemos que a Xunta ten que actuar. A nós desde logo gustaríanos que o Goberno central faga as reformas legais oportunas, gustaríanos tamén máis capacidade por parte da Xunta para impulsar unha banca pública. Sabemos que non están vostedes neses máximos, pero aquí hoxe falamos dos mínimos, que é que o seu Goberno saia da pasividade, señor Corgos, e se poña de lado dos intereses dos galegos e galegas no lugar de dos intereses da banca.

Polo tanto, ten vostede as preguntas, estas son as cuestións que queríamos poñer enriba da mesa, porque os problemas non remataron coa pomposa escenificación do outro día da patronal bancaria e da señora Calviño, e entendemos que o Goberno galego debe exercer o seu autogoberno para defender os intereses deste país.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Presas.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Resposta do conselleiro de Facenda e Administración Pública, don Miguel Corgos.

O señor CONSELLEIRO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA (Corgos López-Prado): Grazas, señor presidente.

Grazas, señora Presas, pola súa pregunta, interesante como as que adoita facer e que está, ademais, como ben acaba de dicir, na palestra polo eco mediático, como ben dixo, pero que a nós, ao Goberno da Xunta, nos ocupa xa antes de que tivera este eco mediático.

O primeiro que lle quería dicir é que á Xunta de Galicia lle preocupa e comparte a súa preocupación polas dificultades que teñen moitos veciños galegos para acceder a estes servizos financeiros, en especial no medio rural, en especial nas zonas máis despoboadas. Pero dende a Xunta de Galicia non só estamos preocupados senón que levamos moito tempo ocupados en buscar e en impulsar solucións para favorecer o mantemento destes servizos públicos presenciais.

O segundo que me gustaría comentar é que este non é un problema exclusivo da Comunidade Autónoma de Galicia, polo que hai que enmarcalo no seu contexto. Como ben dixo, ten a súa orixe no ano 2008. Este foi o punto de partida dun forte proceso de reestruturación das entidades financeiras en toda España, ao que non é allea a nosa Comunidade Autónoma.

No que si que non estou de acordo con vostede é na análise sobre o maior ou menor impacto nos diferentes territorios. Non estou de acordo porque vostede está a tomar datos dun período temporal moi concreto, do último ano, en base ao devandito informe do Banco de España, e para facer unha análise rigorosa deberíamos ter en conta un período máis amplo. Así, se comparamos o período comprendido entre setembro de 2015 e setembro de 2021, datos dos que xa se falou onte á tardiña, España perdeu o 56 % das sucursais bancarias. E ¿sabe cal foi a merma en Galicia neste proceso? Dun 36 %, 20 puntos menos que a media de España.



Estas son cifras, pero as cifras convértense en servizos ás persoas. ¿Como se reflicten estas cifras no territorio? Pois ben, en España máis de catro mil douscentos concellos carecen de sucursal bancaria, segundo o devandito informe do Banco de España, o 53 % dos municipios totais; neles vive o 3 % da poboación. Vexamos agora os mesmos indicadores para Galicia. Hai corenta e cinco concellos que carecen de oficina bancaria, o 14 % do total, fronte ao 53 % dos municipios totais de España, e neles vive o 2 % da poboación de Galicia.

Á vista destes datos —reitero—, estamos ante un problema global, importante —non o rexeitamos—, pero que afortunadamente ten un impacto menor en Galicia que no conxunto das comunidades autónomas.

Por tanto, existe consenso en que este problema é común a todos os territorios e que é un problema que nos importa e que precisa dunha solución coordinada por parte de todas as administracións con competencias en cada territorio e tamén que as accións comúns a desenvolver deben ser impulsadas polo Goberno do Estado.

Señoría, neste momento, como digo, existe consenso para tentar chegar a unha solución, pero quero lembrar que o Goberno de Galicia foi o primeiro en abordar todas estas cuestións antes que ninguén. Tivemos claro dende o principio que non podiamos quedar quedos ante a inacción do Goberno central e ante a falta de medidas coordinadas. Hai máis dun ano —xa non agora— que está no foco mediático, e tomamos a iniciativa en dous eidos: por unha banda, buscando solucións e alternativas dentro das nosas posibilidades, e, por outra, instando o Goberno central a mudar a normativa actual para garantir a prestación presencial dos servizos financeiros.

Empecemos polas solucións alternativas. Xa a finais de 2020, e logo de meses traballando coa Fegamp, asinamos un protocolo de colaboración, buscando facilitar o acceso aos servizos financeiros bancarios básicos aos habitantes dos concellos galegos do medio rural, eses corenta e cinco concellos que carecen de sucursal presencial, que carecen de oficina bancaria.

No marco desta iniciativa, a mediados do ano pasado, concretamente o 22 de xuño, publicamos unha orde pola que se establecían as bases reguladoras das subvencións para fomentar a prestación de servizos bancarios básicos, que se centra naqueles concellos que carecen —como dicía antes— de servizos presenciais.

¿Que pretendemos con esta actuación? Un triplo obxectivo. En primeiro lugar, a instalación de caixeiros automáticos en instalacións municipais. En segundo lugar, a prestación dun servizo de asistencia a aqueles veciños que precisen esa asistencia para os seus trámites financeiros ou para contratar algún produto financeiro que precisen, como se fora unha oficina convencional. E, en terceiro lugar, unha oferta de formación financeira e banca electrónica para que os veciños reciban as nocións básicas e aprendan a utilizar os servizos bancarios a través das novas tecnoloxías.

Unha iniciativa que outras administracións comezan a imitar agora, pero moito máis completa, porque non se limita meramente á instalación de caixeiros. É unha alternativa que vemos que lles resulta atractiva aos concellos, pois non teñen que facer achega económica



ningunha, tan só teñen que ceder e acondicionar os espazos precisos para instalar os caixeiros automáticos e tamén as necesidades de atención presencial e de formación. E a Xunta de Galicia corre integramente co financiamento destas medidas.

En verdade, esta solución pensamos que foi un acerto, porque hoxe, cando se resolveu a devandita orde de convocatoria de subvencións, solicitaron estes servizos 38 concellos, gobernados por todos os partidos, entre eles tamén polo seu, polo BNG. Na provincia de Ourense: Arnoia, Rairiz de Veiga, Petín, A Teixeira, Pontedeva, Chandrexa de Queixa, Baltar, Os Blancos, Carballeda de Avia, Cenlle, Xunqueira de Ambía, Xunqueira de Espadanedo, Larouco, Lobeira, Melón, Oímbra, Piñor, Porqueira, Taboadela, A Peroxa, Vilar de Santos e San Xoán de Río. Na provincia da Coruña: Toques, Santiso, Lousame, Aranga, Cabanas, Coirós, Dodro, Paderne, Vilasantar, Vilarmajor, Dumbría e Monfero. E na provincia de Lugo: O Páramo, Ribeira de Piquín, Samos e O Vicedo.

O concurso resolveuse a finais de ano. ¡Oh, sorpresa! A entidade adxudicataria foi a que ten máis implantación no territorio galego, que chega ao 97,7 % dos veciños de Galicia e que ten implantación no 85 % dos seus concellos. E, ademais, tamén foi a que puxou máis alto para financiar o custo deste servizo. Porque o custo para as arcas autonómicas é moito menor do que se está a dicir. Están a falar do importe polo que saíu a orde de convocatoria, pero vostedes deben quitarlle un cero aos tres millóns de euros que están a dicir, tanto vostede, señora Presas, como a súa voceira, e como onte á tarde tamén fixo o señor Caballero. O custo desta medida é dez veces menor, en concreto 300.000 euros ao ano. Por tanto, señoría, pido que tamén corrixan esta información que están a dar porque non se corresponde coa realidade.

¿Sabe canto supón para cada concello? 667 euros ao mes. Vaiamos, por exemplo, ao concello de Santiso, onde goberna o BNG e que solicitou este servizo. ¿Sabe canto supón por veciño? Xa llo digo eu: 43 céntimos ao mes. ¿Non cre que ben paga a pena facilitarlles estes servizos financeiros aos veciños a ese custo? Coido que os alcaldes e os veciños así o cren, porque así nolo están a demandar. (*Aplausos.*)

Isto en canto ás solucións alternativas que dentro das nosas posibilidades estamos levando a cabo como Goberno galego.

Exporeille agora o outro eido de actuación, no que está o Goberno central a mudar a normativa actual para garantir a prestación presencial dos servizos financeiros. Neste punto de novo Galicia adiantouse ao foco mediático e ao que están a pedir agora moitos organismos e institucións, como a Organización de Consumidores e Usuarios, ou mesmo a Generalitat de Cataluña, onde gobernan os seus compañeiros nacionalistas, que acaba de presentar a semana pasada unha iniciativa para que o Goberno central sexa o que obrigue os bancos a ter caixeiros en todos os municipios. É curioso: os nacionalistas cataláns recoñecendo que as competencias deste asunto son do Goberno central.

Pois ben, o Goberno galego, xa no pasado mes de setembro, nunha carta remitida polo conselleiro Valeriano Martínez, reclamou ao Goberno central unha coordinación e unha planificación a nivel estatal para garantir a accesibilidade a toda a poboación aos servizos



financeiros independentemente de onde residiran. Demandámoslle tamén un estudo detallado sobre o mercado financeiro actual e un paquete de medidas globais para abordar o problema no ámbito nacional, que abranguera a concentración bancaria, a competencia e o acceso aos servizos financeiros, en especial nas zonas rurais.

Tamén reclamamos un marco normativo común que regule a prestación universal dos servizos financeiros básicos, de xeito que se garanta a súa prestación a todos os cidadáns, cuns estándares de calidade e cun prezo accesible a todos —como digo—, e que agora xa é unha demanda estendida.

Por tanto —e remato xa—, unha preocupación e unha ocupación constante por parte do Goberno galego, que achegará moi pronto unha solución para os cidadáns que neste momento carecen de servizos financeiros presenciais.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Réplica, señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Ben, señor Corgos, para estaren vostedes tan preocupados no Goberno galego, máis ben deu poucas ideas. Eu saquei a conclusión de que non pensan facer nada máis que continuar cun tímido, loable pero insuficiente, traballo do Instituto Galego de Consumo, que nós cremos que debera ser reforzado —é unha parte fundamental das nosas preguntas—, e, basicamente, seguir inflando de cartos a banca privada para que manteña, timidamente tamén, algúns servizos que están pechando; ou sexa, un negocio redondo desde o punto de vista do empresario; é marabilloso: ti pechas o chiringuito e a Xunta págache para que o abras (*Aplausos.*) Non hai fisuras nese plan, non hai efecto chamada, porque os bancos, como son moi bos, como son moi bos, como son xente marabillosa que traballa para a beneficencia, van manter os servizos sabendo que pode haber unha administración que os axude a financeiros.

Mire, eu apenas me referín xa á cuestión escandalosa do tema dos caixeiros da Xunta, porque xa temos debatido sobre isto noutras ocasións e xa pedimos tamén reiteradamente aquí a rectificación, pero, xa que vostede se detivo niso, vouno facer agora. Nós sabemos perfectamente os datos. Eu non entrei na cuestión dos tres millóns, que sei perfectamente que é para varios anos. Pero é que mire, como se fose un euro, como se fose un euro, con cada entidade que foi rescatada con nove mil millóns, máis de nove mil millóns de euros do erario público, señor Corgos, que empezou a ter beneficios ao ano e medio seguinte, e que como se fose unha alternativa que nos custase un céntimo.

Nós o que dicimos é que para esa banca privada o que hai que facer son regulacións ambiciosas e presión política, que iso poderían facelo desde o ámbito de competencias da Xunta, e non regalarlle nin un céntimo do erario público para que sigan incrementando os seus beneficios, despedindo xente no país e abusando da sociedade. (*Aplausos.*) ¡É que, de verdade...!



E máis aínda cando vostedes buscaron favorecer premeditadamente a banca. Porque eu recordaba onte tamén, no debate que tivemos, como na anterior lexislatura, interpelando ao noso benquerido Valeriano Martínez, diciámoslle: podemos facer unha aposta, podemos meter nun sobre hoxe que entidade vai gañar este concurso e cando o concurso se verifique, abrímolos; e, ao final, pois o tempo deunos a razón, señor Corgos.

E mire, esta cuestión de servizos mínimos como un caixeiro e certa mobilidade de traballadores é algo que a banca xa facía, non é unha innovación que se lle ocorrera á Xunta, porque na Mezquita hai anos e anos que vai abrir un traballador de Abanca a oficina os días de feira, e como na Mezquita, pois en tantos sitios do resto do país.

A cuestión é o que hai a día de hoxe, e isto vincula a cuestión de cantas entidades perdeu Galiza; eu dei os últimos datos do Banco de España, porque son os máis recentes, simplemente. A cuestión non é se, en termos globais, independentemente da serie anual, podemos buscar unha na que Galiza sexa a sexta, a sétima, a décima ou a segunda comunidade que máis entidades perdeu. A cuestión é: ¿o que hai é suficiente para que os galegos e galegas, que non poden vivir sen unha conta bancaria, porque ninguén pode vivir neste país sen unha conta bancaria, teñan uns servizos minimamente dignos? Non. A resposta é non. E, por riba, é que, por riba, as entidades bancarias, claro, porque vostede dá aquí uns custos de canto repercute en cada veciño, como se despois os veciños non foran sableados polas comisións bancarias, ante as que tampouco se regula e ante as que tampouco se crean instrumentos ao abeiro do Instituto Galego de Consumo para reclamar en masa e para presionar.

E volvo poñer un exemplo da banca e do confinamento. Cando estabamos todos confinados na nosa casa, preocupados por como era o futuro do planeta, nas direccións dos bancos había alguén que dicía: ¡veña!, imos subir agora, imos aproveitar que todo o mundo está despistado, que non está pensando en sacar cartos do caixeiro, imos incrementar as comisións bancarias. Iso, se se corrixiu parcialmente, foi pola presión social que houbo posterior, pero é unha dinámica absolutamente indecente pola que cada vez a xente paga máis por uns servizos que non son mínimos e que non son bos. Polo tanto, hai un empeoramento das condicións.

E logo hai unha cuestión de fondo que é na que nós queremos insistir, que é o grave problema da exclusión financeira e que a Xunta ten que crear instrumentos de apoio e reforzar o Instituto Galego de Consumo, pedir cambios lexislativos ao Estado, facer demandas colectivas e exercer a presión política, que é a exclusión financeira de moitos galegos e galegas. Porque nestes días falamos moito das persoas maiores, que, evidentemente, unha dixitalización excluínte bótaos cara a fóra e hai que atender a vulnerabilidade que é que teñan a determinada idade que acabar xestionando as túas contas os teus netos ou un veciño, porque no banco non o fan e non te atenden.

Ese é un problema social gravísimo, non lle queremos quitar importancia, pero hai outro tamén, que é que a operación da banca é expulsar a clientela, e que hai moitísimos galegos e galegas que, co incumprimento que hai tamén do código de boas prácticas e da conta de pago básico, estanse vendo expulsados do mercado financeiro, e, polo tanto, aí tamén hai un problema no que a Xunta ten que exercer as súas competencias en materia de consumo e defendelos.



Polo tanto, a lista de deberes é moita e nós non restamos importancia a que desafortunadamente hai unha parte moi grande que corresponde ao Estado, pero tamén aí vostedes, que outras veces andan tan céleres para facer campaña contra o Estado, pois tamén poden sumar en positivo e facer propostas.

En todo caso, é unha responsabilidade propia, unhas competencias exclusivas en materia de consumo, e o poder político, o poder de presión que dá ter un goberno. Polo tanto, non se poñan do lado dos intereses da banca como substantivo común, ou da banca como nome propio, e poñanse do lado dos intereses da veciñanza deste país.

Nós, desde logo, traeremos unha moción con propostas para que deixen de desatender as súas responsabilidades e actúen desde o Goberno galego.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Peche da interpelación, conselleiro de Facenda e Administración Pública.

O señor CONSELLEIRO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA (Corgos López-Prado): Grazas.

Non lle caiba dúbida, señoría, de que os nosos intereses están de parte das necesidades da veciñanza galega e que estamos a exercer as nosas competencias, que son neste eido bastante cativas, e exixir tamén ao Goberno central as modificacións normativas pertinentes e exixir tamén ás entidades financeiras que enfronten a súa responsabilidade social igualmente.

Reitérolle que o Goberno galego non só está preocupado, senón que está ocupado hai xa moito tempo en favorecer o acceso aos servizos financeiros no eido rural. A Xunta de Galicia leva moito tempo traballando e anticipando alternativas, propostas e solucións, ás que cada vez máis organismos e entidades se suman agora. A hemeroteca reflicte as actuacións duns e doutros. Así, mentres vostedes criticaban a actuación da Xunta de Galicia e o convenio coa Fegamp, dende o Goberno galego estabamos a consensuar medidas cos concellos afectados, entre eles cos concellos de Toques ou de Santiso, dos que supoño que coñecerá os alcaldes, porque son do seu partido.

Mentres o BNG criticaba a Xunta por adoptar medidas a favor dos veciños, os alcaldes do BNG pedíannos que implantáramos eses servizos, seguramente porque así llelo demandaban os veciños. Entón, deberíamos poñernos de acordo en se esta medida favorece e soluciona as necesidades dos veciños ou non. Vostede di que non, pero os seus alcaldes dinnos que si, posiblemente porque os seus veciños están a demandarlles estes servizos.

Dende a Xunta temos claro que temos que facerlles caso aos alcaldes, que son os que ven a realidade e os problemas dos seus veciños, porque, claro, é moito máis fácil poñerse detrás



dunha pancarta e simplemente criticar que xestionar os problemas dos veciños; para criticar, ademais, iniciativas que se están a desenvolver en toda España e por todas as administracións.

Supoño que o BNG tamén estará en contra de que Correos instale caixeiros en municipios de toda España; ou supoño que o BNG criticará os seus amigos de Esquerra Republicana, que na Deputación de Tarragona teñen un convenio con CaixaBank para a instalación de caixeiros en pequenos concellos; ou supoño que o BNG estará en contra de que a Deputación de Barcelona, onde cogobernan os nacionalistas, anunciase a semana pasada unha medida similar. E —o caso máis recente—. Supoño que o BNG tamén estará en contra do acordo do pasado venres do Goberno de Aragón e as tres deputacións desa comunidade para poñer caixeiros en todos os municipios que non os teñen —que son máis da metade—, 400 e 731 concellos, onde vive o 4 % da poboación de Aragón; e, por certo, gastando a Deputación de Zaragoza só nesta medida máis dun millón de euros. Dígollo porque o BNG cogoberna en tres deputacións e, que eu saiba, non achegou ningunha solución a este problema común.

Señoría, a realidade é que todas estas administracións teñen en común a preocupación pola calidade de vida da poboación rural, e están interesadas en resolver os seus problemas. Iso si, as iniciativas que impulsa a Xunta de Galicia —como describín antes— son máis ambiciosas e non se limitan meramente á instalación de caixeiros: buscamos unha presencialidade física nos concellos a través de servizos de asistencia e de formación financeira que deben desenvolverse presencialmente, con persoal da propia entidade financeira. E seguro que haberá máis iniciativas neste sentido porque, insisto, son cada vez máis demandadas.

Neste sentido, voulle ler a recomendación que recentemente fixo a Organización de Consumidores e Usuarios —cito textualmente traducíndoo ao galego—: «É pouco probable que as persoas da xeración actual se convertan en usuarios dixitais no curto prazo, por iso ven precisos convenios de colaboración, por exemplo, con concellos, que permitan a instalación de caixeiros automáticos en dependencias municipais». Señoría, xusto na liña na que está traballando a Xunta de Galicia, pero xa hai máis dun ano.

Remato xa, señoría.

Todo este traballo impulsado polo Goberno galego dende hai xa bastante tempo e de xeito continuado permítenos dar hoxe dúas boas novas que agardo que vostede e o seu grupo tamén consideren positivas. A primeira é que a entidade financeira con maior implantación da rede territorial en Galicia confirmou que non pechará ningunha oficina naqueles concellos nos que sexa a única entidade financeira; e isto xa o fixo, non no publicitado acordo de antonte, senón o pasado día 9 de febreiro. E a segunda, que no mes de marzo comezará a posta en servizo dos caixeiros e dos servizos de asistencia financeira e de formación aos veciños nos concellos que así o solicitaron. Por tanto, semana a semana iranse implantando estes servizos financeiros en 38 concellos que non contan con prestación personalizada, con oficinas bancarias, e que o solicitaron, para achegarlle unha solución a máis de cinco mil galegos e galegas que así o precisan.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)



O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Pasamos ao punto 6 da orde do día, preguntas ao Goberno.

Pregunta de D^a María Elena Suárez Sarmiento e sete deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre o proxecto que ten previsto acometer o Goberno galego en Vilagarcía de Arousa para mellorar o saneamento

O señor PRESIDENTE: Comezamos coa pregunta de dona María Elena Suárez Sarmiento, do Grupo Parlamentario Popular.

Cando queira.

Déanlle voz ao escano da señora Suárez Sarmiento, por favor.

A señora SUÁREZ SARMIENTO: Grazas, presidente.

Bo día, señorías.

Grazas, conselleira, por estar aquí hoxe para responder a esta pregunta de tanto interese para Vilagarcía.

Como todos sabemos, a lei establece que os concellos son os responsables da súa rede de saneamento e os encargados de garantir o abastecemento da auga potable aos domicilios, controlar os vertidos e xestionar as estacións depuradoras de augas residuais.

Como vilagarcíá, teño que lamentar o deficiente estado da rede de saneamento municipal da miña cidade, a cal presenta unha serie de problemas que levan demasiado tempo sen resolverse e que están xerando un grave prexuízo non só para a cidadanía senón tamén para a calidade ambiental da ría de Arousa.

Por unha banda, esas deficiencias provocan inundacións cando se producen choivas —aínda que non sexan demasiado intensas—, que á súa vez supoñen un aumento do colapso circulatorio —xa existente de forma habitual— provocado polas nefastas decisións do Goberno local en materia de mobilidade e de tráfico.

Outra das consecuencias do deficiente saneamento en Vilagarcía son os recorrentes vertidos que conlevan continuas aperturas de expedientes ao Concello de Vilagarcía coas súas correspondentes sancións e que, a maiores, provocan inxeccións de contaminantes á ría de Arousa.

Por último, é necesario destacar que a mala xestión municipal no saneamento pode producir a diminución da debida garantía sanitaria da auga que consumimos.

Como dicía, a resolución destes problemas correspóndelle ao Concello de Vilagarcía, pero, nun novo exemplo de colaboración institucional, a Xunta de Galicia, a instancias da Conse-



llería de Infraestruturas que vostede dirixe, vén de aprobar recentemente no Consello da Xunta a mellora do sistema de saneamento de Vilagarcía financiado integramente polo Goberno autonómico e cuxo investimento ascende a case dez millóns de euros; un proxecto co que se pretende acometer as actuacións necesarias para mellorar o sistema de saneamento de Vilagarcía e que, xunto coa ampliación da EDAR xa anunciada pola Xunta hai uns meses, permitirá a redución dos vertidos e contribuirá de xeito decisivo á mellora da saúde ambiental da ría de Arousa, cun investimento total de 33,5 millóns de euros.

De aí que no Grupo Parlamentario Popular lle queiramos preguntar: ¿en que consiste o proxecto que ten previsto acometer o Goberno galego en Vilagarcía de Arousa para mellorar o noso saneamento?

Polo de agora, nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Suárez.

Resposta da conselleira de Infraestruturas e Mobilidade.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE (Vázquez Mourelle): Grazas, presidente.

Pois, señoría, o certo é que compartimos a súa preocupación. Dende logo que o saneamento das rías galegas é un obxectivo estratéxico para este goberno, fundamental por saúde pública e tamén polo que inflúe en actividades económicas tan importantes en Galicia, como son a pesca, o marisqueo, a acuicultura e tamén mesmo o turismo.

E, como dicía vostede, eu creo que aquí nesta Cámara somos todos conscientes de que a competencia de saneamento, depuración e abastecemento son competencias municipais. Aínda así, arrimamos o ombreiro dende a Xunta de Galicia e axudamos os concellos. Nesta última década, no saneamento de rías, levamos xa investidos cincocentos millóns de euros axudando os concellos para sanear as rías.

Na ría de Arousa, o Concello de Vilagarcía non foi alleo a este esforzo que estamos a realizar dende a Xunta de Galicia para axudar a realizar as obras de saneamento e depuración necesarias. En concreto, a ría de Arousa, xunto coa ría do Burgo, foi das primeiras rías onde implantamos e desenvolvemos un plan de saneamento local que nos permitiu coñecer palmo a palmo as deficiencias e definir as obras e os investimentos necesarios para paliar o problema de saneamento. E grazas a ese plan de saneamento local que promovemos, Vilagarcía no día de hoxe ten unha ferramenta importantísima para exercer mellor esas responsabilidades de saneamento e depuración.

A pesar de ser competencia —como digo— dos concellos, na ría de Arousa no día de hoxe xa levamos investidos 70 millóns de euros para mellorar a calidade das augas, por responsabilidade ambiental e por responsabilidade tamén económica e social. E seguimos traballando para atallar os problemas e mellorar a calidade das augas, e mellorar o saneamento e depuración nas rías de Galicia e, por suposto, en Vilagarcía. Estamos a facer un esforzo para axudar



—dende o punto de vista técnico e dende o punto de vista económico— o Concello de Vilagarcía, porque somos conscientes deses problemas reais que existen e dos vertidos importantes como consecuencia do deficiente estado da rede municipal. Estamos a falar de sólidos, de entrada da auga de mar e de ineficiencia nos colectores que realmente provocan vertidos importantes ao río Con, que, á fin e ao cabo, tamén son vertidos á ría de Arousa.

Queremos paliar eses problemas, por iso axudamos, e asumimos directamente esa solución en solitario. Acabamos de licitar dez millóns de euros na renovación do colector en Vilagarcía de Arousa para poñer fin a eses vertidos que se están a provocar na rede municipal, e queremos unha solución integral xunto coa depuradora. Esa solución integral con esta rede de colectores e coa depuradora permitirá reducir nun 97 % os vertidos actuais da rede de saneamento en Vilagarcía á ría de Arousa; polo tanto, unha redución do 97 % dos vertidos que o saneamento de Vilagarcía lle fai á nosa ría.

Pola miña parte, nada máis. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Para a réplica, a señora Suárez.

A señora SUÁREZ SARMIENTO: Grazas, presidente.

Señora conselleira, quero transmitirlle o meu agradecemento pola aposta decidida por Vilagarcía do departamento que vostede dirixe, tanto no que se refire ao Plan de saneamento co investimento total de 33,5 millóns de euros dos que estamos a falar nesta intervención como no proxecto do nodo intermodal, consistente na conexión da estación de tren coa estación de autobuses, cun investimento de máis de 1,3 millóns de euros e que vai supoñer un grande avance para a miña cidade, ou a demandada obra de mellora da mobilidade entre as parroquias de Bamio e de Carril.

Desde o Grupo Parlamentario do Partido Popular queremos facer un recoñecemento á preocupación e á ocupación constante da Xunta de Galicia na mellora dos servizos de abastecemento, saneamento e depuración dos concellos galegos. De feito, é pública e notoria a implicación técnica e económica do Goberno autonómico nesta materia, en contraposición á falla de compromiso dalgunhas administracións como, por exemplo, a Deputación de Pontevedra, que en teoría ten dentro das súas funcións apoiar os municipios, especialmente os máis pequenos, pero neste asunto nin está nin se lle espera.

Cónstanos que as actuacións previstas en Vilagarcía forman parte dun programa máis amplo que o Goberno galego vén desenvolvendo nos últimos anos co obxectivo último de acadar o saneamento integral da ría de Arousa e que teñen suposto un importante investimento por parte da Xunta de Galicia, que, á parte de mellorar a calidade da vida diaria das persoas, contribúe a preservar o medio natural, o turismo, a pesca e o marisqueo.

Conselleira, gustaríame nesta segunda quenda que me relatara as actuacións concretas do proxecto de mellora do saneamento en proceso de licitación por parte da Consellería de In-



fraestruturas que se vai desenvolver no concello de Vilagarcía de Arousa por un importe de 10 millóns de euros.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Suárez.

Bueno, pois temos un problema co ordenador hoxe. Levamos toda a mañá con problemas. Vou intentar controlar eu o tempo desde aquí.

Entón, para o turno de peche desta pregunta, ten a palabra a conselleira de Infraestruturas e Mobilidade.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE (Vázquez Mourelle): Grazas, presidente.

Pois, señoría, dende logo que nos preocupa o impacto do mal funcionamento da rede municipal de Vilagarcía; o impacto que ten na calidade das augas e tamén nos profesionais do mar e, polo tanto, nos sectores económicos que traballan no mar. Nese sentido, reservamos dez millóns de euros para mellorar a rede de saneamento municipal no concello de Vilagarcía, un proxecto importante que supón renovar a rede de colectores na avenida de Rodrigo Mendoza, dous tanques de tormenta na contorna da praza e tamén na zona de Fexdega. Tamén renovaremos colectores na rúa García Caamaño, tamén o bombeo necesario e a rede de impulsións; en total, estamos a falar dun quilómetro de conducións e tamén dun quilómetro de impulsións, e eses dous tanques de tormenta. Polo tanto, é unha actuación ambiciosa e importante para renovar esa rede de colectores de Vilagarcía, que está a provocar un impacto na calidade das augas do río Con e, polo tanto, na calidade das augas da ría de Arousa. Queremos un sistema eficiente e renovado; e sobre todo ben planificado, porque son obras que son consecuencia dunha planificación e do coñecemento e deste Plan de saneamento local que impulsamos dende a Xunta de Galicia.

Estas obras do colector licitámolas no mes de febreiro en 9,8 millóns de euros. Están en fase de licitación, e o próximo 11 de marzo rematará o prazo de presentación de ofertas para as empresas interesadas. É un prazo de 24 meses; polo tanto, a nosa previsión é iniciar esas obras de renovación do sistema de saneamento municipal de Vilagarcía a finais do verán con dez millóns de euros. Será un fito importante para atallar os problemas actuais, e, polo tanto, un traballo importante para iniciar estas obras —como digo— a finais do verán, cun prazo de 24 meses. Xunto á depuradora —na que tamén estamos traballando, que temos planificado e que temos reservado tamén, avanzando nese crédito para esa depuradora—, o que queremos conseguir é que, grazas a estas obras ambiciosas e integrais, reduzamos nun 97 % os vertidos que actualmente dá a rede de saneamento de Vilagarcía á ría de Arousa.

Polo tanto, facilitaremos o traballo do sector do mar e melloraremos a calidade das augas grazas a estas obras. Isto pon de manifesto a preocupación, o coñecemento e o traballo da Xunta de Galicia pola mellora da calidade das augas nas rías, grazas, aquí, no concello de Vilagarcía, á mobilización da renovación da rede de colectores e dunha nova depuradora de



33 millóns de euros que queremos realizar e que se acompañará con esa lei que queremos tramitar, porque tan importante é facer obras como exportalas ben.

Por iso, grazas a esa lei que traeremos no primeiro trimestre a este Parlamento, o Concello de Vilagarcía poderá encomendarlle a depuradora a Augas de Galicia, e sen custo ningún superior ao que se lles está cobrando aos veciños no día de hoxe.

Pola miña parte nada máis. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Non, non, ela dixo Vilagarcía. *(Murmurios.)* Si, eu entendín iso, jeh! Si, si. Eu entendín Vilagarcía sempre. Pero, ben, isto tampouco é... *(Murmurios.)* Non imos pórnos agora a discutir aquí isto que... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Murmurios.)*

Ben, estamos todos de acordo, ¡home! Estamos todos de acordo, Ourense é Ourense, está todo aí máis ou menos. Vai todo ben. *(Murmurios.)* Non hai problema. ¡Veña, vamos alá!

Pregunta de D^a Ana Pontón Mondelo e dezaioito deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto do futuro da concesión da central hidroeléctrica Ponte do Inferno, no río Verdugo

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra o señor Manuel Lourenzo Sobral, do Bloque Nacionalista Galego.

O señor LOURENZO SOBRAL: Moitas grazas, presidente.

O 8 de febreiro do 2017, dous meses antes de que rematase o prazo concesional á central hidroeléctrica do Ponte do Inferno, no río Verdugo, o BNG rexistra unha iniciativa sobre a extinción da concesión. A Xunta non responde.

O 5 de abril do 2018, nova iniciativa do BNG sobre a central do Inferno, artigo 9 esta vez. *(O señor Lourenzo Sobral amosa un documento.)* A Xunta, evasiva ou non responde.

O 3 de agosto do 2019, *(O señor Lourenzo Sobral amosa un documento.)* nova iniciativa respecto das concesións hidroeléctricas caducadas. A Xunta, evasiva ou non responde.

Setembro do ano 2020, nova solicitude de documentación, *(O señor Lourenzo Sobral amosa un documento.)* esta vez referida aos trámites xurídicos da central da Ponte do Inferno, do expediente de caducidade. A Xunta, evasiva ou non responde.

O 4 de novembro do ano 2020, *(O señor Lourenzo Sobral amosa un documento.)* nova pregunta sobre a concesión caducada na central hidroeléctrica Ponte do Inferno. A Xunta, evasiva ou non responde.

O 11 de marzo, o 7 de outubro do 2021..., *(O señor Lourenzo Sobral amosa un documento.)* iniciativas do BNG, Adegas, Pladever..., e a Xunta, evasiva ou non responde. *(Aplausos.)*



Señora conselleira, só o desprezo a esta Cámara que demostra toda esta documentación coa que se responde con evasivas ou sen responder debería facer que a calquera goberno se lle derretese a cara de vergoña. (*Aplausos.*) Pero, claro, o peor de todo é que nisto acontece como nas redes: «*lo que vendrá después te sorprenderá*». E se imos ver o que acontece, o que se demostra é que o papelón da Xunta de Galiza tivo como única finalidade apoiar e defender os intereses das súas empresas amigas, neste caso Naturgy. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Vexamos o panorama. (*Murmurios.*) ¡Se é moi doado de ver! A concesión a Naturgy, na central hidroeléctrica de Ponte do Inferno, remataba en abril do 2017. Fíxese: o BNG, Pladever, Adegas e outras organizacións levaban demandando dende dous meses antes, dende febreiro do 2017, que se iniciase o trámite de extinción. A Xunta non move nin un papel ata que, obrigados pola presión de Adegas e Pladever en decembro do 2019, ten que iniciar expediente. ¿E como se resolve? ¡A ver se o acertamos! Pois publicando a finalización dese expediente dez días despois de que caducase o período legal. (*Aplausos.*) Co cal, temos que volver iniciar o expediente mentres Naturgy seguía turbinando, mentres os mesmos que nos sablean no recibo da luz cada mes tiñan o beneficio da Xunta de Galiza e namentres atacaban o caudal do río Verdugo, o fondo da ría e os bancos marisqueiros.

Señora conselleira, ¿parécelle esta actitude de recibo? (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Lourenzo Sobral.

Resposta da conselleira de Infraestruturas e Mobilidade.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE (Vázquez Mourelle): Grazas, presidente.

Señoría, de evasivas, nada. Este é un goberno que dá a cara. (*Murmurios.*) (*Aplausos.*) ¡E xa me gustaría que deran vostedes a cara, se tanto lles preocupan os aproveitamentos hidroeléctricos, cando se baleiraron os do Miño e o Sil! Evasivas, vostedes. Polo tanto, señoría, a min sorpréndeme que me pida que non cumpra os procedementos e que incumpra a lei. Creo que a resposta á súa pregunta é obvia, tan obvia que nós imos cumprir a lei, nin máis nin menos. Porque somos un goberno responsable e que dá a cara. E, para evasivas, vostedes, e xa o vimos onte no Plan de transporte, evasivas... (*Murmurios.*) Sen comentarios, ademais. Somos un goberno que dá a cara, ben o sabe algún que está ao seu lado, que damos a cara.

Polo tanto, nós cumprimos a lei. Coñecemos a lei. A demarcación Galicia-Costa é a nosa competencia, tamén a Lei de augas, o Regulamento de dominio público hidráulico e o Plan hidrolóxico de Galicia-Costa, que eu agardo que vostede o coñeza. Polo tanto, seguimos a normativa caso por caso, porque aquí non vale unha solución xeral, se é o que me está a pedir. De repente, unha solución xeral. Non, cada cousa ten a súa peculiaridade, caso por caso e paso a paso, pero cumprindo os procedementos. Non me pida que incumpra os procedementos. Imos seguir, porque somos un goberno responsable, tramitando as cousas, cos informes pertinentes de cada servizo de Augas de Galicia.



Creo que son oportunas algunhas consideracións xerais. Vostede sabe que os aproveitamentos hidroeléctricos en Galicia-Costa son unha parte mínima dos de Galicia. Os de maior envergadura son os do Miño-Sil. (*Murmurios.*) ¡Pero se lles importan os aproveitamentos hidroeléctricos, teremos que falar dos aproveitamentos hidroeléctricos! Son Miño-Sil. ¿Que fixeron vostedes co baleirado dos encoros do Miño-Sil —ademais en plena seca, que vexo que non lles preocupa nada, e iso si que son evasivas, evasivas, evasivas—, porque son socios do Goberno de España e do Ministerio para a Transición Ecolóxica? (*Aplausos.*) Se tanto lles preocupan, ¿por que non me preguntan por eses aproveitamentos hidroeléctricos? Nós antepuxemos o interese xeral neses aproveitamentos hidroeléctricos e tamén nestes en Galicia-Costa.

Dende logo, nós seguiremos traballando, a pesar das súas evasivas en Galicia-Costa e nos aproveitamentos hidroeléctricos, tanto polos de Galicia-Costa como polos dos Miño-Sil, analizarémolos polo miúdo e, por suposto, antepoñendo o interese xeral. Pero, señoría, non me pida que salte os procedementos legais.

Nós estamos aquí para dar a cara, sempre a damos, e gustaríame dicirlle que, xa que tanto lle preocupan os aproveitamentos hidroeléctricos, hai aproveitamentos hidroeléctricos de gran calado no Miño-Sil, pero o que vexo nesa bancada son evasivas e máis evasivas nos aproveitamentos hidroeléctricos do Miño-Sil.

Pola miña parte, nada máis. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Para a réplica, o señor Lourenzo Sobral.

O señor LOURENZO SOBRAL: Por suposto que dan a cara, señora conselleira, pero é unha cara durísima en beneficio de Naturgy. (*Aplausos.*)

E xa que falan de cumprimento dos protocolos e dos procedementos, pois mire, a Fiscalía ve un delito ambiental, de Medio Ambiente, na presa do Inferno. (*O señor Lourenzo Sobral amosa un documento.*) Aquí esqueceulles cumprir a lei e esqueceulles cumprir os protocolos. (*Aplausos.*)

Os veciños, de Ponte Caldelas neste caso, denuncian un exceso de produción de enerxía na presa de Ponte do Inferno, no río Verdugo. (*O señor Lourenzo Sobral amosa un documento.*) Aquí esqueceulles cumprir a lei e esqueceulles cumprir o protocolo.

Soutomaior. Fíxese —que xa non é que o digamos nós—, o Concello de Soutomaior (*Murmurios.*) inicia o trámite, pide o trámite, para retirar a presa de Ponte do Inferno no río Verdugo. ¡É que non lles fan caso nin aos seus alcaldes, señora conselleira! (*Aplausos.*) Tamén nisto lles esquece cumprir a lei e lles esquece cumprir os procedementos.

Mire, señora conselleira, vostedes teñen dúas opcións: ou vir aquí e dicir que todo o mundo —ecoloxistas, o BNG, os seus alcaldes e os concellos da contorna do Verdugo— está equivocado e que vostedes non sabían nada —e nese caso son vostedes uns incompetentes—,



ou o que sería peor: que vostedes si saiban algo, que si souberan o que estaba a acontecer, e que conscientemente deixasen caducar ese expediente para beneficiar a Naturgy, que foi o que fixeron. E, nese caso, o que demostra é o que son vostedes: unha estrutura ao servizo das empresas amigas do Partido Popular para beneficialas; (*Aplausos.*) para beneficialas pasando por riba dos intereses do Concello de Soutomaior, para beneficialas pasando por riba dos intereses das mariscadoras e dos bancos marisqueiros do fondo da ría. (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio!

O señor LOURENZO SOBRAL: E para beneficialas pasando por riba mesmo desta Cámara e de cumprir os mínimos, que é responder aos representantes deste pobo neste Parlamento. Non cumpren a lei, e dan a cara...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Lourenzo Sobral.

O señor LOURENZO SOBRAL: ...pero é unha cara moi dura.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Para o peche da pregunta, a conselleira de Infraestruturas e Mobilidade.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE (Vázquez Mourelle): Grazas, presidente,

Porque fale tan alto non vou saltar o procedemento. (*Risos.*) (*Aplausos.*) Vou seguir o procedemento. Creo que estamos cercanos e que nos escoitamos ben. Polo tanto, eu creo que falo con claridade e que podemos falar con claridade, pero, en calquera caso, porque fale máis alto, non imos saltar o procedemento, imos seguir a lei. Nese sentido, (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) eu pediría un respecto para todos os que traballan en Augas de Galicia, e xa non por min, senón polos que traballan en Augas de Galicia, porque eu estou xa acostumada a insinuacións e, dende logo, a inxurias que nada teñen que ver coa realidade.

Pero eu digo: supoño que saberá cales son as condicións da extinción dunha concesión, supoño que as saberá, se tanto sabe de lei e do procedemento que teño que aplicar. Son catro: remate de prazo, renuncia do concesionario, expropiación e tamén incumprimentos. Polo tanto, cando acontece un deses catro casos, Augas de Galicia realiza un informe exhaustivo, analizado caso a caso... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Tranquilo vostede, que cando haxa un informe exhaustivo coa resolución correspondente, comunicarémolo, que damos a cara, non damos evasivas. Pero aquí non vai firmar o técnico de Augas, o que vostede queira, a dedo. Aquí seguimos un procedemento. Vostede si que parece que quere que se asine o que diga vostede porque si. Hai que analizar as cousas, ver os impactos ambientais, os impactos sociais, os impactos económicos e todo. Non porque o diga vostede ten que ser así.



Señoría, creo que é un respecto aos procedementos e aos técnicos de Augas de Galicia que asinan os expedientes. Polo tanto, pode ser viable ou non, (*Murmurios.*) haberá que xustificar se é viable ou non, e, no caso de que non sexa viable, como se repón o estado orixinal. (*Murmurios.*)

Non me queira descentrar, que lle estou contestando. Pero, mire, eu tamén podo sacarlle os encoros do Miño-Sil. ¿Que pasa coas evasivas? Se tanto lle importan os aproveitamentos hidroeléctricos, Naturgy e todas esas empresas hidroeléctricas, ¿por que están con evasivas cos aproveitamentos do Miño-Sil, (*Murmurios.*) que estamos en prealerta de seca? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¡Ah, non! Aí non pasa nada, aí somos... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Claro, hai que ser bos...

O señor PRESIDENTE: Silencio.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE (Vázquez Mourelle): Aquí hai que atacar a Xunta de Galicia nada máis... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Vale...

O señor PRESIDENTE: Silencio.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE (Vázquez Mourelle): E cos encoros do Miño-Sil, como dependen do Goberno de España, pois case que calamos, evasivas... (*Murmurios.*) Porque, ben, son os nosos socios.

En Ponte do Inferno estamos a ultimar os informes, tendo en conta as peculiaridades dese aproveitamento hidroeléctrico, por suposto que si, cos informes técnicos pertinentes e coa resolución pertinente, non porque mo diga vostede. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) E, polo tanto, o procedemento regrado, co informe técnico e con prazo de audiencia. Haberá prazo de audiencia, non se preocupe, para este procedemento. E o resultado dese informe emitirase con base no interese xeral, tendo en conta o impacto social, o impacto económico, o impacto natural e patrimonial.

Polo tanto, por máis que berre, non imos saltar o procedemento.

Pola miña parte, nada máis. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Seguinte pregunta.

Pregunta de D. Adrián Pardo López e sete deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a valoración da Xunta de Galicia do Bono Alugueiro Mozo aprobado polo Real decreto 42/2022

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra a señora María Begoña Freire Vázquez, do Grupo Parlamentario Popular.

A señora FREIRE VÁZQUEZ: Grazas, presidente.



Bo día, señora conselleira.

O pasado 19 de xaneiro publicábase no *Boletín Oficial do Estado* o Real decreto 42/2022, do 18 de xaneiro, polo que se regula o Bono Alugueiro Mozo, xunto co Plan estatal de acceso á venda 2022-2025.

A esa publicación precedérona moitos anuncios durante meses, pero tampouco se concretaba se se trataba dun programa puntual para un ano ou dous, ou se se trataba dun programa previsto para ter continuidade no tempo; mesmo se indicaba que ía ser un incentivo puntual só ata a convocatoria das próximas eleccións xerais.

Pois ben, despois da expectación xerada durante meses e meses polo anuncio do Bono venda para o alugueiro de 250 euros mensuais, os estudos revelan que a porcentaxe de mozos que se poderían beneficiar desta axuda é meramente residual. De feito, o Goberno estatal xa sinalaba que prevía chegar a 70.000 persoas en todo o territorio nacional, o que supón unha mínima porcentaxe, menos do 1 %, das persoas de entre os 18 e os 35 anos. En Galicia, segundo as estimacións feitas polo Instituto Galego da Vivenda e Solo, esta axuda apenas vai chegar ao 1,4 % dos posibles beneficiarios.

Dende o Goberno galego insistiuse en repetidas ocasións en que se tivesen en conta as achegas e a experiencia das distintas comunidades autónomas, as cales, ademais de ter a competencia exclusiva en materia de vivenda, son as que xestionan os distintos programas.

O mesmo pasa co Plan de vivenda estatal 2022-2025, publicado tamén no BOE do 19 de xaneiro, e tamén coa futura Lei estatal de vivendas en consenso, en consulta previa coas distintas comunidades autónomas; é máis, invadindo as competencias exclusivas e autonómicas en materia de vivenda, como xa manifestou o Consello Xeral do Poder Xudicial.

Ao final, o *Boletín Oficial do Estado* confirma o que xa se temía: que as medidas que está aprobando o Goberno central sen consenso non se adaptan ás características de cada territorio.

Dende a Xunta de Galicia xa se trasladou ao Goberno central que os mecanismos de acceso ao Bono Alugueiro Mozo non priorizan os galegos con maiores necesidades, co que non se daría cumprimento aos obxectivos aos que debería ir destinado.

Por tal motivo, queremos preguntarlle, señora conselleira: ¿que valoración fai a Xunta de Galicia do Bono Alugueiro Mozo, aprobado polo Real decreto 42/2022?

De momento, máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Freire.

Resposta da conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto): Moitas grazas, señor presidente.



Señora Freire, como vostede acaba de lembrar, Galicia conta con competencias exclusivas en materia de vivenda. Así as leva exercendo durante varias décadas, e faino con responsabilidade e seriedade.

Nos últimos meses estamos asistindo a un intento por parte do Goberno central de interferir e de recentralizar moitas das competencias que temos as comunidades autónomas en Madrid, algo que é inaudito e non ten lóxica, impondo os seus criterios e tomando decisións sen contar coas opinións das comunidades autónomas, que levamos anos realizando a súa xestión. E, por suposto, tampouco contan coa realidade da poboación nin coa singularidade das distintas comunidades autónomas.

O principal exemplo desta iniciativa —acaba de lembralo vostede— é o texto da futura Lei de vivenda estatal, contra a que xa nos manifestamos dende a Xunta de Galicia, xa se manifestaron outras comunidades autónomas e tamén o fixo o Consello Xeral do Poder Xudicial, pero onte mesmo tamén saía á palestra e se pronunciaba a Comisión Galega de Competencia, que temos aquí na nosa comunidade autónoma.

Pero o Goberno está facendo caso omiso de todas estas chamadas de atención e, polo tanto, non nos queda outra máis que recorrer este texto pola vía xudicial, debido ás consecuencias negativas que pode ter para Galicia.

Pero non é este o único atranco co que nos atopamos polo camiño. Tamén nos encontramos con que, de xeito unilateral, se aprobou, sen previa información, o Plan estatal 2022-2025, así como o Bono Alugueiro para Mozos, polo cal vostede me pregunta no día de hoxe, e para o que, segundo a repartición establecida polo Estado, Galicia vai recibir 11,4 millóns de euros, que vén ser un 5,7 % do total dos 200 millóns que fixou a Administración estatal para este bono. Un bono que, tal e como di o texto, tería que ser para dous anos, o ano 2022 e o ano 2023, pero tan só temos a contía para o ano 2022.

Lamentamos que, despois de grandes expectativas que se crearon entre a mocidade, ao final, co que nos vaiamos atopar sexa con que tan só un 1,4 % dos mozos galegos que poderían ter opción vaian recibir este bono. En total, temos uns douscentos oitenta mil mozos que reunirían estes requisitos e tan só catro mil mozos galegos terán esta opción.

Pero, imos máis alá. Non só se trata de cifras, senón de quen debe recibir este bono, e aquí non hai diferenza. Ao tratarse de concorrencia non competitiva, o que primeiro chegue vai ser o que primeiro o leve, sen haber diferenzas de se ten máis ou menos necesidade, algo que por parte das comunidades autónomas tamén fixemos saber na Conferencia Sectorial.

Moitas grazas, presidente. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, conselleira.

Para a réplica, a señora Freire Vázquez.

A señora FREIRE VÁZQUEZ: Grazas, presidente.



Grazas, señora conselleira, pola súa resposta e polo seu traballo.

Dende logo, para este grupo parlamentario é preocupante que todas as medidas que está adoptando o Goberno central en materia de vivenda se decidan pola porta de atrás, sen ter en conta a opinión, máis que válida, das distintas comunidades autónomas; sen ter en conta a súa experiencia na xestión, porque ao final son as comunidades as que teñen que convocar, instruír, tramitar e resolver os expedientes e as solicitudes; sen ter en conta tampouco as características propias de cada territorio e a realidade da súa poboación; e saltándose mecanismos de colaboración e coordinación legalmente establecidos, como pode ser, neste caso, a Conferencia Sectorial de Vivenda.

É preocupante que o Goberno central se atreva a tramitar un texto de lei de vivenda que é inconstitucional, sobre o que foi advertido previamente polas distintas comunidades autónomas, mesmo por Galicia, e sobre o que foi advertido tamén polo propio Consello Xeral do Poder Xudicial e tamén polo Consello da Competencia.

Falaba vostede, señora conselleira, das consecuencias negativas que este texto podería ter para Galicia.

En canto ao Bono Alugueiro Mozo, dicía, señora conselleira, que, segundo a repartición establecida inicialmente polo Estado, Galicia recibiría o 5,70 % para este ano 2022. Tendo en conta xa o tempo transcorrido dende esa publicación, o pasado 19 de xaneiro, no *Boletín Oficial do Estado*, pediríamos se puidese concretar se os fondos que lle corresponden a cada comunidade autónoma para a xestión do programa están xa transferidos ás distintas comunidades, e concretamente a Galicia, e cal é a fórmula para a súa aplicación e para proceder, no seu caso, á súa convocatoria.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Freire.

Para o peche desta pregunta, a conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto): Grazas, señor presidente.

Dende logo, agradezo, señora Freire, a súa pregunta porque é fundamental que os xoves teñan información e, sobre todo, que haxa transparencia.

Imos comezar o mes de marzo e aínda non recibimos os fondos. Ee eu quero lembrar distintas datas, como o 6 de outubro, na que o señor Sánchez, por todo o alto, anunciou xa estes fondos para os mozos —o 6 de outubro Sánchez anuncia o bono—, ou como o 18 de xaneiro, que se aproba no Consello de Ministros, e o 2 de febreiro convócase a Conferencia Sectorial. Parece ser que mañá imos ter a primeira multilateral esta cos directores xerais; é dicir, que aínda comezamos o camiño. Iso quere dicir que imos estar en marzo e aínda os fondos non foron transferidos. Pasaron cinco meses, ¡son cinco meses de anuncios!, onde os mozos e



as mozas están chamando e aínda non podemos darlles respostas, porque aínda empezamos a negociar como se vai poder solicitar ou non, despois de que todos requiriramos unha plataforma única para toda España, porque se permite a mobilidade, co cal máis vale que esteamos perfectamente coordinados ou, se non, pode haber mozos e mozas galegas —os poucos que os vaian recibir— que aínda por riba se sintan prexudicados.

Polo tanto, aínda temos que asinar un convenio —que é como se vén facendo— e téñennos que transferir o orzamento. Sabemos dese orzamento, que é de 11,4 millóns para o ano 2022, pero non sabemos o que vai acontecer no ano 2023. E se é importante saber o orzamento, por suposto, tamén é importante saber os prazos e como debe de facerse.

E falando de prazos, asistimos durante os últimos días a que o delegado do Goberno se pasea por distintos pobos ou por distintas cidades pouco menos que chamando vagos ou maleantes os funcionarios do IGVS, porque di que non espabilamos e que, polo tanto, non sacamos as convocatorias. E a min dáme a risa, porque ¡como imos quitar as convocatorias, se non temos orzamento e nin sequera sabemos que é o que temos que facer ao respecto! Iso dígoo nese sentido. Como tamén o podo dicir do Plan estatal de vivenda, que, como sabedes, pasa de nove a trece bases. Son convocatorias que chocan coas que ten implantadas tamén a comunidade autónoma.

Pero podo poñer outro exemplo: os días 14 e 15 de febreiro, en relación cos fondos europeos —que tanto falamos deles—, aínda nos fixeron petición de cambios de bases. Co cal eu non sei como o delegado nos pode exixir ou nos pode dicir: ¡mire, que non están facendo nada, que xa teñen todo aí disposto e que lentos son! Pois esta é a realidade; co cal a canción esta de «imos contar verdades»..., as verdades están nas datas que eu lle acabo de relatar.

Moitísimas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora conselleira.

Pregunta de D^a Paloma Castro Rey e D. Pablo Arangüena Fernández, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a solicitude á Valedora do Pobo dun informe respecto de posibles casos de abusos a menores por parte de persoas vinculadas a centros educativos da Igrexa católica

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra a señora Castro Rey.

A señora CASTRO REY: Grazas, presidente.

Bo día a todos e a todas.

No pleno de onte debatemos unha proposición non de lei na que se pedía a condena do Parlamento aos abusos sexuais a menores no seo da Igrexa católica e o apoio ás vítimas, pedindo ademais a colaboración do Goberno da Xunta en calquera investigación destinada a esclarecer estes casos.

Neste debate, o Partido Popular seguiu a súa liña de relativizar o papel da Igrexa nos abusos, defendendo que os abusos a menores se dan en todos os ámbitos; incluso chegou a matizar



que cunha maior intensidade en contornas achegadas ao núcleo familiar, e puxo en valor as políticas da Xunta enfocadas a loitar ou a paliar estas situacións.

Chamounos, ademais, moito a atención como a deputada do Partido Popular medía enormemente as súas palabras cando se refería á posibilidade —innegable, por outra banda— de que dentro da Igrexa católica tamén puideran darse casos —díxoo en varias ocasións coa boca pequena— e tamén cando as perpetraran algúns membros da Igrexa católica.

Esta actitude o que reflicte é a influencia e o poder que aínda ten a Igrexa na nosa sociedade e aclara por que moitos pedófilos se agochan tras esta superioridade que outorga pertencer a esta institución para poder actuar con total impunidade. Isto leva sendo así moitos anos e segue sendo agora, porque non esquezamos que o problema segue aí. Por iso, é necesario que a Igrexa católica deixe ese muro de silencio, de falsas promesas ou auditorías de parte e comece a implicarse de forma activa no esclarecemento da verdade, da condena aos culpables, na restauración das vítimas e na prevención para evitar que isto continúe pasando.

A Igrexa ten que colaborar coa xustiza de maneira activa e inequívoca no esclarecemento da verdade, na identificación dos pedófilos e no desenmascaramento dos encubridores. E iso é unha obriga, xa que, se aplicamos a lei penal, que é igual para todos, esta negligencia continuada pode ser tamén constitutiva de delito, e tamén porque esta é a única forma de facer xustiza. Pero tamén ten que colaborar con outros organismos de carácter público naqueles supostos onde a vítima falecera ou o caso estea prescrito e non se poida reparar dentro da xustiza estas vítimas.

Polo tanto, hoxe, conselleira, traemos aquí esta pregunta ao pleno, conscientes de que esta situación de abusos non entende de fronteiras e de que están a saír tamén moitos casos no noso país. Polo tanto, cremos que é necesaria unha resposta singularizada e, por iso, queremos que o Goberno nos aclare se estaría disposto a encargar á Valedoría do Pobo, como alto comisionado do Parlamento de Galicia para a defensa no ámbito do noso territorio dos dereitos comprendidos no título I da Constitución, que elabore un informe sobre todos estes posibles casos de abusos a menores por parte de persoas vinculadas a centros educativos da Igrexa católica en Galicia, froito —claro— dun traballo previo no que colaboren tanto os colectivos das vítimas como a Igrexa católica ou os representantes das administracións públicas, co fin de contribuír ao esclarecemento desta verdade. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Castro.

Moitas grazas. Xa rematou o tempo.

Ten a palabra a conselleira de Política Social, a señora García Martínez.

A señora CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL (García Martínez): Moitas grazas, señora Castro.

Creo que os cidadáns están cansos de que se escenifique unha discrepancia, cando no fondo —e creo que neste asunto— existe un amplísimo consenso. Tal e como quedou patente onte na proposición non de lei que se votou neste mesmo Parlamento de Galicia, o abuso sexual



é un acto absolutamente repugnante e deleznable, sexa quen sexa o autor. Supoño que nisto estaremos de acordo. Cómpre investigar os casos de abuso sexual, perseguir os que o practican ou practicaron e apoiar os que os sofren ou sufriron. Supoño que nisto tamén estaremos de acordo.

A loita contra o maltrato sexual aos menores de idade é unha prioridade para Galicia e, polo tanto, é unha prioridade para a Xunta. Por iso, levamos moitísimos anos traballando para erradicalo. En primeiro lugar, nas campañas de concienciación e sensibilización: campañas como «37mil sorrisOS», «Acendámo-la luz» ou «Un de cada cinco», esta última implantada en colaboración entre dúas consellerías, a Consellería de Educación e a Consellería de Política Social, xunto ás tres universidades galegas e a asociación de profesionais Amino.Gal.

En segundo lugar, traballamos cunha abordaxe integral da materia, e, por iso, Galicia conta dende hai máis de dúas décadas cun protocolo para a detección temperá destes casos e cunha intervención urxente en todos eles.

En terceiro lugar, tamén traballamos con absoluto apoio ás vítimas de abusos. Dispoñemos dun programa especializado en intervención con persoas vítimas de abusos sexuais, que desenvolvemos da man da Fundación Meniños. Entendo que todas estas iniciativas contan co apoio e co respaldo absoluto da Cámara galega.

Partindo desa base, señora Castro, gustaríame pedirlle un último consenso. ¿Cre vostede que se debe profundar nas investigacións para que afloren todos os casos, fose cal fose o contexto no que se deron, e apoiar as persoas que padecen ou padeceron en todos os ámbitos, sen excepción? Esta foi a emenda presentada polo grupo maioritario desta Cámara no Parlamento de Galicia, e o Bloque Nacionalista Galego preferiu non votala. Gustaríanos, de verdade, señora Castro, coñecer cal é a opinión do Partido Socialista de Galicia.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Grazas, señora conselleira.

Para a réplica, ten a palabra a señora Castro Rei.

A señora CASTRO REY: Grazas, presidente.

Señora conselleira, tolerancia cero cos abusos a menores. Iso témolo claro todos. (*Aplausos.*) Pero tamén lle digo que non se pode minimizar unha realidade existente, porque iso pode convertelos en cómplices. É necesario facer xustiza non só cunha situación de abuso xeral, senón tamén con esa situación de desamparo e de incompreensión que levan anos sufrindo moitas vítimas, e a realidade é a que é.

Na actualidade, hai abertas en Galicia varias investigacións penais tras denuncias interpostas en centros escolares vinculados á Igrexa católica. E por iso é polo que dende o Partido Socialista entendemos que é necesario, dende as institucións, contribuír á determinación dos feitos e das responsabilidades, a reparar a estas vítimas e a planificar políticas públicas



orientadas á prevención destes abusos. Esta relativización que está vostede facendo —e que están a facer— resulta dificilmente comprensible se consideramos que a Igrexa católica foi a principal institución educativa no noso país ao longo da historia, xogando incluso, na actualidade, un papel moi importante no ámbito social, no eido educativo, xa que pasaron polas súas mans millóns de menores ao longo da historia, sen parangón nin comparación posible con ningunha outra institución.

Creo que nós estamos aportando solucións e cremos que non podemos mirar cara a outro lado. ¡Basta xa de silenciar unha institución como é a Igrexa católica! Creo que debemos confiar na independencia e na capacidade da Valedora do Pobo para levar a cabo esta investigación de forma rigorosa e obxectiva para chegar á verdade destes abusos e poder facer por fin xustiza a todas as persoas que levan sufrindo o silencio e a incompreensión.

E preguntolle a vostede, señora conselleira, se queren vostedes marcar un punto de partida para efectos de contribuír ao recoñecemento destas vítimas e propor medidas reais que poidan axudar a recuperar esta realidade esquecida durante décadas. E dígolle tamén que isto creo que é unha obriga moral e política de todos.

Basta xa de mirar cara a outro lado e de negar unha realidade existente. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Castro.

Para a réplica do Goberno, ten a palabra a conselleira de Política Social, a señora García Martínez.

A señora CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL (García Martínez): Grazas, señor presidente.

Lamentamos, de verdade, que o Goberno galego e o partido que sustenta este goberno non conte co apoio da oposición, porque estou convencida de que é o sentir maioritario da sociedade galega.

As palabras do presidente da Xunta de Galicia foron moi claras. Hai que investigar todos os casos, facer xustiza a todos eles e reparar os danos en todos eles. Todos os casos de abusos sexuais teñen que ser denunciados e teñen que saír á luz. ¡Todos! ¡Todos eles, sen excepcións! A dor da vítima non é maior ou menor segundo o grao que sexa a profesión do seu agresor. Por iso, todas elas nos merecen o máximo respecto, o máximo apoio e tamén merecen toda a xustiza. (*Murmurios.*)

Onte quedou clara a proposición do grupo maioritario desta Cámara sobre a cuestión que vostede me formula hoxe, e o Goberno, por suposto, que a subscribe. A PNL era acertada. Limitar as exixencias e a reparación só duns delitos e doutros non parécenos, de verdade, desacertado. Lamento que o Bloque Nacionalista Galego estea nesas coordenadas (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Silencio, señor Tabarés. Silencio. ¡Silencio! (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Non, silencio. Non está vostede no uso da palabra. ¡Silencio, por favor! (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)



A señora CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL (García Martínez): A Xunta de Galicia vai seguir traballando para que se coñezan todos os casos e tamén para dar todo o apoio que necesitan as vítimas. Imos continuar avanzando na concienciación, imos continuar avanzando na detección temperá, imos continuar avanzando na terapia e no acompañamento das vítimas e imos avanzar para que todo o peso da lei caia sobre eses agresores.

A Xunta de Galicia está coas vítimas de abuso sexual infantil, con todas as vítimas, sen importar cando, onde e en mans de quen se cometeu ese abuso, sen excepcións. Hai que investigar todos os casos. Hai que facer xustiza en todos eles e reparar tamén os danos en todos eles, sempre, sen excepcións.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Grazas, señora conselleira.

Pasamos á seguinte pregunta ao Goberno.

Pregunta de D^a María del Carmen Rodríguez Dacosta e tres deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a valoración do Goberno galego respecto da creación de emprego

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a pregunta, ten a palabra a señora Rodríguez Dacosta.

A señora RODRÍGUEZ DACOSTA: Grazas, presidente.

Bos días a todos e a todas.

Conselleira, a pregunta que hoxe lle formulamos dende o Grupo Parlamentario Socialista enfócase na situación do emprego na nosa comunidade, que —como sabe— se sitúa á cola da creación de emprego no Estado e que afecta, en maior medida, os mozos e mozas e os parados de longa duración.

O desemprego e o emprego precario son un dos principais problemas dos galegos e galegas, e non dubidamos, señora conselleira, que a vostede lle preocupa. Pero, observando a realidade que nos rodea e cos datos na man, podemos afirmar que o Goberno galego non está a realizar unha política axeitada en relación con esta materia, co emprego. Tomen nota, señora conselleira, do Goberno central. E non o di o Grupo Parlamentario Socialista, dino os datos da última Enquisa de poboación activa e maniféstanos tamén de forma pública as organizacións sindicais.

En noticias do 27 de xaneiro, os sindicatos lamentan a desfeita e a preocupante situación do mercado laboral galego despois de coñecerse a Enquisa de poboación activa publicada polo INE. UGT-Galicia, por exemplo, alerta do pouco dinamismo do mercado laboral galego, cunha taxa de actividade seis puntos por debaixo da media estatal. No mesmo senso, Comisións Obreiras falaba de desfeita do mercado laboral galego, e a CIG, de situación insostible.



A EPA do cuarto trimestre do ano 2021 pon de manifesto que, a teor dos datos, Galicia se sitúa á cola na creación de emprego en relación co resto do Estado. A comunidade pecha creando unicamente 10.400 empregos máis que no ano 2020, unha porcentaxe do 0,96 %, catro veces inferior ao dato estatal, que é de máis dun 4,35, situándose, en porcentaxe de creación, concretamente, no lugar dezasete do total das dezanove comunidades autónomas.

O paro sobe un 20 % en xoves e en maiores de 55 anos e, das 135.000 persoas en desemprego, case sesenta mil levan máis dun ano no paro.

Por iso lle pregunto que valoración fai o Goberno galego de que Galicia se sitúe á cola na creación de emprego, concretamente, no lugar dezasete do total das dezanove comunidades autónomas.

Grazas na miña primeira intervención. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Rodríguez Dacosta.

Ten a palabra a conselleira de Emprego e Igualdade, a señora Lorenzana Somoza.

A señora CONSELLERIA DE EMPREGO E IGUALDADE (Lorenzana Somoza): Grazas, presidente.

Bos días.

Señora Rodríguez, vostede está facendo unha análise da Enquisa de poboación activa absolutamente interesada e illada. É dicir, considera —parece ser— que toda a evolución que tivo o mercado laboral galego durante toda a pandemia non ten ningún valor e soamente considera os datos illados dun trimestre do ano 2021.

Se nós temos en conta como se comportou o mercado laboral galego durante toda a pandemia, vostede verá —e as cifras tamén saen da Enquisa de poboación activa— que fomos capaces de manter o emprego o dobre que en España. É dicir, mentres que en España caeu un 5,5 % a ocupación, en Galicia caeu soamente un 3 % no segundo trimestre do ano 2020; é dicir, no momento peor da pandemia. Galicia tardou só un trimestre en recuperar todos os empregos, menos catrocentos, respecto do momento da pandemia. España tardou ata o ano 2021; é dicir, cinco trimestres.

Vostede —como digo— fai unha análise absolutamente illada dese terceiro trimestre. Se compara as EPA continuamente, poderá ver que o último trimestre do ano é o trimestre onde o pico en Galicia é peor para a ocupación e o paro mentres que o primeiro trimestre é peor en España que en Galicia, co cal, se colle os datos conxuntos, poderá ver a evolución que lle estou dicindo. Aínda así, a taxa de paro do cuarto trimestre de 2021 é a menor dos últimos trece anos en Galicia. Seguimos cunha taxa de paro dous puntos por debaixo do Estado: oito anos de baixada de paro durante este trimestre, caendo máis dun cinco por cento respecto do mesmo período no ano 2020. En ocupación, acadamos a segunda cifra máis alta



de ocupados nun cuarto trimestre desde o ano 2019. En traballadores indefinidos, o maior fito de traballadores indefinidos en toda a serie histórica neste cuarto trimestre.

¿Por que se produce todo isto —porque creo que isto é o relevante— e por que o mercado galego se comportou mellor que o mercado nacional na recuperación? Dende logo, por todos os axentes, tanto os traballadores, os autónomos, como as empresas, pero penso que tamén por parte dos poderes públicos e por como se fixeron as cousas na Comunidade Autónoma.

Dende o primeiro momento, tivemos claro que tiñamos que manter o tecido empresarial. Activáronse con 600 millóns de euros de presuposto da Comunidade Autónoma os sectores para conseguir que se mantivese o emprego. E din vostedes que temos que copiar o Estado. O Estado non inxectou nin un só euro á Comunidade Autónoma no momento peor da crise. Non falou nin un só momento cos autónomos. Pregúntelles aos autónomos que pensan de todo isto. Vostedes din que temos que copiar o Estado, cando o señor Escribá non é capaz sequera de consolidar un novo réxime de cotización e cando a señora Díaz é capaz de subir o salario mínimo interprofesional nun diálogo no que non están os empresarios.

Aquí non imos copiar o Estado. Aquí imos continuar dialogando cos autónomos e coas empresas, e apoiando o tecido empresarial para apoiar os empregos.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora conselleira.

Para a réplica, ten a palabra a señora Rodríguez Dacosta.

A señora RODRÍGUEZ DACOSTA: Conselleira, se quere datos máis amplos —que non os do cuarto trimestre—, podémolos dar neste mesmo momento, porque esta problemática do emprego non é nova. Isto xa vén por todas as políticas empregadas polo presidente Feijóo.

Se miramos as horas traballadas, vemos que entre o último ano do Bipartito —o ano 2008— e o último ano do que temos datos —este mesmo 2021—, Galicia perdeu o 9,9 do seu volume de traballo, das horas realmente traballadas, e esta porcentaxe equivale a 118.000 postos de traballo a tempo completo. (*Aplausos.*) Se actuaran como actuou o Estado, teríamos, neste momento, 45.000 postos de traballo máis.

Celebramos a subida do salario mínimo. Igual as persoas que gañan máis de 1.000 euros, de 2.000 euros e de 3.000 euros non o celebran tanto, pero o Partido Socialista de Galicia está cos traballadores que están a pasalo mal con ese salario inferior a 1.000 euros. (*Aplausos.*)

Vostede ten que combater tamén a brecha de xénero, unha brecha cunha taxa na que os homes teñen 9,9 puntos, pero as mulleres un 12,2. Hoxe vostede asombrábase de que as mulleres cobraran 5.000 euros menos que os homes en Galicia, pero a que ten que pór medidas para evitar esa situación é a Comunidade Autónoma de Galicia, é o señor Feijóo e é vostede, señora conselleira.



Instamos tamén a que executen os fondos de emprego, porque o que non é de recibo é que no ano 2020 deixaran sen executar 135.000 millóns de euros, o ano anterior outros 135.000 millóns de euros e se queixen agora de que o Estado lle ten que reasignar 70 millóns. O primeiro que teñen que facer é executar os fondos que teñen asignados, desde logo.

E si, si, copie o modelo do Estado de retomar o diálogo social coas centrais sindicais, de elaborar acordos para que o mercado laboral galego poida mellorar, porque desa maneira os desempregados galegos...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, xa rematou o seu tempo.

A señora RODRÍGUEZ DACOSTA: ...eses 60.000 galegos parados de longa duración, agradeceranllo.

Nada máis. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para a réplica do Goberno, ten a palabra a conselleira de Emprego e Igualdade, a señora Lorenzana Somoza.

A señora CONSELLEIRA DE EMPREGO E IGUALDADE (Lorenzana Somoza): Grazas, presidente.

Respecto do paro rexistrado no mes de xaneiro —e tan mal que estamos facendo as cousas—, en termos anuais, baixamos un 17,23 %, é dicir, o maior descenso de paro en toda a serie rexistrada nun mes de xaneiro; a menor cifra de parados dende o ano 1996 nun mes de xaneiro.

Respecto do inicio da pandemia, comparando febreiro do ano 2020 coa data actual, reduciuse nun 7,40 % o desemprego, mentres que a baixada do Estado é dun 3,79 %. Descende o paro nas catro provincias, nas sete cidades, en todos os sectores económicos, en todos os colectivos prioritarios, e vostede dime que teño que copiar o Estado e o diálogo que está facendo o Estado.

Fala vostede de brecha salarial entre homes e mulleres. É que a brecha salarial é inferior en Galicia que na media nacional. Si, é inferior en Galicia que na media nacional: 0,5 puntos. Entón, non sei por que sae a brecha salarial aquí, porque precisamente é un dato onde Galicia está mellor.

E di que nós temos que continuar copiando o Estado no diálogo social. ¿Que diálogo social? O diálogo social está constituído por todos os axentes que interveñen no mercado sociolaboral, tamén a parte empresarial, que, por certo, é a que xera emprego e que, por certo, tamén son os autónomos, que son o 97 % do tecido produtivo en Galicia. Entón, para subir o salario mínimo interprofesional —que eu non estou en contra—, terá que ter en conta tamén os empresarios e o momento en que se leva a cabo esa subida, sobre todo cando se acaba de levar a cabo unha reforma laboral cuxos custos aínda non coñecemos porque non sabemos como se vai producir o desenvolvemento desa nova fixeza dos traballadores e dos



fixos discontinuos e os despedimentos que se poidan producir. Isto é así. Estase producindo nun determinado momento, soamente falando coa parte sindical.

De calquera xeito, vostede fálame de todos os cartos que temos nós, na Consellería de Emprego, transferidos polo Ministerio de Traballo. Pois eses cartos teñen que ser utilizados exclusivamente cuns requisitos, son para uns destinatarios e teñen uns obxectivos e unhas bases reguladoras que establece o Estado. Ese é o diálogo que ten o Estado coas comunidades autónomas, de xeito tal que eu, nos plans que estamos establecendo para os colectivos máis sensibles —cales son as mulleres, cales son os xoves, cales son as persoas con discapacidade—, non podo establecer un só programa onde adapte ese programa ou esas axudas ao territorio da comunidade autónoma. Valla de exemplo que teño que dedicarme a subvencionar contratos de xoves nas administracións públicas. Ese é o longo prazo con que mira o Ministerio de Traballo: contratar os xoves nas administracións públicas para que a súa primeira experiencia profesional, en lugar de ser no empresariado, no tecido produtivo, para continuar evolucionando na súa carreira, o sexa na Administración pública, para sacar parao nun momento determinado e sen pensar no medio prazo, porque iso non o pensa o Goberno de Sánchez.

Como lle digo, nós imos seguir traballando, e imos seguir traballando co compromiso de creación de emprego de calidade. E, dende logo, creo que os datos da EPA hai que analizalos con perspectiva e non como o está facendo e terxiversando vostede.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): **Moitas grazas, señora conselleira.**

Pasamos á seguinte pregunta ao Goberno.

Pregunta de D^a María Encarnación Amigo Díaz e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre os novos programas que puxo en marcha a Xunta de Galicia en 2021 en desenvolvemento do Plan de saúde mental de Galicia

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a pregunta ten a palabra a señora Amigo Díaz.

A señora AMIGO DÍAZ: Bos días.

Grazas, presidente.

Señor conselleiro, o día 25 de xullo de 2020 o Consello da Xunta aprobou o Plan de saúde mental de Galicia, que establece, para o período 2020-2024, 98 proxectos dirixidos á prevención da aparición de problemas de saúde mental na poboación galega, e a establecer melloras na asistencia sociosanitaria ás persoas que padecen un trastorno mental.

Este plan hai máis dun ano que foi explicado na Comisión 5^a deste Parlamento polo director xeral de Asistencia Sanitaria do Sergas, concretamente, o 17 de decembro do ano 2020. A



través desa información coñecemos que a posta en marcha desta estratexia implica que o Goberno galego vai destinar no período 2020-2024 un orzamento de 83 millóns de euros. Ese orzamento vai para incrementar o número de profesionais e dispositivos asistenciais do Servizo Galego de Saúde para a atención sanitaria; os trastornos mentais, con especial énfase nos destinados á atención da infancia e dos nosos maiores; a desenvolver programas destinados á recuperación das persoas con trastorno mental severo; a fomentar a investigación nestas patoloxías; e tamén prevé este plan a contratación de 240 novos profesionais ao longo de toda a vixencia, máis concretamente, para o ano 2020-2021, estaba prevista a contratación de 120 novos profesionais. Coñecemos que se ralentizou o proceso no 2020 por mor da pandemia, pero a Xunta comprometeuse a recuperar este nivel.

Señor conselleiro, logo do seu compromiso ante este Parlamento no Pleno do 23 de marzo do 2021, aprobouse por unanimidade unha moción na que se instaba a Xunta a desenvolver un plan de contratación de persoal sanitario en saúde mental de profesionais en Psiquiatría, en Psicología Clínica, traballadores sociais, enfermeiros, enfermeiras, especialistas en saúde mental, técnicos auxiliares e terapeutas ocupacionais para equiparar o volume de profesionais de saúde mental do Sergas á media estatal en todas as categorías de maneira efectiva ao inicio do 2024. O proxecto de orzamentos xerais que se presentou á Xunta ante este orzamento continúa coa programación prevista, incorporando 43 novas prazas en materia de saúde mental para o exercicio do 2022.

Onte, señor conselleiro, o Grupo Socialista pedía neste Pleno un informe de cumprimento do Plan de saúde mental. Nós preferimos ir directamente á fonte limpa. Xa escoitamos o presidente da Xunta en Ourense explicar que estaban contratados 100 novos profesionais, e hoxe nós queremos que vostede nos detalle os programas que se desenvolveron ao longo do ano 2021.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Grazas, señora Amigo.

Ten a palabra o conselleiro de Sanidade, o señor García Comesaña.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): Boa tarde, presidente.

Señorías.

Señora Amigo, efectivamente, este goberno non ten problema ningún, por suposto, en informar neste Parlamento do cumprimento dos mandatos que aquí se aproban, sobre todo cando estes mandatos non facían senón reflectir o que foi un compromiso expresado polo propio Goberno na Cámara e recollido no plan aprobado xa a mediados do ano 2020, como vostede ben dicía. Pero por se alguén neste Parlamento ten algún tido de dúbida sobre o seguimento que vai facer deste plan, quero anunciarlles que nos acordos de xestión que o Sergas fai firmar neste mes de marzo coas sete áreas sanitarias, vanse recoller indicadores e obxectivos específicos de cumprimento do Plan de saúde mental. Polo tanto, este plan vai estar no documento máis importante de control da xestión do sistema sanitario público galego. Este é o mellor exemplo de prioridade que ten este plan para o Goberno galego. *(Aplausos.)*



Como xa se dixo, hai 100 profesionais incorporados. E, en canto aos programas que se puxeron en marcha, creo que moitos deles xa foron anunciados, segundo ían entrando en funcionamento, como foi o caso, por exemplo, dos 3 hospitais de día infantoxuvenís en Vigo, Santiago e en Ourense; ou da creación de 5 novas unidades ambulatorias, 3 en adultos, en Ordes, Oleiros e Tui, e 2 infantoxuvenís na Coruña e en Vigo, ou da nova unidade de psiquiatría que se instalou en Ourense.

Quero destacar algún máis, que quizais son menos visibles pero que tamén quero poñer en valor. Por unha banda, ampliamos o persoal de hospitalización a domicilio en saúde mental en tres áreas: Santiago, Pontevedra e Ourense. Isto implica unha maior cobertura territorial e horaria. Hai reforzos en todas as áreas nos programas sociosanitarios, neste caso de saúde mental, que dan un servizo ás residencias de maiores. Este mesmo venres visitaremos un destes equipos xunto coa Consellería de Política Social.

Temos psicólogos clínicos de enlace en atención primaria, un novo programa que ten como obxectivo mellorar a coordinación entre a primaria e a saúde mental, permitindo unha abordaxe precoz dos trastornos mentais prevalentes neste ámbito de atención primaria. E tamén temos en todas as áreas sanitarias psicólogos de enlace de atención hospitalaria, que no ano pasado fixeron un traballo excepcional, co desenvolvemento do Plan de apoio psicosocial aos profesionais, cun programa chamado Cóidate para coidar, que deu acompañamento e apoio psicolóxico a decenas de profesionais do Servizo Galego de Saúde.

E, por último, poñemos unha atención especial á prevención do suicidio. No 2021 pasamos dunha única unidade — neste caso, a de Ourense, que foi pioneira— a ter seis. En 2022 culminaremos a extensión deste modelo ás sete áreas con atención multidisciplinar e vías rápidas. E, ademais, a vindeira semana actualizaremos tamén o Protocolo para a prevención do suicidio no eido educativo.

De momento, máis nada.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Grazas, señor conselleiro.

Para a réplica, ten a palabra a señora Encarna Amigo.

A señora AMIGO DÍAZ: Grazas, presidente.

Señor conselleiro, moitas grazas pola súa resposta tan clara e precisa sobre a evolución do plan e sobre estes novos proxectos, que veñen poñer enriba da mesa que a Xunta traballa, que se ocupa e que se preocupa polo problema de todos os galegos.

Queda claro que hai unha vontade explícita da Consellería de facer un seguimento minucioso da evolución deste plan, como o demostra esa iniciativa de introducir obxectivos específicos sobre el nos acordos de xestión coas áreas.



Outra crítica habitual da oposición é que non aparecen eses 83 millóns de orzamento con que se anunciou o plan. A oposición sempre apunta a que só aparecen partidas no capítulo IV, no capítulo VI, coa denominación de Plan de saúde mental, pero, evidentemente, eses 100 novos profesionais cobran cada mes o seu salario e, polo tanto, é evidente que tamén ten que haber orzamentos no capítulo de persoal, e que, ademais, ese capítulo de persoal vai medrando ano a ano.

Señor conselleiro, nesta segunda quenda que nos queda, eu quería saber se nos podería dar algún detalle máis sobre o impacto orzamentario que está a supoñer este plan tan ambicioso da posta en marcha do Plan de saúde mental de Galicia.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Amigo.

(O señor conselleiro de Sanidade, García Comesaña, pronuncia palabras que non se perciben.)

Espre un segundo, porque se está reiniciando o sistema e o tempo segue contabilizando á señora Amigo. *(Murmurios.)* Estarían encantados de que contestase en 20 segundos, pero ímoslle dar os 3. A ver se... Xa está.

Cando queira, conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): Grazas, presidente.

Dicía, señora Amigo, que, efectivamente, hai un incremento orzamentario no eido de persoal que, obviamente, non está especificado nunha partida, pero si na dotación de prazas nes anexos de persoal —que, por certo, a oposición presume tanto de ter moi estudados—.

As 163 prazas creadas en 2020, 2021 e 2022 supoñen un investimento de 7,7 millóns de euros máis en persoal de saúde mental do que tiñamos no ano 2019; un investimento que non só se considerará, senón que imos incrementar ano a ano ata chegar ao importe final no 2024 de 11 millóns de euros. Pero o incremento orzamentario non está só no persoal propio, tamén está na colaboración de entidades do tecido asociativo sociosanitario, tanto coa licitación de contratos de novas prazas como coas convocatorias de axudas a estas entidades. Cada ano imos aumentando progresivamente as prazas en centros de rehabilitación, pisos protexidos ou centros residenciais. En 2022 destinamos 8,1 millóns de euros, máis dun 30 % superior á contía que tiñamos no 2020; e o noso obxectivo é chegar no 2024 a un orzamento neste eido un 55 % maior que o do ano 2020, superando os 9,5 millóns de euros anuais. Isto supón que acadaremos 320 prazas máis, logrando superar as 1.500.

No que respecta ás axudas para o financiamento de programas de entidades sociais relacionadas con pacientes con trastornos mentais, este plan supuxo que en 2020 se convocase a primeira orde de axudas específicas neste eido, que contou con 420.000 euros de inicio, e logo ampliouse ata os 500.000. En 2021 esta convocatoria superou os 800.000 euros e incorporou por primeira vez unha liña diferenciada para programas de prevención do suicidio. Es-



tamos xa en condicións de dicir que a convocatoria de 2022 sairá neste mes de marzo — adiantándose respecto do ano pasado— e que volverá superar os 800.000 euros, co cal, agardamos poder, como o ano pasado, superar os 40 programas subvencionados con estas axudas.

E, por último, quero destacar tamén o orzamento en materia de infraestruturas. Como sabe, nestes orzamentos para o ano 2022, incluimos 500.000 euros para poder iniciar as actuacións de remodelación do Hospital Psiquiátrico de Conxo na liña que fomos definindo xunto co Defensor do Pobo. Pero tamén quero destacar que dentro da partida de actuacións no Hospital Álvaro Cunqueiro hai unha parte moi importante que vai destinada a habilitar a nova unidade de hospitalización psiquiátrica infantoxuvenil de agudos, que será a segunda de Galicia referente para toda a zona sur. Acabamos de recibir o proxecto básico por parte do estudo arquitectónico adxudicatario e, unha vez supervisado e efectuado o proxecto de execución, podemos licitar unha obra que vai supoñer un importe de máis dun millón de euros para duplicar a capacidade de Galicia neste eido.

En definitiva, temos un plan sólido, que conta co respaldo orzamentario firme e que apoia todos e cada un dos pasos que estamos a dar para desenvolvelo.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, conselleiro.

Pasamos á seguinte pregunta.

Pregunta de D^a María Leticia Gallego Sanromán e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a opinión do Goberno galego respecto das medidas necesarias para mellorar a capacidade asistencial do Centro de Saúde e do PAC do concello da Guarda

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a pregunta ten a palabra a señora Gallego Sanromán.

A señora GALLEGO SANROMÁN: Grazas, presidente.

Bo día a todos e a todas.

Bo día, conselleiro.

O Centro de Saúde da Guarda é un claro exemplo do mal que está a atención primaria en Galicia. Señor conselleiro, xa falamos deste tema en diversas ocasións neste Parlamento, e hoxe volvemos traelo porque todo segue igual. ¡Todo segue igual! Porque se seguen sen cubrir as baixas, as vacacións e as xubilacións; e isto deriva nunha saturación total deste centro de saúde, e a súa consellería non dá solución a esta situación.

O Centro de Saúde da Guarda —como vostede ben sabe— tería que ter 8 médicos, e hai 4 —dos 8 médicos—. Hai 2 pediatras, e esas 2 pediatras, á parte de atender a súa axenda, teñen que atender os nenos e as nenas... *(Murmurios.)*



O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Silencio.

A señora GALLEGO SANROMÁN: ...de Oia e do Rosal porque a súa pediatra leva un ano de baixa. A maiores, o punto de atención continuada —os chamados PAC— segue atendido por un único equipo e un médico de reforzo entre as 18.00 horas do sábado e as 18.00 horas do domingo. E, como vostede ben sabe, prometéuselle un segundo equipo que apoiaría, á parte das consultas, das gardas do PAC, as consultas do centro de saúde. Pero foi unha promesa incumprida porque no día de hoxe non hai nada disto.

Vostede tamén sabe que hai días que non hai ningún médico para este PAC da Guarda. Pero é que o problema, a maiores, é que á parte da xente da Guarda, vai a xente do Rosal e de Oia. Isto está supondo que os veciños e as veciñas de todas estas zonas non poidan máis e non fagan máis que reivindicar unha atención sanitaria como merecen, unha atención sanitaria de calidade e para todos, porque non a teñen. Non a teñen, señor conselleiro.

E, ademais, eu quero dicir aquí publicamente que os médicos e as médicas están exhaustos, non poden máis, pero, a maiores, tampouco pode máis o resto do persoal deste centro de saúde. Porque, cando os pacientes se enfadan, son eles os que teñen que atendelos, e, claro, chega un momento en que non poden máis, e vostede sábeo perfectamente.

Entón, dígolle...,

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Gallego. Xa rematou o seu tempo.

A señora GALLEGO SANROMÁN: ...pregúntolle outra vez: ¿que medidas se van tomar... (A señora Gallego Sanromán pronuncia palabras que non se perciben.)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas. Xa rematou o tempo. (Aplausos.)

Ten a palabra o conselleiro de Sanidade, o señor García Comesaña.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): Boa tarde, presidente.

Señorías.

Señora Gallego, non é a primeira vez que falamos neste pleno sobre os centros de saúde do Baixo Miño e, en concreto, sobre o Centro de Saúde da Garda. Polo tanto, non vou entrar na descrición do servizo, que é de todos coñecida.

A comarca do Baixo Miño é un dos espazos paradigma da problemática que sofre a atención primaria, xa que, por moitos esforzos que se realizan dende a Xerencia, neste caso, da Área Sanitaria de Vigo para cubrir estas prazas, as dificultades son enormes.

Como vostede ben sabe, deses 4 médicos dos que vostede me fala, hai unha vacante, unha reserva de praza, e 2 IT de longa duración.



Por iso, dende a Consellería de Sanidade cremos firmemente nas medidas que estamos abordando para facerlle fronte ao déficit de persoal, que é o problema base, aínda que vostede non o queira recoñecer.

Pola contra, hai outro goberno que, no marco das súas competencias, por un lado, obviou as demandas de Galicia para poder incorporar este ano máis médicos en formación, neste caso; e, por outra banda, tampouco ten visos de abordar de inmediato a modificación da ordenación da formación sanitaria, tan imprescindible.

Por iso nós si tomamos medidas. No ámbito do persoal, coa nova categoría de facultativo especialista de atención primaria que creamos este ano, e para a que imos aprobar de inmediato a primeira oferta pública de emprego.

Incorporamos xa os primeiros técnicos de saúde, que comezaron a traballar o luns, sumándose aos que xa tiñamos na atención primaria, neste caso centralizados na sede do 061 e atendendo cuestións vinculadas coa covid; realizando tarefas médicas, pero de carácter máis burocrático.

E no ámbito da reforma, acabamos de presentar os primeiros catorce plans de saúde local, modelo que queremos estender a toda Galicia e que impulsa unha visión familiar e comunitaria dende o eido asistencial, para confirmalo como a columna vertebral de verdade do sistema sanitario público galego, facendo a atención primaria máis eficiente, máis proactiva, de cara aos retos asistenciais presentes e futuros.

Incorporamos tamén o CRM 100 para a atención das chamadas telefónicas e para poder responder o 100 % desas chamadas no día. Mantemos e incorporamos 139 persoas do persoal administrativo de servizos xerais para dar, precisamente, cobertura a esta demanda telefónica.

E onte mesmo visitaba un dos centros onde se pilotou o Sistema de xestión integrada da demanda en equipo, coñecido como XIDE, que arroxa uns interesantes resultados sobre a reorganización da demanda e tamén sobre a atención máis axustada ás necesidades dos pacientes.

Aínda que desde a Xunta tomamos medidas tamén no ámbito do persoal —medidas ás que, por certo, vostedes se opuxeron—, queremos, ademais, poder sacarlles o mellor partido aos recursos cos que contamos. E por iso apostamos por estas medidas innovadoras, que están sendo moi ben recibidas polos profesionais e polos pacientes.

Os problemas da Guarda son de sobra coñecidos. Desde a área, como lles dicía, realízanse todos os esforzos posibles para atender con calidade a atención de todos os pacientes, tanto no centro de saúde como no PAC. Pero mentres non se dispón doutras opcións, polo momento os cupos das vacantes e das IT prolongadas aténdense a través das prolongacións e das intersubstitucións.

Nós seguiremos traballando, incorporando novas medidas e aplicando as xa anunciadas para poder abordar as necesidades deste concello.



Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor conselleiro.

Para a réplica, ten a palabra a señora Gallego Sanromán.

A señora GALLEGO SANROMÁN: Grazas, presidente.

Señor conselleiro, para vostede todos os casos son paradigmáticos. Dá igual que falemos do Baixo Miño, da Mariña, de Vilagarcía... Dá igual, son todos paradigmáticos. *(Aplausos.)*

Mire, eu penso que poden facer máis esforzos, de verdade. Poden facer máis esforzos. ¡Arranxen os problemas do Centro de Saúde e do PAC da Guarda dunha vez por todas! As veciñas e os veciños non poden máis, pero os profesionais tampouco poden máis. *(Aplausos.)* Levamos dende o 2020 reclamándolle máis persoal para o Centro de Saúde e o PAC da Guarda, ¡dende o 2020! Estamos en 2022. ¿De verdade que non pode facer nada? Ben, non pode facer nada porque, claro, non sei que pasou aí coas 151 prazas MIR para médicos de familia que vostedes renunciaron a formar. ¿Onde están? ¿Onde están eses 151 MIR? ¿Onde están?

E despois tamén, entre todos os médicos que marchan a Portugal, porque as condicións laborais son moito mellores, pois, claro, quedamos sen médicos. ¡Claro, claro...! Eu coñezo uns cantos, jeh!, que están en Portugal, non sei por que. Pois será polas condicións laborais.

Mire, eu creo que a Xunta de Galicia ten unha política de dismantelar a sanidade pública, ¡é así! E así o estamos vendo un día tras outro. Non lles importa absolutamente nada a sanidade pública para Galicia, non apostan por ela. E Galicia necesita unha sanidade pública potente, de calidade e universal para todo o mundo, para todos os veciños e para todas as veciñas; para os da Guarda tamén. Os da Guarda tamén necesitan unha atención sanitaria.

E, por certo, unha reivindicación que xa vai ser un clásico: ambulancia medicalizada para A Guarda... Ben, para o Baixo Miño. Repetireino unha e outra vez, señor conselleiro... *(A señora Gallego Sanromán pronuncia palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Gallego. Xa rematou o seu tempo.

Moitas grazas.

(Aplausos.)

Para a réplica do Goberno ten a palabra o señor García Comesaña.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): Mire, como dicíamos, na Guarda hai 8 prazas de médico dotadas. Non se suprimiu ningunha das prazas. Seguen as 8 prazas dotadas, e delas agora mesmo hai... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non, non;



non están suprimidas, as prazas están... ¿Coñece o que é unha praza? Entendo que si. As prazas mantéñense as 8, non está suspendida ningunha... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Ningunha praza está suspendida. (*O señor Torrado Quintela pronuncia palabras que non se perciben.*) Eu digo que as 8 prazas se manteñen, que non está ningunha amortizada, están as 8. (*O señor Torrado Quintela pronuncia palabras que non se perciben.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Señor Torrado, silencio.

¡Silencio, señor Torrado!

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): Presidente, por favor, se pode seguir...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Continúe, conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): Insisto, as 8 prazas de médicos do Centro de Saúde da Guarda mantéñense, están todas dotadas. Non hai ningún recorte de prazas, entendendo o que é unha praza. Como digo, só contamos con 4 cubertas, porque, como dicía hai un momentíño, temos 4 prazas que non podemos cubrir.

Temos que agradecer o esforzo sobre todo a estes profesionais, a estes 4 que están traballando, porque, ademais, atenden os seus cupos cunha demora inferior a catro días, e 2 deles incluso cunha demora inferior a dous días.

O problema témolo coas outras 4 prazas que seguen estando aí e, como lles dicía, a área realiza todos os esforzos posibles para cubrilas. Neste caso, ese traballo materialízase, vai materializarse ese esforzo a partir do vindeiro mes, no que está previsto que se incorpore un novo profesional, acadando así unha cobertura do 63 %.

Repito, é moi difícil conseguir que a xente vaia traballar á Guarda, e o esforzo que fai a área, neste caso, está dando froitos, e consegue un médico máis.

Gustaríame tamén adiantar que, grazas á creación da nova especialidade, A Guarda estará incluída nesa convocatoria de prazas destinadas a abordar con urxencia a carencia de profesionais. Como saben, é unha convocatoria que se centra nas prazas de difícil cobertura, ofertando un contrato, unha praza en propiedade polo concurso de méritos e obrigándoo a estar alí dous anos nesa praza.

No relativo ao PAC, existe un reforzo na fin de semana dende o ano 2018 que permite atender con normalidade a demanda xerada e segundo os estándares que se empregan para medir a actividade destes centros. Os traballadores do Centro de Saúde e do PAC da Guarda coñecen perfectamente cal é a prioridade número un de cobertura da parte médica, sobre todo, e que con este reforzo da fin de semana —que, repito, se puxo no ano 2018— están nuns estándares clásicos de calquera servizo de PAC. Insisto en que o primeiro é sempre que se cubra, que creo que non é o normal nin excepcional que o PAC quede sen cubrir.



Polo tanto, dentro dun mes, como dicía, con moito esforzo, contratarase ese profesional máis e, ademais, este concello será un dos obxectivos da nova convocatoria destas prazas.

Pero é que, ademais, dende a Consellería, ademais de abordar a atención dos veciños, tamén queremos que teñan as infraestruturas necesarias. Por iso A Guarda incluíuse no Plan de infraestruturas de atención primaria para abordar a integración do centro da saúde e da Casa do Mar; actuación que está previsto que duplique as superficies actuais, dotando o municipio de máis e mellores servizos e incorporando tamén o PAC.

Sen embargo, aínda agardamos a resposta do alcalde. Polo que, se queren colaborar para avanzar nas medidas de atención primaria, insístanlle ao alcalde que responda á demanda feita pola Consellería nese sentido.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor conselleiro.

Pasamos á seguinte pregunta.

Pregunta de D^a María Monserrat Prado Cores e dous deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as denuncias presentadas por varias mulleres por abuso sexual por parte dun médico cando acudiron á súa consulta

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a pregunta ten a palabra a señora Prado Cores.

A señora PRADO CORES: Moi bo día, señor conselleiro.

Hoxe temos que preguntarlle por unha cuestión que no BNG consideramos realmente grave, e é a denuncia de varais mulleres do Centro de Saúde de Padrón a un médico por abuso sexual e ultraxe.

Os seus testemuños poñen os pelos de punta, causan escalofríos. Son relatos moi semellantes, sen que ningunha destas mulleres se coñecese ou o tivese posto en común. Vou facerlle o relato dalgunhas.

Unha, a primeira, di que acudiu á consulta por diarrea. O médico dille que se tombe na camilla e que baixe a roupa interior. Sen previo aviso, pálpalle o pube, pálpalle os peitos e, sen darlle tempo a subir a roupa, dille que dea saltos pola consulta. Presenta queixa no Sergas e, transcorridos case ano e medio tras declarar dúas veces diante da inspección, nada sabe do que fixo a Consellería, e tivo que acudir ao xulgado.

Outra manifesta que acode á consulta por diarrea e fungos vaxinais. Tómbase na camiña e, sen previo aviso, o médico báixalle os pantalóns e a roupa interior coas súas propias mans, mándalle flexionar os xeonllos e faille tocamientos primeiro nos xenitais, sen luvas, e logo anais.



Outra di que, tras vivir situacións similares, informou telefonicamente a Inspección de sanidade e nada máis soubo.

A situación saltou á opinión pública cando Ana denuncia en agosto pasado, nas redes sociais, que acode á consulta por gastroenterite e, para examinarlle a barriga, o médico levantoulle por completo a camiseta e baixoulle a roupa interior. Ana denuncia abuso de poder, que se sentiu exposta, incómoda, vulnerable...

Tras facerse pública a situación, outras mulleres atrevéronse a falar do tema e aseguran que se viron violentadas polo mesmo médico, e outras moitas non son capaces de facelo público porque se senten elas avergoñadas, cando son as vítimas, e non se atreven a que os seus familiares saiban o acontecido.

Dende logo, no BNG, señor conselleiro, consideramos gravísimo que estas mulleres trasladasen ao Sergas a situación nos anos 2019, 2020 e 2021 e que a Consellería non actuase para protexelas; mulleres que tiveron que arrouparse entre elas diante do desleixo e inacción do Sergas e que tiveron que acudir ao xulgado buscando o amparo que a Xunta non lles prestou.

Consideramos que é inaceptábel a pasividade, o encubrimento e a ocultación por parte da Consellería, porque estamos falando de abuso de poder, de violencia de xénero, nunha situación de tanta vulnerabilidade como cando unha persoa, unha muller, precisa atención sanitaria. Son moitas as explicacións, dende logo, conselleiro, que cremos que deben darse por parte da consellería que vostede dirixe: ¿por que non actuou?, ¿por que deixou estas mulleres desprotexidas?, ¿abriuse algún expediente?, ¿cando se abriu?, ¿cal é a situación deste profesional?, ¿e por que non informou á xunta de persoal desta situación?

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Grazas, señora Prado.

A señora PRADO CORES: Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Grazas.

Ten a palabra o conselleiro de Sanidade, o señor García Comesaña.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): Boa tarde, presidente.

Señorías.

Señora Prado, teña por seguro que todo o Goberno galego non vai facer outra cousa máis que condenar calquera forma de abuso sexual, neste caso contra as mulleres, pero tamén contra calquera outra persoa que o padecese en calquera ámbito.

Non podemos estar de acordo con algunhas das súas afirmacións. Fala vostede de falta de amparo por parte do Sergas e de demoras, pasividade ou ocultación. Nesta resposta intencarei trasladarlle o traballo realizado polo Servizo de Inspección da Secretaría Xeral da Consellería e que ultimamente está sendo protagonista do debate parlamentario.



Igual hoxe poderíamos recuperar algún caso que nomearon no pleno pasado, aínda que agora xa non lles convén, xa que teñen memoria e crítica selectiva. Non lles convén ao contar cunha sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia favorable, neste caso, a unha actuación do Sergas. Eu, ao contrario ca vostedes, non vou facer uso partidista deste tipo de cuestións. (*Aplausos.*)

Debemos centrarnos nos feitos que orixinaron esta pregunta e, neste caso, gustaríame destacar que, dende que a primeira paciente puxo en coñecemento desta consellería os feitos, en ningún momento se deixou de traballar.

No mes de setembro do 2020 comunicouse a denuncia do acontecido e, nese mesmo mes — setembro do 2020 —, mantívose a primeira entrevista coa paciente dende a área sanitaria. A comezos de outubro do 2020 iniciáronse as actuacións para recabar información e en novembro do 2020 iniciouse a información previa reservada. Paralelamente, no mes de decembro de 2020, iniciado este proceso, súmase a comunicación por parte dunha paciente de feitos acontecidos no 2018 —repito, en decembro de 2020—. Solicítase toda a información precisa e iníciase a fase de instrucións do expediente disciplinario. De novo, hai que solicitar máis información, como a lista de pacientes, os protocolos covid ou a lista de citas presenciais e tamén volve revisarse xa, como se fixera con anterioridade, se en anos previos constaba algunha reclamación de actuación do médico por parte dalgunha outra paciente, cuestión resolta ao non atoparse ningún rexistro previo relacionado con este facultativo.

Tamén compareceu, neste caso, o profesional denunciado, e de novo a paciente que inicialmente puxo en coñecemento os feitos. En agosto de 2021 preséntase unha nova reclamación e recíbese en agosto a documentación sobre outra reclamación realizada por feitos ocorridos en 2019. Incorporouse un novo incidente con outra paciente relativo ao ano 2020, que o trasladou no mes de agosto do 2021.

É importante destacar que, cada vez que se incorpora unha denuncia ao expediente, é preciso ter a información precisa para proseguir co expediente.

En novembro de 2021, e tras a incorporación de novas denuncias, a instrutora formula o correspondente prego de cargos e dáselle turno de alegacións ao expedientado. Como ve, señora Prado, nin houbo falta de amparo en ningún momento nin se demorou, pero os procesos, para ser garantistas para todas as partes, requiren duns tempos de actuacións, e así se fixo por parte dos profesionais de Inspección, aos que reitero o meu agradecemento neste pleno polo traballo que desenvolven.

Máis nada. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Grazas, señor conselleiro.

Para a réplica ten a palabra a señora Prado Cores.

A señora PRADO CORES: Señor conselleiro, teño que recoñecerlle que non agardaba esta resposta de vostede.



¿Realmente, tendo coñecemento dos feitos no ano 2020, cre que se pode deixar que durante máis dun ano seguira actuando deste xeito con outras mulleres? (*Aplausos.*) ¿Considera que iso non é falta de amparo? Non agardaba semellante resposta. Porque as vítimas manifestan que se sentiron abandonadas pola Consellería, que tiveron que ir ao xulgado para que vostedes actuaran e que unha tivo que poñer nas redes o que estaba acontecendo para que saltara o tema. ¡E vostede di que non hai falta de amparo! (*Aplausos.*)

Señor conselleiro, non hai absolutamente ningunha xustificación de que non actuaran, de que non actuaran de inmediato, de que non puxeran os feitos en coñecemento da Fiscalía e de que non apartaren inmediatamente este profesional da actuación profesional para que non puidera seguir facéndolle isto a ningunha outra muller. E un ano e pico despois vostedes permitiron que seguira na súa consulta.

As mulleres galegas, señor conselleiro, agardan hoxe aquí de vostede —en particular, as de Padrón— que diga que vai actuar, para que algo tan desprezable como isto non quede impune, que vai exixir responsabilidades, que vai tomar medidas para que non volva acontecer e que vai a Consellería poñerse do lado das mulleres e ir con elas ao xulgado apoiándoas; apoiándoas, porque son as vítimas. (*Aplausos.*)

Eu o que lle pido, señor conselleiro, é que por unha vez sexa capaz de recoñecer que non actuou ben e que a Consellería deixou abandonadas estas mulleres. Tomen medidas, actúen con transparencia e expliquen realmente que aconteceu. Poña en marcha e aprobe un protocolo que permita unha actuación inmediata diante de feitos como este no primeiro momento que unha muller denuncia situacións como esta para non ter que agardar a un expediente disciplinario que non sabemos se aconteceu ou en que fase está porque nin sequera llo comunicaron á Xunta de Persoal, e para que esas mulleres non teñan que estar peregrinando...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

A señora PRADO CORES: ...polo Sergas e polo xulgado para que alguén as atenda.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Prado. Xa rematou o seu tempo.

Moitas grazas.

Para a réplica do Goberno ten a palabra o conselleiro de Sanidade, o señor García Comesaña.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): Señora Prado, de novo lle reitero o dito: non hai demoras, xa que tal e como ocorre nestes casos, sempre, cando un expediente é requirido polo xulgado, tal e como ocorreu neste caso, no que dúas denunciante acudiron á vía penal, automaticamente se suspende a súa tramitación, xa que a existencia dun procedemento penal pode supoñer unha influencia na resolución do expediente. Polo tanto, suspéndese, como dicía, ata o pronunciamento na vía penal.



Insisto no traballo realizado en todo momento porque se atenderon as reclamacións en tempo, todas, tamén as que facían referencia a feitos acontecidos hai anos, como non podería ser doutro xeito. Neste caso primaba, por suposto, a atención ás usuarias.

Sempre lles traslado que todos os expedientes de Inspección requiren dun procedemento que permite estimar os feitos, probados, neste caso, sendo froito, ademais, dunha análise rigorosa. Unha vez máis, defendo a independencia, obxectividade e imparcialidade coas que traballan os profesionais do Servizo de Inspección, aos que vostedes continúan permanentemente cuestionando. *(Protestas.)*

Quero recoñecerlles todo o esforzo que realizan, xa que non unicamente atenden expedientes disciplinarios —34 o ano pasado, o que pasa que os outros 33 a vostedes non lles deben interesar demasiado—, senón que tamén tramitan responsabilidades patrimoniais, autorizacións de centros e control de baixas laborais, entre outras cuestións. Non hai dilación...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): ¡Silencio!

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): ...nin paralización, nin arquivo; en todo caso, hai unha análise e un traballo pendente agora de resolución xudicial.

Unha vez ditada a resolución xudicial, levantarase a suspensión e adoptarase a correspondente resolución administrativa, froito do prego de cargos xa emitido a finais do pasado ano 2021.

Quero rematar, polo tanto, condenando de novo todos os abusos cometidos contra as mulleres e dicindo que este goberno sempre os denunciará poñendo, ademais, todos os medios á disposición das vítimas.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, conselleiro.

Pregunta de D^a Noa Presas Bergantiños, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para evitar a saturación das urxencias hospitalarias de Ourense

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a pregunta, ten a palabra a señora Presas Bergantiños.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Grazas, señor presidente.

¡Que cómodo culpabilizar subliminalmente as vítimas de non ter denunciado antes! Pensei que o Partido Popular xa superara esa posición tan cómoda, pero vexo que non. *(Aplausos.) (Murmurios.)*

Indo a outra cuestión, que tamén é... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*



O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): ¡Silencio!

¡Silencio, señora Prado e señor Pazos! ¡Silencio!

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Non lles alporiza tanto que a Xunta de Galiza tardara un ano en actuar...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): ¡Señor Pazos, silencio!

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Iso non os alporiza tanto. ¡Claro! ¡Amigo!... *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): ¡Silencio!

¡Señora Prado, silencio!

(A señora Prado del Río pronuncia palabras que non se perciben.)

¡Silencio!

(A señora Prado del Río pronuncia palabras que non se perciben.)

Señora Prado, chámooa á orde.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: De non ter vergonza saben bastante tamén no Partido Popular. Xa o vimos esta semana.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): ¡Silencio!

Señor Pazos, tamén...

Señora Prado, xa a chamei á orde. ¡Silencio!

¡Silencio! ¡Silencio, señora Prado! *(A señora Prado del Río pronuncia palabras que non se perciben.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Señora Prado, chámooa á orde por segunda vez.

Estamos na última pregunta, na última, non sei se se deron conta.

Señora Presas, pode continuar.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Ben, para a unanimidade política e para a loita contra a violencia machista tamén hai que asumir os erros, e para a loita a prol dunha sanidade pública tamén hai que asumir os erros, e diso vai a nosa pregunta de hoxe, señor Comesaña.

Sabe vostede que preguntamos pola saturación recorrente do Servizo de Urgencias do Complexo Hospitalario de Ourense, e hoxe traemos esta pregunta para solicitar dúas cousas de



vostede: en primeiro lugar, a escoita activa dos/das profesionais; e, en segundo lugar, compromisos claros, con prazos e con números, porque, como seguro que sabe, desde mediados de xaneiro, levan todas as semanas concentrándose nas portas das urxencias, demandando unha corrección da situación. Unha situación que tamén foi límite no mes de setembro e que recentemente, a partir do mes de decembro, coa sexta vaga da covid-19, se volveu intensificar.

O certo é que, afortunadamente, a pandemia foi mellorando, pero denuncian que non mellora a saturación das urxencias porque responde a diferentes motivos: en primeiro lugar, á falta de persoal. O reforzo non é suficiente para atender a sobrecarga. A demora de citas de atención especializada non axuda, a saturación da atención primaria tampouco axuda e as características da poboación máis avellentada fan que a recorrencia ás urxencias aumente.

En segundo lugar, podemos falar da mala organización dun espazo que, xa cando se reformou, naceu pequeno. A reforma no seu día xa quedaba pequena e coas exixencias da covid, pois, evidentemente, limítase máis o espazo. A dispersión dos doentes, por exemplo, fai que os tempos de desprazamento sexan maiores. E todo isto fai que así os profesionais denunciaren saturación, denunciaren a insuficiencia dos reforzos, altas esperas para a xente e que recentemente, día tras día, haxa ducias de doentes nos pasillos.

Eu onte falei cunha serie de traballadores e traballadoras e comunicábanme que na noite do luns —pero dicíanme: podes dicirlle que isto pasa todos os días, que poden vir calquera día da semana— ás 12 da noite había 13 doentes en pasillos, en padiolas, esperando un lugar.

Entendemos que isto é inaceptable. Sabemos que xa houbo unha reunión a semana pasada, unha reunión que chega tarde. En todo caso, instámolo a que apreme os tempos...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Grazas, señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ...tendo en conta que...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas. Xa rematou o seu tempo.

(A señora Presas Bergantiños pronuncia palabras que non se perciben)

Señora Presas, mire para aquí, (O señor presidente, Calvo Pouso, dálle a volta á pantalla na que se contabiliza o tempo para que a señora Presas Bergantiños a vexa.) porque non o ve. Mire para aquí porque non o ve. Xa lle dei 40 segundos máis. Así que grazas, xa rematou o seu tempo.

(A señora Presas Bergantiños pronuncia palabras que non se perciben.)

Moita grazas, señora Presas. Xa rematou o seu tempo. *(Aplausos.)*

Ten a palabra o conselleiro de Sanidade, o señor García Comesaña.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): Moitas grazas, presidente.



Señora Presas, a semana pasada traían vostedes o debate do suposto colapso das Urgencias do CHUS, que, cos datos, comprobamos que tan só se trataba da pretendida chamada «continua alarma» que dende o Bloque Nacionalista Galego realizan sobre a sanidade galega.

Miren, eu defendo o traballo que se fai en todas as áreas sanitarias, e igual que en Santiago os datos reflicten unha realidade ben diferente á que vostedes describen, e así, ademais, trasladóuselle á Comisión de Centro nas xuntanzas que se manteñen de xeito periódico coa Xerencia de Ourense. Parece que non nos reunimos cos profesionais, que soamente se reúnen vostedes.

En primeiro lugar, sobre as demandas que realiza a Comisión de Centro, no relativo a persoal, dende o inicio da pandemia mantense un reforzo covid de enfermeiras e de auxiliares en todas as quendas, nas tres quendas diarias. Tamén existe un reforzo de enfermería de mañá e de tarde na fin de semana e outro reforzo de equipo de enfermería e auxiliar todas as tardes de luns a venres. Este último apoio faise dende finais do 2019, cando se puxo en marcha un incremento dun efectivo médico nas tardes. Con todo, este reforzo, oito enfermeiras e oito auxiliares, supón un incremento do 19 % no cadro de persoal de enfermería e dun 17 % no das auxiliares, mantido dende o inicio da pandemia. Ademais, este persoal incrementábase cando se abren salas para a espera de pacientes — mire, señora Presas, coñezo moi ben as Urgencias de Ourense e non hai pasillos, o que hai é salas que se abren á demanda; que llo expliquen ben —, dispoñendo, como dicía, estas salas adicionais que se abren dun reforzo de auxiliar en cada unha delas, e, de ser necesario, ponse outro equipo de enfermería e auxiliares. Isto supón outra porcentaxe moi importante sobre o cadro de persoal: unha media de catro auxiliares e dunha ou dúas enfermeiras máis ao día, sempre que se precise.

Durante os últimos meses, contouse nalgún momento con ata 13 presenza máis de auxiliares en urxencias e ata 10 enfermeiras máis. Se isto a vostede non lle parece reforzo, non sei que lle parece.

En canto aos celadores, reforzouse o servizo cun celador en quenda de tarde e con outro en quenda de noite, así como en quenda de mañá, e nos momentos puntuais nas quendas de tarde e de noite reforzouse con un ou dous celadores máis, segundo a necesidade puntual en cada momento.

Polo tanto, como ven, hai reforzos continuos e puntuais que permiten abordar toda a demanda. De feito, gustaríame destacar a capacidade que ten o centro para absorber e abordar os ingresos, coa posibilidade de incrementar ata un 15 % a súa capacidade basal unicamente coa demora que supón o diagnóstico previo. Aínda que a verdade é que se pode producir sobredemanda, que se resolve coa dotación de máis recursos, tal e como lle acabo de trasladar.

Polo tanto, señora Presas, aténdese a demanda convenientemente, e tamén se atenden as demandas dos profesionais, cos que continuarán as xuntanzas, como non pode ser doutro xeito, para continuar abordando as súas peticións.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*



O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor conselleiro.

Espere un segundiño porque non funciona o reloxo. Agora se poñerá.

Se está, dámoslle a palabra á señora Presas.

Para a réplica, ten a palabra a señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Ben, a ver se desta vez me deixa falar o Grupo Parlamentario Popular e podo dedicar o meu tempo.

Mire, señor conselleiro, basicamente da súa resposta inferimos que está todo absolutamente estupendo e digamos que os profesionais levan concentrándose todos os martes na porta das urxencias porque está todo estupendo e porque non teñen outra cousa que facer que poñerse na porta do hospital.

Supoño tamén que as traballadoras da limpeza, que anunciaron —a expensas do que aconteza hoxe na reunión que teñan polo convenio— que van ir á folga porque se están incumprindo os acordos, é por vicio tamén; supoño que o da sociedade de Valdeorras onte, retomando mobilizacións pola situación da sanidade, é por vicio; e que os traballadores da seguridade privada dos hospitais de Verín e Valdeorras, que piden que lles paguen polo seu traballo porque as empresas incumpren os prazos, tamén é por vicio. *(Aplausos.)* Supoño que ese é tamén basicamente o modelo do Partido Popular.

Mire, señor Comesaña, sabe coma min que o reforzo está sendo insuficiente, que o persoal está esgotado e que por iso o que piden é sentar e traballar nas melloras necesarias. Sabemos que hai cuestións como o espazo, que é limitado, que non son fáciles de resolver, pero, evidentemente, se hai doentes en pasillos e se habilitan salas, iso require de máis persoal. Se desprazamentos que antes facía o persoal de ambulancia ou desprazamentos que antes se facían a outras partes dun hospital que está a remendos levan máis tempo, pois iso require máis persoal para facer eses desprazamentos. Iso é o que están dicindo os traballadores e traballadoras, a quen vostede parece que non quere escoitar.

E, mire, eu xa sei que ao Partido Popular só lle gustan as pancartas que sacan eles, pero resumen bastante ben a situación. E o que din os profesionais —e non queren ver desde hai máis de tres semanas— é isto *(A señora Presas Bergantiños amosa unhas fotografías.)*: «A nosa vocación non significa explotación», «A solución, contratación», «Pola dignidade e integridade dos pacientes en urxencias». Ourense non merece unhas urxencias de hospital de campaña. Todo o mundo ...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Presas. Moitas grazas. Xa rematou o seu tempo.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ...pode entender que ás veces hai excepcións, pero iso non pode ser a norma.

(Aplausos.)



O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

Espere, señor conselleiro, que poñan o tempo.

Ten a palabra o conselleiro, o señor García Comesaña.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): Miren, o que está claro é que vos-
tede retorcen a realidade de tal maneira que acaban por mentir ou por meter no batedor a
empresa de seguridade, as da limpeza... Todo vale, todo vale.

Ben, estes datos demostran que a situación é ben diferente. Mire vostede, a carga asistencial
no Servizo de Urgencias descendeu de xeito considerable en 2021. O número de atencións de
urgencias descendeu 20.457 en comparación co ano 2019; isto é, 47 actuacións diarias menos,
un 30 %.

Polo tanto, a media de atencións diarias é de 185 doentes por día en 2021 e de 240 doentes
por día no ano 2019 —imos falar con propiedade respecto da atención que reciben as ur-
xencias de Ourense—. E tamén subiu o número de atencións que pasaron por triaxe en cla-
sificación de color verde. Como vostede debe saber, ou debera saber, significa que hai
patoloxía máis leve e que, polo tanto, non require ingreso nin ocupación de salas adicionais.
E, por último, a frecuentación de urgencias no hospital pasou de 437 a 358.

E vostedes menten, sen dúbida, cando culpan, ademais, do colapso das urgencias —que
non existe— a atención primaria. Empregan este argumento sen interesarse en absoluto
sobre a realidade, en concreto, desta área sanitaria. Vostedes empregan a atención pri-
maria como arma e argumento global. Tanto lles dá que falemos da Guarda, de Mariña-
mansa ou de Cortegada. Pois miren, non, en Ourense, non hai un problema en xeral coa
atención primaria e, de feito, cos datos da semana pasada, vemos que o 99 % dos cupos
da provincia tiñan unha demora de menos de catro días —o 99 % menos de catro días, e,
se falamos de menos de dous días, o 86 % dos cupos de atención primaria de Ourense
teñen unha demora de menos de dous días. ¿Onde está o colapso, señora Presas, de aten-
ción primaria en Ourense? ¿Cre vostede... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¿En
Valle Inclán? Si, si...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): ¡Señor Tabarés! ¡Señor Tabarés, silencio! ¡Silencio! Non
é para que conteste. Non me faga a graza. ¡Non me faga a graza! ¡Silencio!

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): ¿Cre vostede que poden respon-
sabilizar a situación da atención primaria de Ourense no suposto colapso das urgencias do
CHUO? ¿Todo vale, señora Presas? Está claro que non. Basta xa de empregar sempre os mes-
mos argumentos.

Nós seguiremos atendendo as demandas dos profesionais, por suposto, nas reunións da Co-
misión de Centro en calquera momento que precise falar, neste caso, coa Xerencia de Ou-
rense, traballando para garantir a mellor atención aos pacientes, tanto en primaria como en
hospitalaria.



En Ourense temos un compromiso co futuro da sanidade desta provincia, por iso investiremos 110 millóns de euros para ampliar o hospital, dotándoo de máis e mellores espazos e tamén incrementando un 47 % a súa superficie.

Quería dar o dato do número de persoas que traballan nas urxencias de Ourense. En Ourense, traballan 105 profesionais a diario: 19 médicos, 34 enfermeiras, 30 TCAE e 22 celadores; un persoal ao que hai que engadir 44 médicos de presenza física ou localizada e 24 residentes. En total, traballan 173 persoas no Servizo de Urxencias en Ourense cada día.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora conselleiro.


O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

Non habendo máis puntos na orde do día, rematamos a sesión.

Remata a sesión ás sete e vinte minutos do serán.





PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

